

AVALIACIÓN EX ANTE
PO FEDER GALICIA 2007-2013

ÍNDICE

1. ANÁLISE DO PUNTO DE PARTIDA: BALANCE DO PERÍODO DE PROGRAMACIÓN 2000-2006 E CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE LISBOA	7
1.1. BALANCE DO PERÍODO DE PROGRAMACIÓN 2000-2006.....	7
1.2. ANÁLISE DO GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE LISBOA	17
2. VALORACIÓN DA CALIDADE DO DIAGNÓSTICO E PERTINENCIA DA ESTRATEXIA	21
2.1. VALORACIÓN DO DIAGNÓSTICO ECONÓMICO, SOCIAL E AMBIENTAL	21
2.2. AVALIACIÓN DA ESTRATEXIA: ANÁLISE DE PERTINENCIA	30
3. ANÁLISE DA COHERENCIA INTERNA.....	41
3.1. AVALIACIÓN DA SOLIDEZ INTERNA DO MECEGA: SINERXÍA ENTRE OBXECTIVOS.....	41
3.2. ANÁLISE DA CONSISTENCIA ENTRE OS OBXECTIVOS INTERMEDIOS DO MECEGA E OS EIXES DO MENR.....	44
4. ANÁLISE DA COHERENCIA EXTERNA.....	48
4.1. A COHERENCIA EXTERNA NA NOVA POLÍTICA DE COHESIÓN	48
4.2. GRAO DE COHERENCIA COAS PRIORIDADES TRANSVERSAIS DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE	55
5. VALORACIÓN DA COHERENCIA FINANCEIRA E OS RISCOS DE EXECUCIÓN	63
5.1. COHERENCIA FINANCEIRA COS OBXECTIVOS INTERMEDIOS.....	65
5.2. COHERENCIA FINANCEIRA COA AXENDA DE LISBOA	66
5.3. RISCOS DE EXECUCIÓN	68
6. AVALIACIÓN DO SISTEMA DE SEGUIMENTO E DOS RESULTADOS E IMPACTOS AGARDADOS	70
6.1. VALORACIÓN DO SISTEMA DE INDICADORES.....	70
6.2. VALOR ENGADIDO COMUNITARIO DO PROGRAMA OPERATIVO	73
6.3. VALORACIÓN DOS IMPACTOS AGARDADOS	77
7. CALIDADE DA EXECUCIÓN E MEDIDAS DE SEGUIMENTO	78

ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1: Principais conclusións da Actualización da Avaliación Intermedia do POI de Galicia 2000-2006.....	8
Táboa 2: Principais recomendacións da Actualización da Avaliación Intermedia do POI de Galicia 2000-2006.....	9
Táboa 3: Necesidades detectadas pendentes de satisfacer.....	11
Táboa 4: Atención dos obxectivos intermedios do MECEGA ás necesidades pendentes de satisfacer	12
Táboa 5: Medidas do Programa operativo con maiores desviacións (FEDER).....	14
Táboa 6: Eficacia financeira das medidas de FEDER do POI Galicia a 31/12/2005 sobre total programado	15
Táboa 7: Obxectivos da Estratexia de Lisboa coa situación de España e Galicia en 2005 vs. 2010 e obxectivos Galicia 2013.....	17
Táboa 8: Obxectivo global e obxectivos finais do MECEGA 2007-2013.	30
Táboa 9: Obxectivos intermedios do MECEGA 2007-2013.	31
Táboa 10: Árbore de obxectivos do MECEGA 2007-2013.....	34
Táboa 11: Pertinencia entre os obxectivos intermedios do PO e as debilidades rexionais.....	36
Táboa 12: Pertinencia entre os obxectivos intermedios do MECEGA e as fortalezas rexionais..	37
Táboa 13: Obxectivos con maior influencia e sensibilidade con respecto á estratexia	42
Táboa 14: Eixes prioritarios do FEDER e do FSE para o próximo período 2007-2013 segundo MEF e MTAS.	44
Táboa 15: Relación entre obxectivos do MECEGA e eixes do FEDER e FSE.....	46
<i>Táboa 16: Relación entre DEC, obxectivos do MECEGA e Eixes do FEDER e FSE.</i>	<i>49</i>
Táboa 17: Relación de eixes recollidos no PNR de España de converxencia e emprego de outubro 2005.....	51
Táboa 18: Relación entre obxectivos intermedios do MECEGA, Directrices estratéxicas comunitarias, PNR e Eixes FEDER e FSE.....	52
Táboa 19: Obxectivos intermedios relacionados co medio natural.....	60
<i>Táboa 20: Eixes prioritarios e categorías de gasto do Programa operativo do FEDER de Galicia.</i>	<i>64</i>
Táboa 21: Coherencia financeira da estratexia Xunta de Galicia-AXE (FEDER).....	65
Táboa 22: Contribución do PO FEDER Galicia á Estratexia de Lisboa, por Administración.....	67

Táboa 23: Contribución do PO FEDER GA á Estratexia de Lisboa e MECEGA, por admón e t. prioritario..... 75

INTRODUCCIÓN

Galicia, como rexión obxectivo Convergencia, optou pola elaboración dun Marco estratéxico de referencia (Marco Estratéxico de Convergencia Económica de Galicia-MECEGA) no que se fixan os obxectivos que se deben acadar para 2013 e no queda plasmada a súa estratexia cara ao novo período de financiamento.

A través do MECEGA, Galicia dótese dun marco global de acción que serve de base para a elaboración dos Programas operativos e no que quedan reflectidas as principais prioridades e actuacións da rexión para o período 2007-2013, segundo os obxectivos de desenvolvemento establecidos.

Do mesmo xeito, as prioridades e actuacións previstas no MECEGA, ademais de responder de forma clara ás necesidades e potencialidades existentes no territorio, deben asegurar a coherencia da intervención dos fondos coas diferentes políticas europeas e nacionais, as Directrices estratéxicas comunitarias en materia de cohesión, o Marco nacional de referencia e o Programa nacional de reformas.

A posta en marcha dunha estratexia coherente, tanto coas necesidades internas da rexión como coas políticas comunitarias, serve para optimizar a asignación de recursos orzamentarios no marco dos programas operativos e para incrementar a calidade da programación.

Neste sentido, e de conformidade co Regulamento 1083/2006 do Consello polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, Galicia puxo en marcha un proceso de avaliación previa da estratexia establecida no MECEGA, co fin de asegurar a coherencia entre as prioridades de Galicia e as da Unión Europea para o próximo período de programación.

O propósito básico da avaliación previa é o de asegurar a coherencia entre a planificación estratéxica e os obxectivos que se deben acadar, co fin de optimizar o uso dos recursos procedentes da Unión Europea e avanzar no proceso de converxencia, ao tempo que se reforzará a cohesión social e económica entre o conxunto das rexións europeas.

Tal e como se establece no art. 48.2 mediante esta avaliación, determinaranse e estimaranse as disparidades, as diferenzas e o potencial de desenvolvemento, os obxectivos que se deben acadar, os resultados agardados, os obxectivos cuantitativos, a coherencia, de ser o caso, da estratexia proposta para a rexión, o valor engadido comunitario, a medida na que foron tidas en conta as prioridades da Comunidade, as leccións extraídas de anteriores programacións e a calidade dos procedementos de execución, seguimento, avaliación e xestión financeira.

Mediante a avaliación previa, establecéronse conclusións e recomendacións sobre os criterios de relevancia, efectividade e utilidade necesarios para garantir o éxito da estratexia. Prestóuselle unha especial atención a verificar a coherencia entre a análise do contexto e as debilidades e prioridades detectadas (criterio de relevancia), a avaliar as posibilidades reais de acadar os obxectivos establecidos na estratexia (criterio de efectividade) e a valorar en que medida as actuacións recollidas na estratexia responden ás necesidades sociais, económicas e ambientais

detectadas para a rexión e ata que punto son capaces de poñer en marcha un proceso sostido de desenvolvemento rexional (criterio de utilidade e sostibilidade).

Ademais desta análise de tipo interno, procedeuse a establecer o grao de coherencia entre a estratexia recollida no MECEGA e as demais políticas rexionais, estatais e comunitarias, co fin de asegurar que a coexistencia destes programas produza unha serie de sinerxías positivas para o conxunto dos actores implicados nos diferentes niveis. Déuselle unha particular importancia ao impacto que a posta en marcha do MECEGA producirá sobre os obxectivos de Lisboa e tamén sobre o conxunto do valor engadido comunitario.

De acordo coas Orientacións para a avaliación previa remitidas polo Ministerio de Economía e Facenda, baseadas nas recomendacións da Comisión Europea, a avaliación previa consta dos elementos seguintes:

- Un balance do período de programación 2000-2006.
- O grao de cumprimento dos obxectivos de Lisboa.
- Valoración da calidade do diagnóstico e pertinencia da análise DAFO.
- Análise da coherencia interna entre os obxectivos e os eixes.
- Análise da coherencia entre a estratexia e o contorno da política de cohesión (relación coas Directrices estratéxicas comunitarias para o crecemento e o emprego, o Programa nacional de reformas e o MENR).
- O grao de inclusión e de coherencia coas prioridades transversais: igualdade de oportunidades e medio natural.
- Valoración da coherencia financeira.
- Avaliación do sistema de seguimento e dos resultados e impactos agardados.
- Valoración da calidade da execución e medidas de seguimento.

1. ANÁLISE DO PUNTO DE PARTIDA: BALANCE DO PERÍODO DE PROGRAMACIÓN 2000-2006 E CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE LISBOA

A primeira etapa da avaliación está encamiñada a coñecer os obxectivos acadados en materia de cohesión económica e social nos últimos anos, para definir con exactitude a situación de partida e as necesidades pendentes de resolver en Galicia.

A este respecto, procedeuse a efectuar unha dobre análise: primeiro, realizouse un balance dos resultados sociais e económicos alcanzados a través da implementación do Programa operativo integrado (en diante POI) 2000-2006 e, en segundo lugar, analizouse o grao de cumprimento de Galicia cos Obxectivos de Lisboa.

1.1. BALANCE DO PERÍODO DE PROGRAMACIÓN 2000-2006

Mediante este exercicio, preténdese determinar as necesidades rexionais pendentes de satisfacer, e valorar deste xeito se poden ou deben ser atendidas no próximo período (2007-2013) e aprender das recomendacións e conclusións ofrecidas na Avaliación Intermedia do POI Galicia (en diante AI) e a súa Actualización (en diante AAI) sobre o grao de eficacia e de eficiencia acadado na realización das políticas financiadas conxuntamente con fondos estruturais.

No que atinxe ao balance do período de programación 2000-2006, o equipo avaliador tivo en conta os resultados dispoñibles expostos nas avaliacións deste período, mentres que para a valoración da execución física e financeira optouse por utilizar a información recollida no informe de execución anual de 2005 presentado no Comité de Seguimento do ano 2006.

a) Revisión das conclusións e recomendacións ofrecidas na Avaliación Intermedia

Durante a realización da AI formuláronse unha serie de recomendacións que posteriormente foron actualizadas durante a AAI. Entre as conclusións principais e recomendacións realizadas na AI e na AAI destacan, pola súa pertinencia e a súa vixencia, as seguintes:

- As recomendacións clasificáronse entre aquelas dirixidas a mellorar a absorción financeira, a mellorar a xestión operativa e a novos enfoques de planificación e programación.
- A aplicación das recomendacións formuladas durante a AI concentrouse na mellora dos procesos de programación e planificación estratéxica. Ademais, dirixíronse nunha maior medida a ampliar as marxes de utilidade da programación, e na súa

capacidade de xerar efectos positivos, e en contribuír á identificación de ámbitos prioritarios de actuación.

- Estas recomendacións foron xulgadas como útiles pola meirande parte dos xestores e aplicadas de forma xeneralizada en todos os ámbitos de interese. Estas recomendacións melloraron o desempeño xeral do POI e optimizaron, en liñas xerais, o traballo desempeñado polos seus órganos xestores, confirmando o seu papel clave en próximos compromisos.

A continuación, detállanse as principais conclusións e recomendacións realizadas na AAI para a fase final de aplicación do POI 2000-2006.

Táboa 1: Principais conclusións da Actualización da Avaliación Intermedia do POI de Galicia 2000-2006

C.1	A aplicación das recomendacións efectuadas na Avaliación Intermedia foi xeneralizada e foron xulgadas útiles pola meirande parte dos xestores. Estas recomendacións responden aos principais problemas que afectan á programación, polo que teñen un elevado grao de pertinencia.
C.2	O grao de eficacia financeira elevouse ata o 82% para o período 2000-2004. A Administración que mantén un maior grao de eficacia financeira é a Xunta de Galicia, cun 86%, a Administración xeral do estado aumentou sensiblemente a súa eficacia (79%) e os órganos executores de carácter privado empezaron a certificar pagamentos no seu ámbito. O comportamento por Fondos é bastante homoxéneo e dentro dos eixes destacan o 2 e o 4.
C.3	O grao de cumprimento dos obxectivos financeiros parece asegurado.
C.4	Os resultados físicos do POI considéranse axeitados a partir do avance rexistrado pola meirande parte dos indicadores de seguimento.
C.5	As expectativas do grao de cumprimento dos obxectivos físicos ao final do período son elevadas.
C.6	A eficiencia do POI de Galicia é aceptable. En liñas xerais, a execución financeira está a ter un reflexo paralelo no terreo físico, o que revela, a priori, indicios de eficiencia na meirande parte das medidas.
C.7	O POI de Galicia contribuíu á mellora da competitividade do conxunto produtivo de Galicia, principalmente nos eixes 1, 5 e 7. O resultado plásmase sobre o tecido produtivo (16.674 empresas apoiadas), en termos macroeconómicos e sobre o conxunto empresarial galego que amosa unha clara converxencia cos valores medios nacionais.
C.8	A mellora da accesibilidade territorial materialízase de xeito prioritario no eixe 6, onde se levaron a cabo investimentos por valor de 1.389.734.057 € no período 2000-2004, no conxunto de infraestruturas de transporte. Ao mesmo tempo, a proxección do desenvolvemento no conxunto do territorio galego mobilizou ata o de agora 492.033.048 € para fomentar a diversificación produtiva das zonas rurais no mesmo período.
C.9	En materia de desenvolvemento rural, hai que destacar a intervención e impactos dos fondos FEDER e FSE que malia non ter como obxectivo central o desenvolvemento rural, contribúen a este obxectivo mediante o financiamento de accións que inciden directa ou indirectamente sobre este.
C.10	Os logros alcanzados en materia de empregabilidade e mellora da cualificación da man de obra foron elevados. O volume de axudas que directa ou indirectamente incidiron no mercado de traballo e a formación é de 2.866.899.895 € (medidas relacionadas coa EEE), mentres que o número de beneficiarios das accións de formación en Galicia neste último período (2000-2004) achégase ao millón e medio de persoas.
C.11	Na esfera do medio natural, durante o período 2000-2004 coa execución das actuacións do POI acadáronse logros e avances na integración ambiental de moi diversa natureza. Entre eles cómpre destacar o aumento da biodiversidade; o incremento da dispoñibilidade de recursos hídricos; melloras en saneamento, depuración e reciclaxe de augas residuais; mellora do medio agrario; aumento da calidade do medio urbano; tratamentos silvícolas; axudas á implantación de sistemas de calidade e mellora medioambiental en PEME.
C.12	No que atinxe ao principio horizontal de Igualdade de Oportunidades, o POI adopta unha perspectiva dobre para afrontar a materia por unha banda adopta unha serie de medidas especialmente dirixidas a paliar a brecha existente entre as posibilidades reais de ambos os xéneros e, por outra banda, sostén a Igualdade de Oportunidades como un principio horizontal que inspira todo o Programa e que debe ser favorecido onde sexa posible.

Fonte: AAI

Táboa 2: Principais recomendacións da Actualización da Avaliación Intermedia do POI de Galicia 2000-2006

R.1	Observar aquelas recomendacións da AI que, malia a súa pertinencia, tiveron un moderado grao de aplicación ata o de agora. Precísase non relaxar o esforzo para a promoción das enerxías renovables, a eficiencia na xestión dos recursos hídricos (reutilización e tratamento dos recursos hídricos) ou a introdución dun maior grao de competencia entre os distintos medios de transporte mediante o impulso da intermodalidade e a complementariedade.
R.2	Incrementar na medida do posible os mecanismos que propicien un incremento da eficacia financeira das institucións non públicas implicadas no POI ou, no seu defecto, transvasar estes compromisos cara a aqueles organismos da Administración cunha maior capacidade de absorción. Especial atención ás medidas 9.3, 9.2, 7.5, 3.2 e 9.1.
R.3	A transferencia de recursos adicionais aos órganos rexionais competentes no eixe 2, dado o elevado nivel de eficacia financeira das súas medidas, que denota o éxito da xestión dos Fondos neste aspecto. Tamén é susceptible de aplicación unha reprogramación que asigne unha maior cantidade de recursos a este eixe. Nun sentido análogo poden ser observados o eixe 4 e a medida 5.7 e 6.6.
R.4	A eficacia dos indicadores físicos e a probabilidade do cumprimento dos obxectivos establecidos están afectadas pola cuantificación destes. Neste sentido aínda é preciso realizar axustes naqueles que presentan desviacións moi elevadas entre execución e programación.
R.5	Para mellorar a análise da eficiencia do programa, unha solución sería delimitar unha serie de "indicadores clave de eficiencia" en diferentes medidas, nos que centrar este tipo de análise de cara á avaliación final do Programa.
R.6	É necesario incrementar o apoio ao tecido empresarial, especialmente no ámbito da I+D, onde persiste o diferencial negativo con España, condicionando potenciais incrementos de competitividade grazas a este aspecto.
R.7	Mellorar a capilaridade da rede de transporte terrestre e a súa conectividade á rede principal transeuropea, así como impulsar o limitado desenvolvemento dos centros de intercambio intermodal de transporte.
R.8	En materia de mercado de traballo, é necesario reforzar o carácter preventivo na formación ocupacional para evitar chegar a situacións de desemprego de longa duración, así como reforzar as actuacións de orientación e asesoramento como complemento da formación. Tamén debe mellorarse a vinculación entre o emprego e a formación, con programas baseados na situación real do mercado de traballo.
R.9	A profundación no diagnóstico socioeconómico de Galicia dende a perspectiva de xénero, para sentar as bases da programación futura nesta materia. Neste sentido, é prioritaria a mellora, tanto a escala rexional coma nacional, das distintas series estatísticas, mediante a introdución dunha desagregación das principais variables por sexos.

Fonte: AAI

A través dunha análise do contexto macroeconómico internacional no que se desenvolve Galicia, a AAI identificou os principais retos pendentes para a rexión, e que terían que ser considerados á hora de programar as próximas intervencións dos fondos europeos na rexión:

- A **internacionalización/globalización da economía**, a maior apertura de determinados sectores que provoca novas formas de competencia, os cambios na demanda de traballo, as ameazas de exclusión social por parte de determinados colectivos e o desenvolvemento da Sociedade da Información constitúen elementos de risco para a política económica de Galicia.
- Os factores de atracción e as vantaxes competitivas que impulsaron o desenvolvemento económico do pasado decenio non serven agora como pancas de crecemento. É necesario **impulsar novos factores de crecemento** que pasan por mellorar a súa posición competitiva identificando factores que o impulsen.
- A **deslocalización industrial** asociada á globalización xorde como unha das principais ameazas que ten que combater a política de desenvolvemento rexional de Galicia: a alta cualificación, as infraestruturas de proximidade, o alto investimento en I+D+i e o apoio e

iniciativa pública deben ser factores de atracción que fagan da economía galega un lugar para vivir e traballar.

De xeito máis específico, durante a actualización de indicadores de contexto realizada na AAI, detectáronse unha serie de retos pendentes para Galicia aos que debería facerlles fronte no futuro. A modo de resumo, expóñense neste exercicio de actualización de contexto, algúns elementos considerados:

- **Infraestruturas:** superouse o elevado déficit con respecto a España, salvo a materia pendente de conectividade dun gran volume de poboación con redes transeuropeas. A demografía e orografía galega inciden en niveis reducidos de capilaridade e o POI non deu os resultados agardados. O esforzo non debe facerse tanto en grandes infraestruturas senón na súa intermodalidade e intermobidade.
- **Estrutura sectorial:** Galicia é menos terciarizada que España, o que xunto á elevada taxa de envellecemento, pode ser a principal causa da situación de certo estancamento do mercado laboral galego dende 2001.
- **Estrutura económica:** Galicia non acadou todos os parámetros de cambio agardados. O reducido peso do sector servizos lonxe de implicar en si mesmo unha debilidade constitúe un indicio de que o cambio inevitable non se completou. O potencial de crecemento reside nunha economía turística con grandes factores competitivos e unha perspectiva de crecemento moi notable, con determinados subsectores industriais con elevada capacidade innovadora.
- **I+D:** Galicia experimentou neste ámbito a evolución máis positiva de todos os ámbitos estudados. Nos últimos 10 anos o nivel de converxencia con España mellorou substancialmente, pero amosa unha manifesta debilidade en canto á participación empresarial no eido da investigación básica e aplicada.
- **Igualdade de oportunidades:** a situación da muller en determinados aspectos da vida social e laboral reflicte diferenzas moi importantes de equiparación plena. As barreiras máis importantes obsérvanse na presenza da muller no mercado laboral.
- **Obstáculos máis relevantes:** os retos fundamentais de Galicia de cara ao futuro resúmense en tres: socioculturais (dispersión xeográfica, minifundismo empresarial), económicos (dificultade de atracción de IED, débil sector servizos) e produtivos (I+D e escaseza de factores produtivos).
- **Fortalezas e factores de competitividade de Galicia:** dotación de recursos naturais, frota pesqueira, industria do automóbil, man de obra cualificada e sectores de tecnoloxía avanzada (agroalimentario, téxtil, xoias e telecomunicacións).

A táboa 3 resume as principais necesidades ás que Galicia aínda terá que facerlles fronte durante o período 2007-2013.

Táboa 3: Necesidades detectadas pendentes de satisfacer

N. 1	Impulsar novos factores de crecemento que aumenten a competitividade de Galicia.
N. 2	Mellorar a conectividade das poboacións galegas coas redes transeuropeas de transporte.
N. 3	Creación de nós intermodais que mellore a usabilidade das infraestruturas e provoque complementariedade e competencia entre os distintos medios de transporte.
N. 4	Promover a xestión ambiental, a utilización das enerxías renovables e a reutilización das augas.
N. 5	Reactivación do mercado laboral a través dun incremento e a mellora dos niveis de formación.
N. 6	Incremento da participación empresarial no eido da investigación básica e aplicada.
N. 7	Aumentar e mellorar a participación da muller no mercado laboral.
N. 8	Reducir a atomización empresarial.
N. 9	Incrementar os niveis de investimento rexional, estatal e estranxeiro.
N.10	Mellorar a compatibilidade entre Fondos 2000 e SSU dos indicadores físicos das actuacións.

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da AAI

Por último, e co fin de detectar se estas necesidades tivéronse en conta á hora de deseñar a estratexia para Galicia para os próximos sete anos, procédese a analizar o grao de atención que os obxectivos intermedios do MECEGA, e as súas actuacións, terán sobre as necesidades detectadas como consecuencia das avaliacións do período anterior.

Táboa 4: Atención dos obxectivos intermedios do MECEGA ás necesidades pendentes de satisfacer

Obxectivos Intermedios	NECESIDADES PENDENTES DE SATISFACER									
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
1. Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade e interoperabilidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade viaria.		X	X						X	
2. Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno.	X			X						
3. Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible.				X						
4. Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables).				X						
5. Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT) e impulsar iniciativas de cooperación empresarial.	X					X			X	
6. Fomentar a innovación empresarial e impulsar a cooperación entre os diferentes axentes do sistema cunha orientación cara á produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.	X				X	X		X	X	
7. Estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas loxísticas garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas.					X	X				
8. Apoiar o investimento empresarial cara a unha mellora na proxección internacional e no acceso ao financiamento.					X			X		
9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.					X		X			
10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.					X	X	X			
11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo coas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.	X				X	X				
12. Reforzar a capacidade de xestión da Administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.										X
13. Reforzar o investimento na promoción do benestar sanitario e da seguridade no traballo.										
14. Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais.		X	X				X			
15. Complementar as políticas sectoriais especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible de zonas de alto potencial de crecemento		X								
16. Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios.				X					X	

Fonte: Elaboración propia

Pódese polo tanto apreciar como as necesidades sen satisfacer detectadas nas AI e AAI encontran un lugar específico de atención no marco dos 16 obxectivos estratéxicos establecidos no MECEGA (táboa 4).

Así mesmo, a pertinencia dos obxectivos intermedios do MECEGA coas problemáticas aínda persistentes na rexión queda demostrada polo feito de que cada necesidade será atendida por, polo menos, un destes obxectivos para o próximo período.

Cómpre destacar os obxectivos intermedios vinculados coa mellora da competitividade do tecido empresarial da rexión (OI 5 e 6), aqueles obxectivos ligados co mercado do traballo e a formación (OI 9-10 e 11) e aqueles vinculados coa conectividade e as infraestruturas de transporte (OI 1 e 14) que como se pode ver na táboa 4 incidirán sobre máis dunha necesidade, e polo tanto proporcionanlles unha resposta múltiple aos problemas arriba indicados.

b) Actualización e valoración sintética da execución financeira e física no período de programación 2000-2006.

O presente apartado constitúe unha breve actualización da execución física e financeira do POI, que abrangue o período que vai do 1/01/2000 ao 31/12/2005. A información exposta foi obtida dos informes de execución anual e os propios sistemas de seguimento do órgano intermedio. Na data de elaboración deste apartado, os datos correspondentes ao exercicio 2006 non se encontraban dispoñibles.

Execución financeira

O grao de eficacia financeira¹ a **31 de decembro de 2005** sobre o total do programado para todo o período 2000-2006 acada un **70,53%**. Nesta data certificáranse 3.765.179.703,02 euros dos 4.548.784.341 programados para 2000-2006. Esta porcentaxe elévase ao 82,77% se se compara o executado nos 6 primeiros anos co programado no período 2000-2005 (táboa 6).

Co obxecto de revisar a execución do Programa, fronte ao horizonte que marcou o 31 de decembro de 2005 como data de liberación automática de compromisos para as anualidades 2000-2003, cómpre sinalar que coa execución dispoñible na base de datos Fondos 2000:

- Téñense cubertos integramente os compromisos asociados ás anualidades 2000-2003. O nivel de axuda total solicitada, incluído o anticipo do 7%, chega ao 125,76% sobre a axuda total programada para o período 2000-2003.
- Os compromisos correspondentes ás anualidades 2000-2003 encóntranse cubertos polos respectivos Fondos do seguinte modo: FEDER nun 126,10%, FEOGA-O nun 120,65% e FSE nun 132,35%. Estas porcentaxes inclúen os anticipos do 7%.

En consecuencia, **cumpriuse o requisito comunitario do 100% de pagos certificados ao 31 de decembro de 2005 relativos aos compromisos das anualidades 2000-2003.**

No que atinxe aos compromisos contraídos para a anualidade 2004, cunha utilización que se verificará para os efectos da regra n+2 a máis tardar no 31 de decembro de 2006, cos datos dispoñibles na data do peche do presente informe.

- Téñense cubertos integramente os compromisos asociados ás anualidades 2000-2004. O nivel de execución total do Programa, incluído o anticipo do 7%, chega ao 109,07% da axuda total programada para o período 2000-2004.
- Os compromisos correspondentes ás anualidades 2000-2004 encóntranse cubertos por FEDER nun 110,62%, FEOGA-O nun 100,30 e FSE nun 115,24%. Estas porcentaxes inclúen os anticipos do 7%.

¹ A *eficacia clásica* ou empregada comunmente nas avaliacións como indicador do grao de absorción financeira resulta de relacionar os *pagamentos realizados* (para os que existen nove anos de prazo) cos *compromisos programados* (deseñados para sete anos). Trátase do coeficiente básico que se emprega tradicionalmente para valorar a eficacia do Programa.

Polo tanto, os datos dispoñibles a esta data permiten concluír que, en opinión do avaliador, vaise cumprir o requisito do 100% de pagamentos certificados para as anualidades 2000-2004.

Os eixes que teñen maior grao de execución financeira, a **31 de decembro de 2005** sobre o total do programado para o período 2000-2006, tal como ilustra a táboa 6, son o eixe 41 “Infraestrutura educativa e reforzo da educación técnico-profesional, cun 87%, e o eixe 2 “Sociedade do coñecemento (innovación, I+D, sociedade da información)”, cun 82,6%. Cómpre sinalar que no segundo destes eixes o FEDER só intervén a través da medida 41.1.

Pola contra, os eixes que presentan un menor índice de eficacia financeira son o eixe 9 “Asistencia técnica”, cun 10,29 % e o eixe 1 “Mellora da competitividade e desenvolvemento do tecido produtivo” cun 56,55%. No que se refire á asistencia técnica, o grao de execución é baixo respecto da programación 2005. Non obstante, incrementouse o nivel de execución respecto das anualidades anteriores e na data de elaboración do informe de execución anual 2005, adquiríranse obrigacións para a contratación dunha asistencia técnica para a realización das verificacións contempladas no art. 4 –Regulamento 438/2001, co que se prevé unha recuperación no nivel de execución deste eixe.

O elevado nivel de eficacia das medidas do eixe 2 e 41 denota o éxito da xestión da execución financeira nestes aspectos.

As principais desviacións por medidas refírense no caso das de maior execución, ademais de ao eixe 2, ao 5 e ao 6, mentres que as de menor execución se enmarcan en varios eixes, fundamentalmente referidos a intervencións do FSE e do FEOGA-Orientación (táboa 5).

Táboa 5: Medidas do Programa operativo con maiores desviacións (FEDER)

MEDIDAS DO POI CON MAIOR GRAO DE EFICACIA FINANCEIRA		MEDIDAS DO POI CON MENOR GRAO DE EFICACIA FINANCEIRA	
Medida	% EXECUCIÓN	Medida	% EXECUCIÓN
2.3. Equipo científico tecnolóxico	140,80%	7.5. Desenvolvemento endóxeno de zonas rurais, relativo a actividades agrarias	11,15%
2.5. Centros públicos de investigación e centros tecnolóxicos	105,49%	3.4. Xestión integral de residuos industriais	38,43%
6.5. Aeroportos	101,29%	3.8. Rexeneración de solos e espazos	62,68%
6.2. Autoestradas	100,00%	6.8. Redes distribución enerxía	41,54%
5.9. Infraestruturas e equipamentos sociais e sanitarios	99,11%	3.6. Protección e rexeneración do contorno natural	50,18%
5.1. Rehabilitación e equipamento de zonas urbanas	98,31%	1.1. Apoio ás empresas industriais, comerciais e de servizos	51,76%
3.5. Actuacións en costas	97,51%	43.2. Asegurar a actualización do nivel de competencias dos traballadores	52,19%
5.2. Mellora de sistemas de transporte urbanos	92,25%	45.17. Fomentar facilidade empresarial mulleres	52,46%
3.2. Mellora da eficacia das infraestruturas existentes e da utilización da auga	92,16%	1.3. Provisión e adecuación de espazos produtivos e de servizos ás empresas	55,96%

Fonte: Elaboración propia a partir do Informe de execución anual 2005

Táboa 6: Eficacia financeira das medidas de FEDER do POI Galicia a 31/12/2005 sobre total programado

EIXE	MEDIDA	EFICACIA FINANCEIRA A 31/12/2005
EIXE 1	1. Apoio a empresas industriais, comerciais e de servizos	51,76%
	3. Provisión e adecuación de espazos produtivos e de servizos ás empresas	55,96%
	7. Promoción do capital organizativo das empresas	70,32%
TOTAL EIXE 1		56,55%
EIXE 2	2. Proxectos de investigación, innovación e desenvolvemento tecnolóxico	80,87%
	3. Equipamento científico-tecnolóxico	140,80%
	5. Centros públicos de investigación e centros tecnolóxicos	105,49%
	6. Grandes instalacións	98,96%
	7. Sociedade da información	74,88%
TOTAL EIXE 2		82,55%
EIXE 3	1. Abastecemento de auga á poboación e ás actividades económicas	62,14%
	2. Mellora da eficacia das infraestruturas existentes e da utilización da auga	92,16%-
	3. Saneamento e depuración de augas residuais	56,79%
	4. Xestión integral dos residuos urbanos e industriais tratados	38,43%
	5. Actuacións medioambientais en costas	97,51%
	6. Protección e rexeneración do contorno natural	50,18%
	7. Vixilancia, control e redución da contaminación ambiental	77,18%
	8. Rexeneración de solos e de espazos	62,68%
TOTAL EIXE 3		65,96%
EIXE 41	1. Construción, reforma e equipamento de centros educativos e de formación	88,66%
TOTAL EIXE 41		87,09%
EIXE 5	1. Rehabilitación e equipamento de zonas urbanas	98,31%
	2. Mellora dos sistemas de transporte urbanos	92,25%
	3. Infraestrutura e equipamentos colectivos en municipios menores de 20.000 habitantes	60,77%
	7. Infraestruturas turísticas e culturais	94,10%
	8. Conservación e rehabilitación do patrimonio histórico-artístico e cultural	71,56%
	9. Infraestruturas e equipamentos sociais e sanitarios	99,11%
TOTAL EIXE 5		79,68%
EIXE 6	1. Estradas e autovías	66,87%
	2. Autoestradas	100,00%
	3. Ferrocarrís	89,48%
	4. Portos	65,85%
	5. Aeroportos	101,29%
	6. Sistemas de transportes multimodais e centros de transporte	55,17%
	8. Redes de distribución de enerxía	41,54%
	9. Enerxías renovables, eficacia e aforro enerxético	83,40%
	TOTAL EIXE 6	
EIXE 9	1. Asistencia técnica	22,14%
TOTAL EIXE 9		10,29%
TOTAL POI		70,53%

Fonte: Elaboración propia a partir do Informe de execución anual 2005

Execución física

Os resultados físicos do POI considéranse axeitados a partir do avance rexistrado na meirande parte dos indicadores previstos. A expectativa de cumprimento dos obxectivos ao final do período é elevada.

Neste sentido, as recomendacións actualizadas referíanse principalmente ao esforzo de establecer un sistema de indicadores que resulte eficaz para medir os obxectivos estratéxicos do futuro Programa e que, polo tanto, equilibre o exhaustivo e o sintético.

O gasto realizado traducíuse nunha variada gama de realizacións, impactos e resultados físicos.

Unha primeira valoración indica que a maioría dos indicadores se encontran nuns niveis de eficacia física por riba do 50%. Os eixes 1, 2 e 7 son os que maior nivel de eficacia física teñen na maioría dos seus indicadores.

Eficiencia do Programa

Existe unha adecuada relación entre a execución financeira e a física, de xeito que a eficiencia do POI é aceptable. A única recomendación neste apartado que resulta relevante mencionar pola súa futura implicación no próximo período de programación refírese a levar a cabo os estudos necesarios para resolver as dificultades á hora de valorar a incidencia de factores externos ao POI que afectan á eficiencia das actuacións (especialmente as vinculadas co eixe 3 de medio natural).

Conclusións:

- A estratexia de Galicia para o novo período de financiamento europeo 2007-2013 integrou no seu plan de acción aquelas necesidades detectadas como pendentes na AAI.
- En cuanto aos obxectivos de Galicia para 2007-2013 que en maior medida responden ás necesidades non cubertas polo POI 2000-2006 son os obxectivos relacionados coa mellora da competitividade do tecido empresarial da rexión (OI 5 e 6), aqueles obxectivos relacionados co mercado do traballo e a formación (OI 9, 10 e 11) e aqueles relacionados coa conectividade e as infraestruturas de transporte (OI 1 e 14).
- A correcta aplicación por parte dos xestores das actuacións incluídas no POI Galicia 2000-2006 confirman o seu papel clave o próximo período de xestión financeira dos Fondos Estruturais.

1.2. ANÁLISE DO GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DE LISBOA

Os principios básicos sobre os que senta a nova política de cohesión 2007-2013 residen principalmente na consecución dos obxectivos de Lisboa destinados a converter Europa na economía baseada no coñecemento máis competitiva e dinámica do mundo.

Co fin de complementar o diagnóstico da situación socioeconómica de Galicia en canto ao nivel de converxencia con España e Europa e tomando como indicadores de referencia os obxectivos cuantificados de Lisboa², a nivel comunitario e nacional, analízase o grao de cumprimento dos obxectivos.

Existen catro parámetros básicos sobre os que se articula a Estratexia de Lisboa: **emprego; innovación, I+D e sociedade do coñecemento; educación e medio natural**. Tal e como se expón na táboa 7, cada un deles materialízase nuns obxectivos cuantitativos que se deben acadar no ano 2010, que foron rebaixados en moitos casos para España polo Programa nacional de reformas. Aínda que a estratexia de Lisboa renovada establece un número máis amplo de indicadores adicionais cuantificados, nesta análise tómanse como punto de partida aqueles que se consideran máis representativos. A continuación, recóllese unha foto fixa da situación de Galicia e España en termos destes obxectivos, de acordo cos últimos datos dispoñibles.

Táboa 7: Obxectivos da Estratexia de Lisboa coa situación de España e Galicia en 2005 vs. 2010 e obxectivos Galicia 2013

	SITUACIÓN ACTUAL 2005		OBXECTIVOS DE GALICIA 2010 E 2013		OBXECTIVOS DE LISBOA E PNR A 2010	
	Galicia 2005	España 2005	Obxectivo Galicia 2010	Obxectivo Galicia 2013	Obxectivo Lisboa 2010	PNR de España 2010
EMPREGO						
Taxa de emprego total (%)	61,86	63,30	65	66	70	66
Taxa de emprego feminino (%)	52	51,20	55	57	60	57
Taxa de emprego de traballadores do grupo 55-64 (%)	45	43,10	46,5	48	50	ND
I+D+i E SOCIEDADE DO COÑECEMENTO						
Gasto total en I+D sobre o PIB (%)	0,89	1,13	1,5	2	3	2
Participación do gasto privado (%)	43,44 (1)	53,93 (1)	50	50	66,6	55
EDUCACIÓN						
Poboación con estudos de secundaria ou superiores (%) (3)	64	62,5(2)	82	85	85	80
Taxa de abandono escolar (%)	22,7	30,8	13	12	10	15
Licenciados en matemáticas, ciencias e tecnoloxías (%)	12	9,6	14	14	Incrementar un 15%	13,5
MEDIO NATURAL						
Redución emisións gases efecto invernadoiro (ano base 1990=100)		139,4	Pendente		92	124
Consumo de enerxías renovables			Pendente		22%	

(1) Datos do INE que inclúen a contribución dos Institutos Privados sen Fins Lucrativos (IPSFL)

² Consello Europeo de Lisboa 23 e 24 de marzo de 2000, Conclusións da Presidencia

(2) Datos de 2004

(3) Titulados superiores entre 20 e 29 anos por cada 1.000 habitantes de entre 20 e 29 anos.

Fonte: Elaboración propia a partir de datos de IGE, INE, EPA, PNR

Nota: cómpre destacar que o rango de poboación empregado para o cálculo é, no caso de Galicia, de 16 a 64 anos (datos do IGE), mentres que para España se emprega o tramo de 16 a 65 (datos do INE) e no EUROSTAT de 15-64.

En liñas xerais, pódese afirmarse que Galicia aínda se encontra afastada da plena consecución dos obxectivos de Lisboa auspiciados pola Unión Europea. Con todo, a análise desvela importantes diferenzas no comportamento da rexión en función do ámbito de actuación considerado.

Do mesmo xeito, á luz destes resultados, Galicia procedeu a realizar unha revisión dos obxectivos que se han de alcanzar para 2010 e 2013, establecendo uns niveis de cumprimento máis adaptados á súa situación específica.

Así, en termos de emprego, a taxa de emprego que rexistra a comunidade galega é case 1,5 puntos inferior á rexistrada no ámbito nacional. En ambos os dous casos, estase aínda lonxe de acadar o obxectivo fixado para España no PNR no 2010 e para Galicia no 2013, do que aínda os separan 4,14 puntos porcentuais, mentres que do obxectivo de Lisboa aínda os separan en torno a 8 puntos. No caso do emprego feminino, presenta a mesma diferenza con respecto ao obxectivo do PNR, aínda que a taxa de ocupación das mulleres en Galicia está por riba da media nacional. En canto ao emprego dos maiores de 55 anos, aínda que existe unha brecha de cinco puntos entre a situación actual de Galicia e o obxectivo inicial de Lisboa do 50% do total da poboación deste tramo de idade, a rexión atópase en mellor posición de partida ca a rexistrada no ámbito estatal.

Polo tanto, pódese dicir que con respecto ao emprego, a situación de Galicia é relativamente desafiante no próximo período, pero non menos ca a perspectiva do resto do territorio nacional. Os esforzos en materia de atracción e permanencia de persoas no mercado laboral, para mellorar a calidade e estabilidade do emprego, mellorar a conciliación da vida laboral e persoal e asegurar unha formación axeitada ás necesidades do mercado de traballo, facendo especial fincapé na consecución da igualdade de oportunidades das mulleres no mercado de traballo (acceso, postos, remuneración) e tamén en colectivos tales como o dos mozos e mozas e os maiores de 55 anos, serán fundamentais para chegar a eses obxectivos no ano 2010.

Este diferencial con respecto ao cumprimento de Lisboa faise máis acusado no caso dos indicadores relativos á directriz 2³ sobre o coñecemento e a innovación, aínda que os datos de 2005 poñen de manifesto que malia estar aínda lonxe do obxectivo fixado para o ano 2010, Galicia evoluciona na dirección fixada pola Comisión Europea, xa que a participación do sector privado no total de actividades de I+D incrementouse en 5,8 puntos entre 2004 e 2005. No caso do gasto total en I+D como porcentaxe do PIB, os obxectivos de Galicia para 2010 rebaixan en medio punto os estatais, mentres a participación do gasto privado nestas actividades se rebaixa cinco puntos.

³ Directriz estratéxica comunitaria 2: "Mellorar os coñecementos e a innovación en favor do crecemento".

En termos de educación, tal e como ocorre coa media estatal, a porcentaxe de poboación con estudos de secundaria ou superiores constitúe un reto importante, xa que se atopa a máis de 20 puntos do obxectivo de Lisboa e a 16 do PNR de España para 2010.

Do mesmo xeito, pese a ter una taxa de abandono escolar significativamente inferior á media de España, Galicia terá que concentrar esforzos na mellora do sistema educativo, logrando unha maior permanencia dos mozos e mozas no sistema escolar, a través de itinerarios educativos adaptados ás demandas de alumnos e empresa.

Neste sentido será necesario impulsar a penetración das TIC no sector educativo, en liña coa súa introdución progresiva nos fogares, de xeito que se aproveiten as potencialidades que a Sociedade da Información ofrece para paliar os efectos dunha orografía accidentada e unha poboación dispersa como a existente en Galicia.

Polo que atinxe aos obxectivos medioambientais fixados no Cumio de Gotemburgo en 2001, queda pendente realizar unha análise do grao de cumprimento de Galicia á espera de datos oficiais. Na data desta avaliación non existen datos dispoñibles no ámbito rexional sobre emisións de gases efecto invernadoiro.

De acordo coas necesidades detectadas da rexión e as prioridades europeas, todo indica que Galicia terá que centrar as súas actuacións nos temas clave, como a innovación e a economía do coñecemento, o medio natural e o desenvolvemento sostible e o fomento da igualdade de oportunidades e a mellora do mercado do traballo co fin de proceder a unha paulatina ordenación e cohesión territorial, que aproveite o potencial endógeno da rexión, sen perder de vista o cumprimento dos obxectivos para o ano 2010.

Neste sentido, resulta necesario reenfocar a estratexia de desenvolvemento rexional da comunidade galega para ir trasladando o financiamento das infraestruturas físicas e as axudas directas ás empresas cara á promoción dos factores de desenvolvemento vinculados á Estratexia de Lisboa: renovar as bases da competitividade, aumentar o potencial crecemento e produtividade e reforzar a cohesión social, a través do coñecemento, a innovación e a valorización do capital humano.

Conclusiones:

- En liñas xerais Galicia aínda está lonxe de lograr os obxectivos de Lisboa, aínda que en moitos aspectos se encontra por riba da media nacional.
- Vistos os escasos resultados de Galicia en materia de I+D e vista a importancia que este ámbito reviste na estratexia de Lisboa, Galicia deberá acometer importantes esforzos e reformas co fin de incrementar os seus niveis de I+D e innovación, establecendo novos factores de crecemento e competitividade que redunden na capacidade da rexión de adaptarse aos cambios da economía internacional.
- Con respecto ao emprego, a situación de Galicia é relativamente desafiante no próximo período, pero non menos que a perspectiva do resto do territorio español. Os esforzos en materia de atracción e permanencia de persoas no mercado laboral serán fundamentais.
- Neste sentido, é necesario reenfocar a estratexia de desenvolvemento rexional da comunidade galega para ir trasladando o financiamento das infraestruturas físicas e as axudas directas ás empresas cara á promoción dos factores de desenvolvemento ligados á Estratexia de Lisboa.
- Por último, valórase moi positivamente a adaptación dos obxectivos de Lisboa á realidade da rexión, establecendo obxectivos sen dúbida máis realistas e que co esforzo das administracións, os axentes sociais e o sector privado se presentan alcanzables.

2. VALORACIÓN DA CALIDADE DO DIAGNÓSTICO E PERTINENCIA DA ESTRATEXIA

Iniciouse este apartado unha vez que se dispuxo dun diagnóstico preliminar, así como da súa síntese en forma de matriz DAFO, e dunha estratexia de converxencia para Galicia no período 2007-2013.

Esta avaliación resulta imprescindible para a correcta planificación da estratexia, xa que é en función do diagnóstico da rexión e da detección das súas principais debilidades e fortalezas que se determinan os obxectivos que se deben acadar de aquí a 2013 ademais das prioridades sobre as que hai que actuar no medio/longo prazo.

Para a elaboración desta análise realizouse nun primeiro lugar unha valoración da calidade do diagnóstico, na que se tivo en conta a estrutura do sistema de indicadores de contexto que serviron de base ao diagnóstico, a oficialidade das fontes de información e a calidade da análise DAFO.

Así mesmo, realizouse unha valoración da calidade expositiva da estratexia ademais da súa pertinencia, establecéndose a adecuación dos obxectivos establecidos ás características e necesidades reais da rexión.

O punto de partida desta avaliación previa e o documento sobre o que se efectúan as recomendacións necesarias para a mellora da estratexia de Galicia de cara ao novo período 2007-2013 foi o Marco Estratéxico de Converxencia Económica de Galicia (MECEGA) 2007-2013.

2.1. VALORACIÓN DO DIAGNÓSTICO ECONÓMICO, SOCIAL E AMBIENTAL

A primeira etapa no deseño da estratexia que seguirá Galicia para a implementación dos Fondos Estruturais 2007-2013 iniciouse cun proceso de reflexión interna e unha análise estatística do contexto socioeconómico que se materializou na elaboración dun diagnóstico que serviu como punto de partida para a detección das necesidades e as potencialidades da rexión.

O contido deste diagnóstico, incluído dentro do MECEGA para a súa presentación de achegas da Comunidade Autónoma ao MENR, queda estruturado en torno ao índice proposto polo Ministerio de Economía e Facenda e recolle unha análise preliminar do contexto macroeconómico español e internacional no que se desenvolve a rexión, ademais dunha análise máis detallada da situación da rexión con respecto a cada unha das prioridades europeas destacadas para o próximo período de financiamento e recollidas no documento da Unión Europea "Política de cohesión en apoio do crecemento e o emprego: Directrices estratéxicas comunitarias, 2007-2013"⁴.

⁴COM(2005) 0299

Análise do sistema de indicadores de contexto

Á hora de realizar este diagnóstico tivéronse en conta unha serie de indicadores de contexto. Para a elección e ordenación dos indicadores de contexto seguiuuse a mesma estrutura recollida no documento de Directrices estratéxicas comunitarias⁵, establecendo aqueles indicadores máis pertinentes, que mellor poden ilustrar a situación na que se atopa Galicia cara aos obxectivos europeos para 2013.

Para a análise da situación de Galicia en relación coa Directriz estratéxica 1, “Facer de Europa un mellor lugar para vivir e traballar”, o MECEGA analiza os datos relativos á situación xeodemográfica e socioeconómica, aqueles indicadores relacionados coa dotación de servizos básicos (transporte, sanidade e educación) e aqueles indicadores máis específicos relacionados coa estrutura produtiva e o medio ambiente. Para a Directriz estratéxica 2, “Mellorar o coñecemento e a innovación”, tivéronse en conta indicadores relacionados coas dúas vertentes do coñecemento e a innovación como son os niveis de investimento e produción de I+D e o grao de acceso por parte de fogares e empresas á Sociedade da Información. Por último para a Directriz 3, “Máis e mellores empregos”, tivéronse en conta aqueles indicadores que mellor reflicten o panorama laboral galego.

A desagregación por sexo levouse a cabo na maioría dos indicadores. Non obstante apréciase un déficit dos datos relativos á situación da muller naqueles indicadores relativos ás Directrices 1 e 2, probablemente por mor da dificultade de encontrar datos deste tipo, tanto no INE coma no IGE.

Para a análise de conxuntura tomáronse as series históricas dos últimos 10 anos mentres que para a análise de contexto relativa ás principais prioridades estratéxicas se consideraron os 4/5 últimos anos, segundo a información dispoñible en cada caso.

Por outra banda, para os efectos comparativos, os datos correspondentes a Galicia analizáronse respecto á media europea (UE25) e española, sempre que os criterios e as bases o permitiran (matriz de indicadores de contexto).

⁵ Política de cohesión en apoio ao crecemento e ao emprego: Directrices estratéxicas comunitarias, 2007-2013. Bruxelas, 5/7/2005. Comisión das Comunidades Europeas.

Matriz de Indicadores de contexto por área temática: datos de Galicia, España e UE 25 e evolución 2002-2005

ÁREAS PRIORITARIAS DE ACCIÓN	INDICADORES	2002			2003			2004			2005			FONTE
		GALICIA	ESPAÑA	UE-25	GALICIA	ESPAÑA	UE-25	GALICIA	ESPAÑA	UE-25	GALICIA	ESPAÑA	UE-25	
1. SITUACIÓN XEODEMOGRÁFICA	MOVIMENTO MIGRATORIO INTERNO CAMPO-CIDADE	38,70%	42,50%		35,70%	43%		36,90%	44,20%		ND	ND	ND	INE e IGE
	CONCENTRACIÓN POBOACIÓN EN NÚCLEOS URBANOS (máis de 50.000 habit.)	35,76%	51,20%		35,85%	52,00%		35,76%	52,00%		35,74%	51,90%		INE e IGE
	POBOACIÓN RESIDENTE EN MUNICIPIOS DE MENOS DE 5.000 HAB.	53,90%	14,60%		53,87%	14,20%		53,49%	14%		52,97%	13,70%		INE e IGE
	TAXA DE NATALIDADE	7,17	10,14	10,3	7,56	10,52	10,4	7,61	10,65	10,5	7,79	10,73		INE e IGE
	ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO (Poboación de 64 ou máis entre a poboación menor de 20 anos)	121,90%	85,2%	70,5%	125,60%	85,7%	72,1%	128,30%	85,7%		130,40%	84,90%		INE e IGE
	ÍNDICE DE DEPENDENCIA SENIL (Poboación de 64 ou máis anos entre a poboación de 20 a 64 anos)	34,5%	27,3%	26,6%	34,5%	27,0%	26,8%	34,3%	26,7%		34,0%	26,1%		INE e IGE
	TAXA DE VARIACIÓN INTERANUAL DA POBOACIÓN (%)	0,2%	1,8%	0,4%	0,5%	2,1%	0,4%	-0,004%	1,1%	0,5%	0,4%	2,1%	0,5%	INE, IGE e EUROSTAT
	PORCENTAXE DE POBOACIÓN DE 65 OU MÁIS ANOS	21,20%	17,5%	16%	21,30%	17,5%	16,10%	21,30%	17,2%	16,30%	21,30%	17,0%	16,50%	INE, IGE e EUROSTAT
	FACTOR DEMOGRÁFICO (POBOACIÓN EN IDADE DE TRABALLAR / POBOACIÓN)	65,1%	68,9%	66,5%	64,9%	69,0%	66,4%	65,2%	69,0%	66,3%	65,1%	69,1%	66,4%	INE, IGE e EUROSTAT
2. SITUACIÓN SOCIOECONÓMICA	PIB PER CÁPITA EN PPA (UE-25 BASE 100)	74,3	95,2	100	76,6	97,5	100	78,5	97,7	100		98,6	100	EUROSTAT e MAP
	VEB AGRARIO-PEQUEIRO-GANDEIRO/VEB	5,7%	3,9%	2,20%	5,5%	3,7%	2,10%	5,3%	3,5%	2,10%	5,1%	3,3%	1,9%	INE, IGE e EUROSTAT
	VEB CONSTRUCIÓN /VEB	12,0%	9,4%	5,70%	12,5%	10,0%	5,80%	13,1%	10,7%	5,90%	13,8%	11,6%	6,00%	INE, IGE e EUROSTAT
	VEB INDUSTRIA E ENERXÍA/VEB	20,3%	19,6%	21%	19,9%	19,1%	20,50%	19,3%	18,4%	20,50%	18,8%	17,9%	20,40%	INE, IGE e EUROSTAT
	VEB SERVIZOS/VEB	62,0%	67,1%	71,10%	62,1%	67,2%	71,60%	62,3%	67,3%	71,50%	62,3%	67,2%	71,7%	INE, IGE e EUROSTAT
	PIB / EMPREGO	37,56	44,58	51,4	38,75	46,38	51,74	41,06	47,68	53,67	42,34	49,44	55,73	INE, IGE e EUROSTAT
	TAXA DE CRECIMENTO DO PIB / EMPREGO	6,1%	3,52%	3,37%	3,2%	4,05%	0,66%	6,0%	2,78%	3,73%	3,1%	3,70%	3,84%	EUROSTAT
	TAXA DE CRECIMENTO REAL DO PIB	2,1%	2,7%	1,2%	2,6%	3,0%	1,2%	3,4%	3,1%	2,4%	3,3%	3,4%	1,6%	ELABORACION PROPIA
	CUSTO MEDIO LABORAL POR MES E TRABALLADOR (EUROS)	1673,7	1911,3	2876,7	1734,2	1992,4	2888,1	1761,4	2051,6		1815,6	2110,1		INE e EUROSTAT
	TAXA DE EMPREGO	57,4%	59,84%	62,80%	59,1%	61,10%	62,90%	59,8%	61,10%	63,30%	61,9%	63,30%	63,80%	INE, IGE e EUROSTAT
	TAXA DE ACTIVIDADE	65,4%	66,20%	69,0%	67,8%	67,60%	69,30%	69,3%	68,70%	69,70%	68,8%	69,70%	70,20%	INE e EUROSTAT
	TAXA DE DESEMPREGO	12,3%	11,4%	8,8%	12,8%	11,3%	9,0%	13,7%	10,4%	9,1%	10,1%	8,7%	8,7%	INE e EUROSTAT
	% DE OCUPADOS EN AGRICULTURA	13,2%	6,0%		12,7%	5,7%		11,5%	5,5%		10,7%	5,3%		INE e IGE
	% DE OCUPADOS EN INDUSTRIA	20,2%	19,2%		19,3%	18,5%		19,1%	17,9%		19,2%	17,3%		INE e IGE
	% DE OCUPADOS EN CONSTRUCIÓN	12,4%	11,9%		11,7%	12,2%		12,1%	12,5%		11,1%	12,4%		INE e IGE
	% DE OCUPADOS EN SERVIZOS	54,2%	62,9%		56,3%	63,6%		57,4%	64,1%		59,0%	65,0%		INE e IGE
	% DE MULLERES OCUPADAS EN AGRICULTURA	14,9%	4,1%		14,8%	4,0%		13,1%	3,7%		11,2%	3,6%		INE e IGE
% DE MULLERES OCUPADAS EN INDUSTRIA	15,3%	12,6%		13,0%	11,7%		13,1%	11,2%		13,7%	10,7%		INE e IGE	
% DE MULLERES OCUPADAS EN CONSTRUCIÓN	1,3%	1,6%		1,0%	1,7%		1,6%	1,7%		1,4%	1,7%		INE e IGE	
% DE MULLERES OCUPADAS EN SERVIZOS	68,5%	81,7%		71,2%	82,7%		72,2%	83,4%		73,7%	84,1%		INE e IGE	
ÍNDICE DE PREZOS AO CONSUMO (UE-25=100)	85,2	85	100	86,9	86,6	100	87,6	87,4	100	90,2	90	100	INE e EUROSTAT	
VEHÍCULOS MATRICULADOS POR CADA 1.000 HABITANTES	30,47	42,30		32,07	44,57		35,32	49,76					INE	
3. SANIDADE	HOSPITAIS X CADA 100.000 HAB	1,82	1,84			1,76			1,16					INE e MAP
	CAMAS EN FUNCIONAMENTO X CADA 1.000 HAB	3,58	3,54	6,39					3,8	3,7				INE e MAP
4. EDUCACIÓN	% DE POBOACIÓN MATRICULADA EN ESTUDOS BÁSICOS (EDUCACIÓN OBRIGATORIA)	11,0%	13,4%		11,2%	13,5%								INE
	% DE POBOACIÓN MATRICULADA EN ESTUDOS SECUNDARIOS	2,3%	2,1%		2,2%	2,3%								INE
	% DE POBOACIÓN MATRICULADA EN ESTUDOS SUPERIORES	3,8%	4,0%	3,6%	4,2%	4,0%	3,70%			3,80%				INE
	% DE MULLERES MATRICULADAS EN ESTUDOS BÁSICOS (EDUCACIÓN OBRIGATORIA)	53,3%	66,2%		53,7%	66,6%								INE e IGE
	% DE MULLERES SOBRE O TOTAL DE MATRICULADOS NA UNIVERSIDADE	57,0%	53,7%		57,2%	54,6%								INE
	%TAXA DE ABANDONO ESCOLAR PREMATURO (18-24)	23,9%	29,9%	16,6%	26,2%	31,3%	16,2%	23,9%	3170,0%	15,6%	22,7%	30,8%	15,2%	INE e EUROSTAT
%TAXA DE ABANDONO ESCOLAR PREMATURO (18-24) MULLERES	15,3%	23,1%	14,4%	17,6%	25,0%	14,2%	15,3%	24,6%	13,1%	15,7%	25,0%	13,1%	INE e EUROSTAT	
5. TRANSPORTE	KM DE DOBRE CALZADA, AUTOESTRADA, AUTOVÍA	779	11406		819	12009		822	12444					IGE
	KM DE AUTOESTRADA E AUTOVÍA	413	7353		413	7779		413	8140					IGE
	KM DE ESTRADAS CALZADA ÚNICA	16499	152733		16474	152575		16589	152708					IGE
	DENSIDADE DAS ESTRADAS POR CADA 1.000 KM2 DE SUPERFICIE	584	324		585	325		589	327					Anuario estatístico do 2004 do Ministerio de Fomento
	PARQUE DE VEHÍCULOS AUTORIZADOS PARA O TRANSPORTE DE VIAXEIROS POR ESTRADA		138843		8855	137409		9032	147931					Anuario estatístico do 2004 do Ministerio de Fomento
	TURISMOS / HAB.	0,45	0,45		0,45	0,44		0,47	0,45					INE e IGE
	N.º DE ACCIDENTES MORTAIS	341	4031		341	4084		295	3643					IGE
	TAXA DE VARIAC. INTERANUAL DE VIAXEIROS X TRANSPORTE AÉREO	-6,4%	-1,04%		8,6%	7,50%		11,1%	8,01%		23,6%	9,11%		AENA
	TAXA DE VARIAC. INTERANUAL DO TRANSPORTE DE MERCANCÍAS X TRANSPORTE AÉREO	-15,4%	-1,29%		-4,9%	0,85%		-7,0%	9,88%		-14,1%	-3,41%		AENA
	TAXA DE VARIACIÓN INTERANUAL DE VIAXEIROS X TRANSPORTE MARÍTIMO (PORTOS DO ESTADO)	24,9%	2,82%		16,4%	5,13%		16,5%	10,84%		19,7%	0,67%		Boletín estatístico do Ministerio de Fomento
TAXA DE VARIACIÓN INTERANUAL DE TRANSPORTE DE MERCANCÍAS X TRANSPORTE MARÍTIMO (PORTOS DO ESTADO)	7,4%	3,60%		-2,9%	4,99%		7,3%	8,11%		4,1%	7,21%		Boletín estatístico do Ministerio de Fomento	
TAXA DE VARIACIÓN INTERANUAL DE PESCA X TRANSPORTE MARÍTIMO (PORTOS DO ESTADO)	-2,5%	-8,05%		5,7%	-2,09%		-2,4%	-6,48%		0,6%	-1,5%		Boletín estatístico do Ministerio de Fomento	

Avaliación previa PO FEDER Galicia 2007-2013

AREAS PRIORITARIAS DE ACCIÓN	INDICADORES	2002			2003			2004			2005			FONTE		
		Galicia	España	UE-25	Galicia	España	UE-25	Galicia	España	UE-25	Galicia	España	UE-25			
6. TECIDO PRODUTIVO	N.º DE EMPRESAS / 1.000 HABITANTES	60,54	64,78		63,28	65,86		65,79	68,12		67,24	69,47		INE; DIRCE		
	% DE EMPRESAS DE MENOS DE 20 EMPREGADOS SOBRE O TOTAL	97,73%	97,24%		97,80%	97,28%		97,82%	97,33%		97,73%	97,29%		INE; DIRCE		
	ÍNDICE DE ROTACIÓN EMPRESARIAL (BAIXAS / N.º EMPRESAS)	10,3%	9,42%		8,1%	8,65%			8,55%					IGE e INE; DIRCE		
	SALDO DE COMERCIO EXTERIOR (X-M) / PIB	1,5%	-5,76%	0,40%	-0,6%	-6,02%	-0,59%		-1,1%	-7,34%	-0,60%		-3,1%	-8,6%	-1,01%	IGE, INE e EUROSTAT
	TAXA DE COBERTURA	106,4%	76,04%	95,85%	97,5%	74,61%	93,79%		95,6%	70,50%	93,94%		89,0%	66,37%	90,75%	IGE, INE e EUROSTAT
	GRAO DE APERTURA (X+M)/PIB	48,7%	42,32%	18,8%	48,8%	41,41%	18,30%		48,4%	42,44%	19,10%		53,7%	42,57%	20,80%	IGE, INE e EUROSTAT
	ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL	101,38	98,94	99,73	100,53	105,19	100,35		102,30	105,88	102,54		102,37	104,03	103,69	INE e EUROSTAT
7. TURISMO	PRAZAS ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS / 1000 HABITANTES	17,98	25,82	23,6	19,41	26,27	22,8		20,51	27,21	23,5		20,69	27,43		IGE e INE
	PRAZAS ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS / KM 2	1,66	2,14	0,45	1,81	2,22	0,44		1,91	2,32	0,45		1,93	2,39		IGE, INE e EUROSTAT
	PRAZAS DE CATRO, CINCO E TRES ESTRELAS / TOTAL PRAZAS HOTELEIRAS	33,7%	66,00%		34,98%	68,06%			36,30%	69,73%				70,98%		INE
	PRAZAS DE TURISMO RURAL / 1.000 HABITANTES	1,64	1,22		1,81	1,40			1,96	1,65			1,99	1,90		IGE e INE
	PERNOCTACIÓN EN ESTABLECEMENTOS DE TURISMO RURAL / 1.000 HABITANTES	104,54	98,11		102,21	104,79			125,24	127,15			122,33	143,16		IGE e INE
	TURISTAS ESTRANXEIROS / HABITANTES	17,32%	63,60%		19,33%	63,79%			21,33%	62,62%			22,91%	65,92%		IGE e INE
	PERNOCTACIÓN EN ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS / HABITANTES	2,29	5,32		2,36	5,34			2,86	5,43	1,6		2,74	5,57		IGE, INE e EUROSTAT
GRAO DE OCUPACIÓN HOTELEIRA	34,47	55,27		32,93	54,47			37,78	53,47			35,78	54,34		IGE e INE	
8. ENERXÍA E MEDIO AMBIENTE	%PRODUCCIÓN ENERXÍA CARBÓN	58,5%	24,0%	22,3%	50,3%	21,6%	22,2%		51,2%	20,9%	21,6%					Balances enerxéticos, Secretaría xeral de Enerxía, INEGA e EUROSTAT
	%PRODUCCIÓN ENERXÍA PETRÓLEO	0,0%	1,0%	17,3%	0,0%	1,0%	16,3%		0,0%	0,8%	15,2%					Balances enerxéticos, Secretaría xeral de Enerxía, INEGA e EUROSTAT
	%PRODUCCIÓN ENERXÍA GAS NATURAL	0,0%	1,5%	21,7%	0,0%	0,6%	21,4%		0,0%	0,9%	21,8%					Balances enerxéticos, Secretaría xeral de Enerxía, INEGA e EUROSTAT
	%PRODUCCIÓN ENERXÍA HIDRÁULICA	15,9%	6,2%	2,9%	23,0%	10,7%	2,8%		17,5%	8,2%	3,0%					Balances enerxéticos, Secretaría xeral de Enerxía, INEGA e EUROSTAT
	%PRODUCCIÓN OUTRAS ENERXÍAS RENOVABLES	25,7%	16,0%	7,9%	26,7%	17,2%	8,8%		31,3%	19,0%	9,4%					Balances enerxéticos, Secretaría xeral de Enerxía, INEGA e EUROSTAT
	% CONSUMO DE ELECTRICIDADE PROCEDENTE DE FONTES RENOVABLES	47,0%	13,8%	12,7%	66,7%	21,7%	12,7%		55,2%	18,2%	13,7%					Balances enerxéticos, Secretaría xeral de Enerxía, INEGA e EUROSTAT
	% ENERXÍA EÓLICA SOBRE A ELÉCTRICA	10,6%	3,9%	1,2%	11,4%	4,6%	1,4%		14,5%	5,6%	1,8%					Balances enerxéticos, Secretaría xeral de Enerxía, INEGA e EUROSTAT
	KG DE RESIDUOS SELECCIONADOS / HABITANTE	47,7	63,00		60,67	72,07										IGE
	RESIDUOS SELECCIONADOS RESPECTO AO TOTAL DE RESIDUOS MESTURADOS	10,5%	10,7%		8,3%	12,2%										IGE
	ALUGAS RESIDUAIS TRATADAS EN M3/HABITANTE/DÍA	0,191	0,192		0,181	0,199										IGE
	N.º DE LUMES FORESTAIS	3.100,00	19.929,00		2.230,00	18.616,00			2.827,00	7.565,00			9.106,00			www.incendiosforestales.org
SUPERFICIE FORESTAL AFECTADA (ha) POLOS LUMES	26.125,21	107.472,00		19.819,70	148.172,00			32.098,50	134.171,00			179.850,80			www.incendiosforestales.org	
% PERDA DE AUGA / VOLUME DE AUGA TOTAL	16,6	19,5		18,9	18,6										INE	
9. IDT	% DE INVESTIMENTO EN I+D SOBRE O PIB	0,76%	0,99%	1,90%	0,83%	1,05%	1,90%		0,84%	1,07%	1,86%					INE e EUROSTAT
	INVESTIMENTO EN I+D / HAB. (€/HAB.)	107,11	171,9		123,02	192,3			133,15	207,09						INE e EUROSTAT
	% INVESTIMENTO ADMINISTRACIÓN PÚBLICA EN I+D			13,16%	12,10%	15,40%	13,16%		15,99%	15,96%	12,90%					INE e EUROSTAT
	% INVESTIMENTO EMPRESAS E IPSFL EN I+D	38,70%	54,80%	64,21%	40,10%	54,30%	64,21%		37,59%	54,51%	64,52%					INE e EUROSTAT
	% INVESTIMENTO EN ENSINO SUPERIOR EN I+D			21,60%	99,5%	99,3%	99,2%		99,5%	99,3%	99,2%					INE e EUROSTAT
	% PERSOAL EN I+D EN EDUCACIÓN SUPERIOR				49,10%	39,80%			53,70%	39,10%						INE
	PEROAL EN I+D POR MIL SOBRE A POBOACIÓN ACTIVA	5,1	7,7		5,86	8,8			6,4	9						INE e IGE
PEROAL INVESTIGADOR POR MIL SOBRE A POBOACIÓN ACTIVA		4,8	3,66	3,82	5,3	3,72		4,35	5,6	3,81					INE e IGE	
10. SOCIEDADE DA INFORMACIÓN	% FOGARES CON ORDENADOR				35,14%	43,30%			38,01%	48,11%	54,00%		43,21%	50,62%	58,00%	INE e EUROSTAT
	% FOGARES QUE USARON ORDENADOR NOS ÚLTIMOS TRES MESES				34,74%	42,66%			36,71%	45,46%	55,00%		43,67%	48,62%	58,00%	INE e EUROSTAT
	% DE VIVENDAS QUE DISPONEN DE ACCESO A INTERNET	12,26%	17,36%		16,93%	25,23%			19,14%	30,85%	42,00%		25,41%	33,95%	48,00%	INE e EUROSTAT
	% DE PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES	15,34%	18,74%		27,81%	34,18%			29,44%	37,46%	46,00%		36,51%	42,10%	51,00%	INE e EUROSTAT
	% DE FOGARES CON CONEXIÓN A INTERNET DE BANDA LARGA	2,30%	3,91%		6,09%	8,94%			8,66%	13,78%	14,00%		16,65%	22,47%	23,00%	INE e EUROSTAT
	% DE EMPRESAS CON CONEXIÓN A INTERNET E PAXINA WEB	34,31%	40,94%		39,63%	45,45%			40,34%	48,26%						INE
	% DE EMPRESAS CON CORREO ELECTRÓNICO	66,68%	76,00%		75,25%	83,72%			76,84%	85,66%						INE e IGE
	% DE EMPRESAS QUE UTILIZAN A PAXINA WEB PARA COMERCIALIZAR OS SEUS PRODUTOS	74,40%	73,94%		85,87%	87,30%			86,90%	86,60%						INE
	% EMPRESAS CON ORDENADOR	90,12%	95,01%		93,54%	96,53%			94,00%	97,40%	95,00%				96,00%	INE, IGE e EUROSTAT
	% DE EMPRESAS CON CONEXIÓN A INTERNET	72,65%	81,73%		76,97%	87,44%			83,69%	89,95%	89,00%				91,00%	INE, IGE e EUROSTAT
% DE EMPRESAS CON CONEXIÓN A INTERNET DE BANDA LARGA	61,50%	62,41%		68,00%	81,21%			74,06%	83,72%	52,00%				63,00%	INE, IGE e EUROSTAT	

Oficialidade das fontes de información

Pódese afirmar que os datos proceden daquelas fontes oficiais que dispoñen da información en cada caso. Os datos relativos a Galicia e a España foron recadados e/ou elaborados na súa maioría con datos procedentes do IGE (Instituto Galego de Estatística) e na súa ausencia con datos do INE (Instituto Nacional de Estatística), aínda que nalgúns casos faise referencia á elaboración propia das series históricas, sen especificar a súa fonte estatística.

No que atinxe aos datos relativos á media UE25 estes foron obtidos das fontes estatísticas da Unión Europea, EUROSTAT. Neste sentido cómpre sinalar que naqueles casos nos que se producía unha disparidade entre os parámetros de recolección de datos a nivel español e europeo, ao longo da elaboración do MECEGA procedeuse á homoxeneización das fontes, a través da reelaboración do dato. Así mesmo, co fin de asegurar a oficialidade das fontes, o MECEGA detalla aqueles casos nos que foi necesaria unha reelaboración das fontes oficiais.

Relevancia para o diagnóstico

En liñas xerais, todas as afirmacións do diagnóstico están adecuadamente soportadas mediante indicadores oficiais. Aínda así, a elaboración do diagnóstico responde tanto a unha análise cuantitativa como cualitativa, baseada en entrevistas e mesas de traballo con responsables e órganos xestores da Administración galega, que participaron na identificación de Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades. Celebráronse as seguintes mesas de traballo temáticas, relacionadas cos ámbitos de actuación de FEDER:

- I+D+i e Sociedade da Información
- Desenvolvemento empresarial e adaptabilidade dos traballadores
- Transporte e enerxía
- Medio ambiente e desenvolvemento sostible

Para o desenvolvemento de desas mesas tívose en conta o principio de asociación, coa participación de representantes da Administración autonómica, do tecido empresarial, dos interlocutores sociais e outros axentes. Nesta liña, celebráronse mesas de diálogo social, unha das cales (Mesa 3) xirou ao redor do desenvolvemento económico industrial e a I+D+i.

En canto ao contido do diagnóstico este adaptouse ao índice proposto pola DX Fondos Comunitarios do MEF, de acordo coas directrices estratéxicas dictadas pola Unión Europea.

No apartado 2.1. "Diagnóstico da situación de contexto" do PO FEDER recóllese unha análise sobre as tendencias da economía mundial e española co fin de establecer unha descrición xenérica do contexto macroeconómico no que se desenvolve a rexión, e comparando os seus resultados con España e a UE25. Por outra banda no apartado 3.2. de "Identificación de prioridades" analizáronse de forma máis detallada cada unha das prioridades estratéxicas establecidas pola Unión Europea, tanto no relativo ás prioridades de FEDER como ás de FSE. No caso do FEDER, as prioridades de intervención relativas a este Fondo englobáronse nos apartados 2.1.8 a 2.1.14 da análise da situación de partida.

Nesta análise realizouse un estudo detallado da situación da rexión en cada un dos ámbitos considerados prioritarios para a Unión Europea, ademais de establecer unha comparativa entre as achegas acadadas por Galicia, España e a UE25. Con este exercicio queda polo tanto asegurada a coherencia entre as prioridades de Galicia e as da UE25, ao mesmo tempo que se conseguiu profundizar naquelas problemáticas máis acuciantes para a rexión en materia sociolaboral e ás que haberá que dar resposta a través da implementación das diferentes medidas e actuacións.

O contido deste diagnóstico foi estruturado e analizado segundo aquelas materias consideradas prioritarias para o FEDER, recollidas na decisión do Consello Europeo relativa ás Directrices estratéxicas comunitarias, 2007-2013⁶. Para a elaboración deste apartado tivéronse en conta aqueles indicadores de contexto de maior idoneidade para ilustrar a situación na que se atopa Galicia de cara aos obxectivos europeos para 2013.

- ✓ En relación coa Directriz estratéxica 1 “*Facer de Europa e das súas rexións lugares máis atractivos nos que investir e traballar*”, recolléronse datos relativos á situación xeodemográfica e socioeconómica, aqueles indicadores relacionados coa dotación de servizos básicos (transporte, comunicacións, educación) e específicos relativos á estrutura produtiva e ao medio ambiente.
- ✓ Para a Directriz estratéxica 2, “*Mellorar os coñecementos e a innovación en favor do crecemento*”, tivéronse en conta indicadores relacionados coas dúas vertentes do coñecemento e a innovación como son os niveis de investimento e produción de I+D e o grao de acceso por parte de fogares e empresas á Sociedade da Información.
- ✓ Por último para a directriz 3, “*Máis e mellores empregos*”, tivéronse en conta aqueles indicadores que mellor reflicten o panorama laboral galego.

Así mesmo, para asegurar a inclusión da prioridade horizontal europea de igualdade de oportunidades procedeuse a efectuar unha desagregación por sexos dos datos, en todos aqueles casos nos que se considerou necesario e foi posible, xunto á inclusión a nivel de eixe de indicadores estratéxicos e operativos de igualdade.

Valoración da DAFO

O resultado desta análise concretouse inicialmente nunha matriz DAFO. Malia a calidade e a exhaustividade do diagnóstico elaborado para Galicia o equipo responsable de realizar a avaliación previa detectou na versión preliminar da DAFO, suxeita ao Informe de Sostibilidade Ambiental e sometida ao proceso de consulta pública, un desequilibrio entre as debilidades e as fortalezas detectadas para cada directriz. Apreciábase nesta DAFO a existencia dun exceso de debilidades e fortalezas relacionadas coas Directrices estratéxicas 1 e 2, fronte ás da DE 3., ademais de existir unha repetición destas que poderían ser facilmente concentradas.

⁶ Decisión de Consello do 6 de outubro de 2006 relativa ás Directrices estratéxicas comunitarias en materia de cohesión, 2006/702/CE

Como consecuencia, o equipo responsable de programación, ampliou as fortalezas e debilidades iniciais cunha proposta máis homoxénea. En liña con esta proposta, o equipo avaliador constatou que se revisaron as debilidades e fortalezas expostas inicialmente, presentando estas na actualidade un equilibrio e un encaixe coas tres Directrices estratéxicas comunitarias. Cómpre sinalar, neste sentido, que esta DAFO pon maior énfase tanto nas debilidades como nas fortalezas relacionadas co mercado laboral, cara a unha mellor proposta no diagnóstico global conxunto das intervencións relativas ao Fondo Social Europeo.

Á luz das orientacións do equipo avaliador, a DAFO quedou da seguinte maneira:

Código	DEBILIDADES
d.1	Desequilibrio territorial: existencia de realidades xeográficas ben diferenciadas: a Galicia do interior e a costeira, o contorno rural e o urbano, o sector primario e o terciario, a conexión e o illamento.
d.2	A dispersión do hábitat limita a optimización de custos de infraestrutura, de prestación de servizos sociais e eleva os custos loxísticos das empresas.
d.3	Evolución demográfica negativa, progresivo envellecemento da poboación residente que, combinado cunha taxa de natalidade das máis baixas da UE25, non asegura a remuda xeracional.
d.4	Limitada atracción de capitais estranxeiros.
d.5	Interconexión incompleta entre os distintos medios de transporte (ferrocarril e portos) e coas principais redes transeuropeas, o que constitúe unha barreira para o desenvolvemento dun moderno sistema intermodal de transporte no marco dos corredores da UE terrestres e marítimos.
d.6	As singulares condicións xeodemográficas de Galicia, xunto coa dificultade de acceso ao transporte público, especialmente no medio rural, fan que a mobilidade sexa máis dependente do modo de transporte por estrada, o que limita a accesibilidade e encarece os custos enerxéticos e medioambientais do sistema de transporte por estrada.
d.7	Retraso na modernización da rede e o material ferroviario (elevado número de pasos a nivel, excesivo número de Km de vía única e escaseza de vías férreas electrificadas) e en implantación da liña de alta velocidade.
d.8	Ausencia dunha política forestal que dificulte a proliferación de lumes
d.9	Base empresarial cun escaso posicionamento estratéxico, predominio da PEME tradicional e presenza de cadeas de valor incompletas en determinados sectores produtivos (madeira, turismo, pesca, agroindustria, pedra, etc.).
d.10	Limitada capacidade de investimento en I+D+i, escaso esforzo investidor por parte do sector privado e insuficiente artellamento do sistema galego de innovación, caracterizado por unha débil vinculación entre empresa e universidade.
d.11	Escasa penetración nos fogares galegos das TIC e insuficiente grao de desenvolvemento da administración electrónica en Galicia, ademais dunha reducida utilización do comercio electrónico, tanto por parte das empresas como dos consumidores.
d.12	Déficit de solo industrial, que limita as posibilidades de expansión e de atracción de investimentos do exterior.
d.13	Débil capacidade de absorción polo mercado de traballo de man de obra cualificada e elevados índices de temporalidade no emprego.
d.14	Sistema agrario minifundista, con escasas redes de comercialización.

Código	FORTALEZAS
f.1	Localización marítima estratéxica con relación ás autoestradas do mar
f.2	Riqueza e diversidade paisaxística que favorece a existencia de lugares de interese común, o que constitúe un elemento de atracción.
f.3	Existencia de produtos diferenciados con capacidade para a exportación.
f.4	Presenza importante de Galicia na economía portuaria en relación a outros portos do Estado, fundamentalmente nas actividades vinculadas á pesca
f.5	Sistema aeroportuario próximo aos principais núcleos de poboación, que facilita a accesibilidade.
f.6	Galicia xera unha parte significativa das enerxías renovables, fundamentalmente hidráulica e eólica.
f.7	Abundancia de espazos naturais, caracterizados pola súa elevada biodiversidade, destacando a presenza de 1300 km de litoral da rexión e de ecosistemas únicos como as rías galegas.
f.8	Presenza de importantes empresas multinacionais líderes no seu sector de actividade e tecnoloxicamente evolucionadas e cunha forte vocación exportadora.
f.9	Desenvolvemento de intermediarios financeiros non-bancarios, tales como as sociedades de capital risco e as sociedades de garantía recíproca.
f.10	Crecente cualificación da man de obra, especialmente no ámbito industrial.
f.11	Oferta de servizos sanitarios de alta calidade e cun elevado grao de desenvolvemento.
f.12	Presenza crecente nos mercados turísticos con referencias tan consolidadas como: o Camiño de Santiago, gastronomía, paisaxe, casas rurais, termalismo, etc.
f.13	Sectores industriais ligados aos recursos endóxeos con alto potencial de desenvolvemento e elevada capacidade de arrastre (pedra, téxtil, madeira, audiovisual, pesca -incluída acuicultura e conservas- automóbil, construción naval -incluída a náutico-deportiva) e presenza de boas prácticas no terreo da cooperación empresarial: clústeres de automoción, madeira, naval, TIC, conserveiras.

Código	AMEAZAS
a.1	Efectos da ampliación da Unión Europea e da globalización económica (deslocalización e desvío de investimentos cara aos novos estados membros con persoal laboral altamente cualificado e reducidos custos salariais).
a.2	Maior vulnerabilidade ante o incremento dos tipos de interese e da inflación.
a.3	Desprazamento do centro de gravidade económico da Unión Europea cara ao Leste.
a.4	Atraso na conexión á rede nacional e transnacional de infraestruturas.
a.5	Insuficiencia dos sistemas actuais de saneamento e de tratamento de residuos.
a.6	Dificultade para a competitividade a medio/longo prazo, a causa do escaso investimento en I+D+i, especialmente no sector privado.
a.7	Irrupción nos mercados mundiais de novos países emerxentes que asimilan con rapidez as novas tecnoloxías do coñecemento.

Código	OPORTUNIDADES
o.1	Aparición de novas oportunidades de negocio derivadas da ampliación da Unión Europea.
o.2	Reforma da política de cohesión europea e novas prioridades de financiamento que melloran a flexibilidade e incorporación de novos axentes.
o.3	Aproveitamento da situación estratéxica para converterse nun centro portuario privilexiado no seo da Unión Europea.
o.4	Integración nos grandes proxectos europeos no marco da rede transeuropea de transportes.
o.5	Elevado potencial de produción en fontes de enerxía renovables.
o.6	Aproveitamento de fortalezas intrínsecas de Galicia para captación de investimento estranxeiro directo (IED) e de capitais que se deslocalizan noutros territorios.
o.7	Dinamismo da eurrrexión Galicia-Norte de Portugal que opera como referente das políticas de cooperación territorial.
o.8	Características xeográficas, climáticas, culinarias, que favorecen o desenvolvemento turístico
o.9	Existencia de recursos naturais competitivos: granito, lousa, madeira, pesca, marisco, gandería, leite, viño

Conclusiones:

- A estrutura do sistema de indicadores aparece clara e exhaustiva, ademais de que a súa ordenación por directrices estratéxicas representa un valor engadido para unha rápida e máis sinxela análise dos datos.
- A oficialidade das fontes queda constatada, ademais da súa exposición no diagnóstico.
- As prioridades para Galicia quedan correctamente sustentadas por fontes estatísticas e documentais correctamente corroboradas polos organismos estatísticos da rexión.
- Apréciase un déficit na desagregación por sexo no que se refire aos indicadores das directrices 1 e 2.
- En canto á DAFO déixase constancia do axuste efectuado entre as necesidades e as debilidades co fin de equilibralas e poder reflectir de xeito realista as necesidades da rexión en relación con cada unha das directrices estratéxicas comunitarias.

2.2. AVALIACIÓN DA ESTRATEXIA: ANÁLISE DE PERTINENCIA

A través da análise de pertinencia entre as debilidades e as fortalezas de Galicia, detectadas no diagnóstico e sistematizadas na DAFO, e dos obxectivos fixados para a rexión, mídese a adecuación destes obxectivos ás necesidades reais da rexión en termos económicos, sociais e ambientais.

Formulación da estratexia

No que atinxe á formulación dos obxectivos, a estrutura metodolóxica que se seguiu foi a elaboración dunha árbore de obxectivos articulada en tres niveis –global/final/intermedio.

Como se amosa a continuación, o MECEGA establece un obxectivo global sobre o que inciden xerarquicamente **catro obxectivos finais**, alimentados á súa vez por outros **16 obxectivos intermedios**, de carácter máis específico. Estes obxectivos intermedios constitúen o punto de partida para a avaliación da coherencia interna e externa da estratexia de Galicia para o período 2007-2013 e reflectida no MECEGA.

A estratexia está expresada de forma avaliable e comprensible. Cada un dos obxectivos intermedios está relacionado directamente cun obxectivo final, a pesar de que, indirectamente, a relación é múltiple, tal e como se verá na análise de coherencia interna.

A formulación conceptual dos obxectivos é axeitada e a súa representación gráfica adecuada.

Táboa 8: Obxectivo global e obxectivos finais do MECEGA 2007-2013.

OBXECTIVO GLOBAL	
CONVERXER EN TERMOS DE CRECEMENTO E EMPREGO, GRAZAS AO FOMENTO DUNHA ECONOMÍA BASEADA NO COÑECEMENTO	
OBXECTIVOS FINAIS	
✓	Impulsar e dinamizar a economía rexional facendo de Galicia un lugar máis atractivo para investir e traballar
✓	Incrementar a competitividade do tecido produtivo galego a través do coñecemento e a innovación
✓	Aumentar a cohesión social e territorial de Galicia mellorando os niveis de cualificación, a calidade do emprego e a inclusión social
✓	Reforzar a sinerxía entre crecemento e desenvolvemento sostible

Táboa 9: Obxectivos intermedios do MECEGA 2007-2013.

OBXECTIVOS INTERMEDIOS	
1.	Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade e a interoperabilidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade viaria.
2.	Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno.
3.	Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible.
4.	Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables).
5.	Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT).
6.	Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial orientadas cara á produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.
7.	Estender e difundir as tecnoloxías da información e as comunicacións garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas
8.	Apoiar o investimento empresarial cara a unha mellor proxección internacional e no acceso ao financiamento.
9.	Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.
10.	Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.
11.	Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación segundo as necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.
12.	Reforzar a capacidade de xestión da Administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.
13.	Reforzar o investimento na promoción do benestar sanitario e a seguridade no traballo.
14.	Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo aos seus problemas socioeconómicos e ambientais.
15.	Complementar as políticas sectoriais especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible daquelas zonas de alto potencial de crecemento.
16.	Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios.

O obxectivo global do MECEGA reside en **“Converxer en termos de crecemento e emprego, grazas ao fomento dunha economía baseada no coñecemento”**, polo que será necesario, co fin de impulsar o desenvolvemento económico da rexión, traballar en favor dunha correcta implantación das medidas e actuacións previstas no novo período de financiamento europeo, así como establecer as sinerxías necesarias cos plans e programas estatais e rexionais.

Para a consecución deste obxectivo, a Comunidade Autónoma de Galicia propónse catro obxectivos finais, que inciden nos citados compoñentes da política para o crecemento e o emprego sostible cara ao 2010, reforzando o potencial endógeno do territorio. Estes obxectivos finais complementáanse entre si e inciden nos factores produtivos que impulsan o

desenvolvemento económico: o capital humano, o capital físico e o coñecemento, dende a perspectiva da protección medioambiental e do equilibrio territorial.

Ademais destes catro obxectivos finais, Galicia establece 16 obxectivos intermedios que responden, como se verá posteriormente, ás prioridades europeas para o novo período de programación establecidas nas Directrices estratéxicas para o crecemento e o emprego e arredor dos que se articularán as diferentes actuacións que se porán en marcha a través da implantación dos seus Programas operativos de Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e Fondo Social Europeo (FSE).

Púidose constatar que os Obxectivos intermedios, tal como ilustra a táboa 9, se estableceron sobre a base das Directrices estratéxicas comunitarias que serven de orientación para a elaboración das estratexias de intervención dos Fondos Estruturais. Neste sentido, correspóndense en primeiro lugar cos ámbitos de actuación incluídos na Directriz 1: *Facer de Europa e das súas rexións lugares máis atractivos nos que investir e traballar*, relacionados coa competitividade rexional, a mellora da accesibilidade, a calidade dos servizos e a conservación do potencial ambiental (Obxectivos intermedios 1 ao 4). En segundo lugar, definíronse obxectivos intermedios relacionados coa Directriz 2: *Mellorar os coñecementos e a innovación en favor do crecemento, promover a innovación, a iniciativa empresarial e o crecemento da economía do coñecemento mediante capacidades de investigación e innovación, incluídas as TIC*. Trátase neste caso dos obxectivos 5, 6, 7 e 8.

En terceiro lugar, os obxectivos intermedios 9, 10, 11 e 13 correspóndense co emprego e as cualificacións, no eido da terceira das Directrices estratéxicas: *Máis e mellores empregos: crear máis e mellores empregos atraendo máis persoas ao emprego ou á actividade empresarial, mellorando a adaptabilidade dos traballadores*, atopando maior encaixe nas intervencións do Fondo Social Europeo.

O obxectivo 12 está relacionado coa capacidade administrativa da Administración pública para a xestión e a absorción de fondos de xeito eficaz, eficiente e económico, mentres que os obxectivos intermedios 14, 15 e 16 recollen as prioridades da Unión Europea de carácter horizontal e que repercuten de xeito indirecto no resto de obxectivos estratéxicos.

Todos os obxectivos intermedios están relacionados entre si de forma directa cun dos obxectivos finais, a pesar de que algúns deles tamén o están con algún dos outros tres, aínda que non de forma tan directa.

A continuación relaciónanse no seu grao máis alto os obxectivos finais cos intermedios:


- ⇒ O obxectivo “Impulsar e dinamizar a economía rexional facendo de Galicia un lugar máis atractivo para investir e traballar” podería descompoñerse en catro dos 16 obxectivos intermedios (o 1, o 8, o 14 e o 16).
- ⇒ O obxectivo final “Incrementar a competitividade do tecido produtivo galego a través do coñecemento e a innovación” está relacionado en grao alto cos obxectivos intermedios 5, 6, 7 e 12.

- ⇒ Os obxectivos intermedios 9, 10, 11 e 13 inscribíense no marco do obxectivo final “Aumentar a cohesión social e territorial de Galicia mellorando os niveis de cualificación, a calidade do emprego e a inclusión social”.
- ⇒ Por último, do obxectivo final “Reforzar a sinerxía entre crecemento e desenvolvemento sostible”, derivan 4 dos obxectivos intermedios (o 2, o 3, o 4 e o 15).

Por outra banda, como xa se ten dito, cómpre destacar que os 3 últimos obxectivos intermedios son obxectivos de carácter transversal e afectan polo tanto á estratexia no seu conxunto. Neste sentido, están vinculados con todos e cada un dos obxectivos finais, aínda que, nun exercicio de establecemento de prioridades, destacouse de xeito especial aquel obxectivo final co que se produce unha relación máis directa e intensa.

A correspondencia entre eles ilústrase no MECEGA en forma de árbore de obxectivos, na que se reflicte a influencia dos diferentes obxectivos intermedios sobre os obxectivos finais, de xeito que de cada un dos obxectivos finais dependen aqueles obxectivos intermedios relacionados de forma máis directa e específica con eles, tal como figura na táboa 10.

Táboa 10: Árbore de obxectivos do MECEGA 2007 - 2013.



Para comprobar a relación existente entre a análise interna da DAFO (debilidades e fortalezas) e os obxectivos do MECEGA utilizarase como ferramenta metodolóxica un sistema de matrices no que se confrontarán as debilidades e as fortalezas cos 16 obxectivos intermedios, e se cuantificará o seu impacto sobre elas.

Mediante este exercicio determinarase a relevancia⁷ ou especificidade de cada obxectivo, ademais do grao de sensibilidade de cada debilidade e fortaleza.

Ademais, a partir desta análise procederase a establecer unha xerarquización dos obxectivos en función da súa capacidade de responder ás necesidades reveladas no diagnóstico, o que nos servirá para, nun segundo momento, avaliar a coherencia financeira da estratexia, e para saber se se cumpre o principio de concentración de recursos que goberna o novo período de programación.

A través da análise de pertinencia entre as debilidades recollidas na DAFO e os obxectivos fixados para a rexión, mídese a adecuación destes ás necesidades reais da rexión en termos económicos, sociais e ambientais.

Deste xeito determínase o grao no que a estratexia deseñada responde ás necesidades detectadas no diagnóstico da actual situación, ao tempo que se establece unha xerarquización das necesidades e dos obxectivos.

Unha lectura horizontal das táboas 11 e 12 permite detectar obxectivos intermedios, cuxa capacidade de impacto sobre as debilidades ou fortalezas detectadas é alta, mentres que unha lectura vertical permite estudar cales son as debilidades ou fortalezas en maior medida atendidas pola árbore de obxectivos deseñada.

Obsérvase unha relación múltiple entre os diferentes obxectivos e debilidades recollidas na DAFO. Non obstante, todas as actuacións previstas no marco de actuación do Programa operativo, e englobadas dentro dos obxectivos específicos, responden ás necesidades identificadas no diagnóstico. O obxectivo intermedio 12 sinalase como o menos vinculado coas debilidades detectadas, o que, como se verá despois, está relacionado coa asistencia técnica.

⁷ 0 = sen relación; 2 = relación moderada; 5 = relación forte

Táboa 11: Pertinencia entre os obxectivos intermedios do PO e as debilidades rexionais.

OBXECTIVOS INTERMEDIOS DO MECEGA	DEBILIDADES DETECTADAS NO DIAGNÓSTICO														TOTAL IMPACTO
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	
1. Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte e mellorar a intermodalidade e interoperabilidade dos diferentes transportes.	5	5	0	2	5	5	2	0	0	0	0	0	0	0	24
2. Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno.	5	2	0	2	0	5	2	5	0	0	0	0	0	0	21
3. Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible	5	2	0	0	2	5	2	0	0	0	0	0	0	0	16
4. Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables).	0	2	0	0	0	5	0	0	0	0	0	0	0	0	7
5. Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT).	0	0	0	5	0	2	0	0	2	5	2	0	0	2	18
6. Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial orientadas cara a produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.	0	0	0	5	0	0	0	0	5	5	5	2	0	2	24
7. Estender e difundir as tecnoloxías da información e as comunicacións de xeito que se garanta a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas	5	5	0	2	0	0	0	0	2	2	5	5	0	0	26
8. Apoiar o investimento empresarial cara a unha mellor proxección internacional e no acceso ao financiamento.	0	0	0	5	0	0	0	0	5	2	2	2	0	2	18
9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.	2	2	5	0	0	0	2	0	2	0	2	0	0	0	15
10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.	0	0	5	0	0	0	0	0	2	2	5	0	5	0	19
11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación segundo as necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.	0	0	0	5	0	0	0	0	2	2	2	0	5	0	16
12. Reforzar a capacidade de xestión da Administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	5	0	0	0	5
13. Reforzar o investimento na promoción do benestar sanitario e da seguridade no traballo.	0	0	5	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	5
14. Apoiar un desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo aos seus problemas socioeconómicos e ambientais.	5	5	0	2	5	5	2	2	0	0	2	2	0	2	32
15. Complementar as políticas sectoriais especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible daquelas zonas de alto potencial de crecemento.	5	5	2	2	5	2	5	5	0	0	0	5	0	2	38
16. Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios.	0	5	0	5	5	0	0	0	5	0	2	5	0	2	29
TOTAL (IMPACTO DE CADA NECESIDADE SOBRE OS OBXECTIVOS)	32	33	17	35	22	29	15	12	25	18	32	21	10	12	

Fonte: Elaboración propia

Táboa 12: Pertinencia entre os obxectivos intermedios do MECEGA e as fortalezas rexionais.

OBXECTIVOS INTERMEDIOS DO MECEGA	FORTALEZAS DETECTADAS NO DIAGNÓSTICO													TOTAL IMPACTO
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	
1. Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte e mellorar a intermodalidade e interoperabilidade dos diferentes transportes.	5	0	0	2	5	0	0	2	0	0	0	0	0	14
2. Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno.	0	5	0	0	0	5	5	0	0	0	0	2	0	17
3. Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible	2	0	0	0	2	0	2	0	0	0	0	0	0	6
4. Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables).	0	0	0	0	0	5	2	0	0	0	0	0	0	7
5. Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT).	0	0	0	0	0	2	2	5	5	5	0	0	5	24
6. Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial orientadas cara a produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.	0	0	2	0	0	0	0	5	5	5	0	0	5	22
7. Estender e difundir as tecnoloxías da información e as comunicacións de xeito que se garanta a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas	0	0	0	0	0	0	0	2	0	2	0	0	0	4
8. Apoiar o investimento empresarial cara a unha mellor proxección internacional e no acceso ao financiamento.	5	0	5	5	2	0	0	5	5	0	0	0	5	32
9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.	0	0	0	0	0	0	0	2	0	5	0	0	2	9
10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.	0	0	0	0	0	0	0	0	0	5	0	0	5	10
11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación segundo as necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.	0	0	0	0	0	0	0	0	0	5	0	0	5	10
12. Reforzar a capacidade de xestión da Administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.	0	0	0	0	0	0	0		0	0	0	0	0	0
13. Reforzar o investimento na promoción do benestar sanitario e da seguridade no traballo.	0	0	0	0	0	0	0	0	0	0	5	0	0	5
14. Apoiar un desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo aos seus problemas socioeconómicos e ambientais.	2	5	0	0	5	0	0	2	2	2	2	2	5	27
15. Complementar as políticas sectoriais especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible daquelas zonas de alto potencial de crecemento.	2	5	0	0	2	2	5	5	5	5	2	2	2	37
16. Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios.	5	0	2	2	0	5	0	0	2	5	0	2	5	28
TOTAL (IMPACTO DOS OBXECTIVOS SOBRE AS FORTALEZAS)	21	15	9	9	16	19	16	28	24	39	9	8	39	

Fuente: Elaboración propia

A través da explotación destas táboas pódense extraer as seguintes conclusións:

- As **debilidades** que en maior medida se verán afectadas pola posta en marcha da estratexia do MECEGA son:
 - Aqueles debilidades relacionadas co **desequilibrio territorial** entre a franxa costeira e o interior (d.1) a **competitividade do tecido produtivo galego**

(d.4), dende o punto de vista da innovación empresarial e o investimento en I+D (d.11) e a penetración das TIC (d.12).

- Séguenlle aquelas debilidades relacionadas coa **acesibilidade do territorio** (d.2), a **protección do medio natural** e a utilización das enerxías renovables (d.6).
- Por último quedan aquelas debilidades relacionadas con ámbitos máis específicos como a falla de solo industrial (d. 12), a política forestal (d.8) e a difícil absorción de **man de obra cualificada** por parte das empresas (d.13).

Tendo en conta o grao de afectación de cada necesidade por parte de cada obxectivo, pódense extraer as seguintes conclusións:

- No que atinxe ás **fortalezas** pódese apreciar como estas encontran un tratamento semellante por parte dos obxectivos do MECEGA, quedando xerarquizadas no seguinte orde:
 - Aquelas fortalezas relacionadas coas **potencialidades do tecido produtivo galego**, no tocante á capacidade de arrastre das súas empresas e madurez do seu sector industrial (f.13-39), a presenza de grandes empresas líderes (f.8-28) e a calidade da man de obra galega (f.10-39).
 - Seguen as fortalezas relacionadas coa **situación xeodemográfica de Galicia**, caracterizada pola súa situación estratéxica de cara ao mar (f.1 - 21) e o seu potencial medioambiental e de xeración de enerxías renovables (f.2-15, f.6-19 y f.7-16).
 - A presenza de intermediarios financeiros (f.9 - 24) tamén poderá ser explotada a través da implementación da estratexia do MECEGA.
 - Por último quedan aquelas fortalezas máis específicas, como son a oferta de servizos sanitarios (f.11 - 9) e turísticos (f.12 - 8) ou a explotación da economía portuaria (f.4 - 9) e aeroportuaria (f.5 - 16).

Xerarquización de obxectivos

- No que atinxe aos obxectivos, a través da análise das táboas anteriores pódese determinar cal é a capacidade de manobra de cada obxectivo sobre o conxunto das debilidades e as fortalezas, distinguindo entre obxectivos relevantes (os que atenden un maior número de debilidades) e obxectivos específicos (aqueles cun maior impacto, pero que reciben atención de poucas debilidades).
- Os obxectivos intermedios quedan **xerarquizados** da seguinte maneira:
 - Pola súa caracterización como obxectivos transversais e territoriais, máis que sectoriais, os **obxectivos 14, 15 e 16** poden desempeñar un papel moi destacado na estratexia de Galicia para o próximo período 2007-2013, xa que actúan sobre a meirande parte das debilidades e fortalezas.

- Dentro dos obxectivos máis específicos o **obxectivo 8** destaca pola súa importancia fundamental na dinamización da competitividade e por estar relacionado con varios aspectos da economía galega (mercado de traballo, innovación, internacional). Grazas á posta en marcha da súas actuacións poderá dar unha resposta axeitada ás necesidades de Galicia de cara á globalización e competitividade do mercado internacional.
- Os **obxectivos 5 e 6** caracterízanse tamén polo seu factor impulsor da economía e a estrutura produtiva galega, facendo fincapé nas necesidades da rexión en termos de innovación empresarial e investimento en I+D.
- Séguenlle aqueles obxectivos relacionados coas prioridades do Fondo Social Europeo e a mellora do mercado laboral, os **obxectivos 9, 10 e 11**.
- Os obxectivos relacionados coa DE 1. traballarán en pos de mellora do sistema galego de transporte (**obxectivo 1**) como elemento fundamental para o aumento da competitividade das súas empresas, ao mesmo tempo que a través do **obxectivo 2** se establecerá unha correspondencia entre o crecemento e a protección do medio ambiente en vistas de asegurar un desenvolvemento sostible para a rexión.
- O **obxectivo 7** establece como prioridade estender a sociedade da información como principal vehículo do coñecemento, e as súas medidas serán tanto de carácter tanxible como intanxible.
- Por último, os **obxectivos intermedios 3, 4 e 13**, ao teren un carácter máis específico, pero non por iso menos importante, colócanse ao final da lista de obxectivos.
- Cómpre sinalar que o **obxectivo 12**, polo seu carácter máis administrativo só afecta a unha das necesidades e fortalezas detectadas para a rexión, na súa dimensión relativa á administración electrónica, aínda que responde ás prioridades europeas de transparencia e eficacia administrativas.

Conclusiones:

- A estratexia presentada está expresada de forma avaliable e comprensible. Cada un dos obxectivos intermedios está relacionado directamente cun obxectivo final, a pesar de que indirectamente a relación é múltiple, tal e como se verá na análise de coherencia interna.
- A formulación conceptual dos obxectivos é apropiada e a súa representación gráfica axeitada.
- Os obxectivos están aliñados coas necesidades da rexión e coas prioridades europeas, atendendo a elementos relacionados coas tres Directrices estratéxicas comunitarias.
- Estas necesidades encontrarán solución mediante o despregamento de actuacións que responden á filosofía subxacente ao novo periodo de programación.
- As debilidades en maior medida afectadas son as que están relacionadas cos desequilibrios territoriais de Galicia en termos de transporte, acceso a servizos e a capacidade de innovación empresarial, para constituírse como un tecido competitivo, que á súa vez dea atraído capital estranxeiro, fundamentalmente a D1 e D2.
- Nun segundo nivel encóntranse as debilidades relacionadas coa estrutura económica tradicional de tamaño pequeno, altamente consumidora de enerxía e escasamente interconectada (físicamente e en termos de TIC), o que conduce a un mercado laboral de reducido valor engadido que en determinados ámbitos “expulsa” man de obra cualificada.
- No que atinxe aos obxectivos e a súa incidencia sobre as debilidades, destacan aqueles relacionados co transporte e a I+D+i. Séguenlles aqueles relacionados co desenvolvemento local e urbano, o medio ambiente e o mercado laboral.

3. ANÁLISE DA COHERENCIA INTERNA

Unha vez valorada a calidade do diagnóstico e a coherencia entre os obxectivos prefixados polo MECEGA e as debilidades e fortalezas da rexión, procédese a avaliar a coherencia interna do diagnóstico. Para iso, procederáse, nun primeiro momento, a realizar unha valoración da sinerxía existente entre os diferentes obxectivos e a continuación analizarase o grao de consistencia existente entre os obxectivos da rexión e os eixes dos Programas operativos de FEDER e FSE establecidos no Marco estratéxico nacional de referencia (MENR), en liña coas prioridades da Unión Europea.

3.1. AVALIACIÓN DA SOLIDEZ INTERNA DO MECEGA: SINERXÍA ENTRE OBXECTIVOS

Para asegurar a coherencia interna da estratexia e a efectividade dos obxectivos elixidos para a posta en marcha do novo período de programación en Galicia, é preciso valorar de que xeito cada un destes obxectivos é capaz de influír sobre os restantes. A través deste exercicio detectaranse as sinerxías que unha boa implementación da estratexia producirá na rexión, ademais de permitir a clasificación xerárquica dos obxectivos, necesaria para a posterior valoración da coherencia financeira do MECEGA.

Para realizar esta valoración fíxose o exercicio analítico de construír unha matriz de sinerxías entre obxectivos intermedios (unha matriz simétrica na que se lles asignan valores ás relacións que manteñen entre si os diferentes obxectivos⁸). Para valorar as sinerxías entre obxectivos hai que analizar o efecto que ten cada obxectivo sobre a consecución dos restantes. Esta capacidade de incidir sobre outros obxectivos pode producirse ben por influencia ou ben por sensibilidade, tal como amosa a táboa 13.

Como é lóxico tratándose dunha estratexia integrada a longo prazo, unha análise pormenorizada das sinerxías entre obxectivos detectaríase a existencia de relacións indirectas entre todos e cada un dos obxectivos aquí presentados. Non obstante, nesta táboa quíxose expoñer a relación directa existente entre os diferentes obxectivos, considerándoa máis pertinente co exercicio deste traballo, ao ilustrar dun xeito máis claro aquelas vinculacións de maior alcance, e necesarias para a posta en marcha da estratexia.

Como pode apreciarse na táboa 13 procedeu a cuantificar o impacto estimado dun obxectivo sobre outro. A través deste exercicio conseguiu identificarse o grao de sensibilidade de cada obxectivo (GRAO DE ATENCIÓN), así como a súa capacidade para influír sobre os demais (GRAO DE IMPACTO). Na última fila e columna aparece a porcentaxe real das sinerxías

⁸ 0 = sen relación; 2 = relación moderada; 5 = relación forte

desenvolvidas con respecto ás potenciais (representadas polo produto entre o total dos obxectivos e o máximo de valoración).

Táboa 13: Obxectivos con maior influencia e sensibilidade con respecto á estratexia

OBXECTIVOS INTERMEDIOS	OBXECTIVOS INTERMEDIOS																IMPACTO	%
	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16		
1. Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade e interoperabilidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade viaria.		2	5	5	2	5	2	5	0	0	0		0	5	5	5	41	55%
2. Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno.	0		2	5	2	2	0	2	0	0	2		0	5	5	5	30	40%
3. Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible.	5	5		5	2	0	0	0	0	0	0		0	5	5	5	32	43%
4. Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables).	2	5	2		5	2	0	2	0	0	0		0	5	5	5	33	44%
5. Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT) e impulsar iniciativas de cooperación empresarial.	2	2	2	5		5	5	5	2	2	5		0	5	5	5	50	67%
6. Fomentar a innovación empresarial e impulsar a cooperación entre os diferentes axentes do sistema cunha orientación cara á produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.	2	2	0	2	5		5	5	2	5	5		0	5	5	5	48	64%
7. Estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas lóxicas garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas.	2	0	0	0	5	5		5	5	5	5		0	5	5	5	47	63%
8. Apoiar o investimento empresarial cara a unha mellora na proxección internacional e no acceso ao financiamento.	0	0	0	0	5	5	5		5	5	5		0	5	5	5	45	60%
9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.	0	0	0	0	2	2	5	5		5	5		0	5	5	5	39	52%
10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.	0	0	0	0	2	5	5	2	5		5		0	5	5	5	39	52%
11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación segundo as necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.	0	0	0	0	5	5	5	2	5	5			0	5	5	5	42	56%
12. Reforzar a capacidade de xestión da Administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.																		0%
13. Reforzar o investimento na promoción do benestar sanitario e da seguridade no traballo.	0	0	0	0	0	0	0	2	5	5	5			2	2	0	21	28%
14. Apoiar un desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais, atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais	5	5	2	5	5	5	5	5	5	5	5		2		2	5	61	81%
15. Complementar as políticas sectoriais especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible de aquelas zonas de alto potencial de crecemento.	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5	5		2	2		5	64	85%
16. Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios.	5	5	2	5	5	5	5	5	5	5	5		2	5	5		64	85%
GRAO DE ATENCIÓN	28	31	20	37	50	51	47	50	44	47	52	0	6	64	64	65		
%	37%	41%	27%	49%	67%	68%	63%	67%	59%	63%	69%	0%	8%	85%	85%	87%		

Fonte: Elaboración propia

Tras a explotación desta táboa polo equipo avaliador alúmanse unha serie de conclusións que permite establecer a seguinte xerarquización dos obxectivos, atendendo á súa coherencia interna:

- **OBXECTIVOS BÁSICOS**, son aqueles cunha capacidade de influencia maior que a media e cunha sensibilidade menor que a media, polo que se definen pola súa alta capacidade de arrastre. No caso do MECEGA soamente o **obxectivo 1** entra nesta categoría, reiterando a importancia fundamental da posta en marcha dun sistema de transportes moderno e eficiente como principal prerrogativa para o crecemento da rexión.
- **OBXECTIVOS SENSIBLES**, teñen unha maior dependencia do resto dos obxectivos, xa que o seu grao de influencia é menor que a súa sensibilidade. Por definición, estes obxectivos deben ser baluartes de liñas estratéxicas de carácter transversal e requiren o apoio explícito nos contidos e actuacións do resto de obxectivos. Dentro desta tipoloxía atopámonos principalmente cos obxectivos

relativos ás **intervencións do Fondo Social Europeo**, sendo imprescindible para a súa consecución unha clara vontade política de fomento da igualdade, a mellora das condicións laborais e a aposta para a educación e a formación dos futuros traballadores, e co **obxectivo 8** en favor do investimento empresarial e internacionalización das empresas galegas.

- **OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS**, son aqueles cunha valoración moi alta tanto en influencia como en sensibilidade con respecto á media. Teñen capacidade de arrastre sobre o resto dos obxectivos e ao mesmo tempo vense afectados polos demais; caracterízanse polo seu efecto multiplicador.

A maioría dos obxectivos fixados nos Programas operativos responden a este tipo de obxectivos. Isto se explica polo feito de que o MECEGA é o instrumento estratéxico polo cal a Xunta de Galicia porá en marcha os seus programas operativos e, polo tanto, carece na descrición da súa estratexia de elementos simplemente operativos. Este é o caso dos obxectivos 2 a 7. Destacan entre todos eles **os obxectivos transversais 14, 15 e 16** pola súa dimensión territorial e a súa aplicabilidade a todas as actuacións previstas pola Xunta.

Os obxectivos relacionados coa D.E.C. 2⁹ tamén amosan uns graos de atención e impacto ben superiores á media, corroborando a importancia estratéxica que estes obxectivos desempeñarán na próxima programación europea.

- **OBXECTIVOS INDEPENDENTES**, son aqueles cuxo grao de impacto e a súa sensibilidade son inferiores á media debido, na maioría dos casos, a súa especificidade. É o caso dos **obxectivos 12 e 13**.

Conclusiones:

- Prodúcese importantes sinerxías entre os obxectivos intermedios que constitúen a estrutura do MECEGA. En resumo, a estratexia que vai acometer a Xunta de Galicia con Fondos Estructurais no seu conxunto conta cunha elevada coherencia interna o que permite elevar a súa efectividade.
- Xunto ao obxectivo intermedio básico relativo á accesibilidade da rexión e a súa conexión no contexto das redes transeuropeas, conviven obxectivos sensibles, que se ven influenciados por moitos pero que non inflúen sobre os demais, aínda que a maioría dos obxectivos presentados son estratéxicos, ben polo seu efecto multiplicador, ben pola súa capacidade de arrastre.
- En consecuencia, terá que existir unha relación coherente e positiva entre a distribución total dos recursos financeiros por obxectivos intermedios e a xerarquización segundo influencia e sensibilidade

⁹ Directriz estratéxica comunitaria 2: "Mellorar os coñecementos e a innovación en favor do crecemento: promover a innovación, a iniciativa empresarial e o crecemento da economía do coñecemento mediante capacidades de investigación e innovación, incluídas as TIC".

3.2. ANÁLISE DA CONSISTENCIA ENTRE OS OBXECTIVOS INTERMEDIOS DO MECEGA E OS EIXES DO MENR

No marco da reforma da política de cohesión 2007-2013, establecéronse os seguintes eixes que representan a dimensión operativa da estratexia do Marco estratéxico nacional de referencia (no sucesivo, MENR) e polos cales se rexerán os mecanismos de financiamento dos Fondos Estructurais (táboa 14).

Como último paso para a avaliación da coherencia interna da estratexia do MECEGA, analízase a relación entre os obxectivos do MECEGA e os eixes previstos no MENR.

Táboa 14: Eixes prioritarios do FEDER e do FSE para o próximo período 2007-2013 segundo MEF e MTAS.

Eixes FEDER	Eixes FSE
1. Desenvolvemento da economía do coñecemento (I+D+i, Educación, Sociedade da Información e TIC)	1. Fomento do espírito empresarial e mellora da adaptabilidade de traballadores, empresas e empresarios
2. Desenvolvemento e innovación empresarial	2. Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres
3. Medio ambiente, contorno natural, recursos hídricos e prevención de riscos	3. Aumento e mellora do capital humano
4. Transporte e enerxía	4. Cooperación transnacional e interrexional
5. Desenvolvemento sostible local e urbano	5. Asistencia técnica
6. Investimentos en infraestruturas sociais	
7. Asistencia técnica	

Fonte: Documento MENR de DX Fondos Comunitarios do MEF do 9 de xuño de 2006

Na táboa 15 establécese a relación directa entre os obxectivos do MECEGA e os eixes de FEDER e FSE polos que se definirán as actuacións cofinanciadas por cada fondo. Igual ca na análise de sinerxías entre obxectivos, existe unha relación indirecta entre moitos dos obxectivos intermedios e as actuacións que se prevé poñer en marcha en cada un dos eixes recollidos polo MENR. Non obstante, para os efectos da análise de pertinencia deste documento, considerouse máis relevante analizar só a relación directa.

Non entanto, cómpre mencionar que todos e cada un dos obxectivos intermedios establecidos serán atendidos polas actuacións previstas nalgún dos eixes FEDER e FSE.

Cómpre resaltar nesta análise o obxectivo intermedio 11, “Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación de acordo coas necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas”, atendido de forma directa por 3 eixes: o eixe 6 do FEDER (“Infraestruturas sociais”), e os eixes 2, “Fomentar a empregabilidade, a inclusión social e a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres”, e 3 do FSE, “Aumento e mellora do capital humano”. Os obxectivos 2 e 14 tamén se plasman en tres eixes: o obxectivo intermedio 2 vese atendido polos eixes 2, 3 e 5 do FEDER e o obxectivo intermedio 14 polos eixes 3 e 5 do FEDER e 2 do FSE.

O esforzo de conversión dunha sociedade baseada no coñecemento debe pasar polo incremento das actividades cuxo destino é mellorar o capital humano dende diferentes perspectivas: a súa capacidade de desenvolvemento de coñecemento cara a actividades de maior valor engadido,

tendentes á innovación e á mellora da produtividade; a mellora da capacidade dos traballadores e empresas para adaptarse aos novos cambios na sociedade e, finalmente, a mellora de capital humano dende as súas bases, mellorando a educación e adaptándoa aos novos contornos empresariais e ás súas necesidades.

O resto dos obxectivos están sendo cubertos por 1 ou 2 eixes. Seis obxectivos intermedios teñen unha relación directa con dous eixes, en case todos os casos uno do PO de FEDER e outro do PO FSE; e, finalmente, outros 10 obxectivos intermedios manteñen unha relación directa e unívoca cun só eixe, 9 deles refírense unicamente a eixes de FEDER e o obxectivo intermedio 9 soamente a FSE. O resto vese reflectido no artellamento estratéxico de ambos os fondos.

Táboa 15: Relación entre obxectivos do MECEGA e eixes do FEDER e FSE.

Obxectivo final sobre o que inflúe	Obxectivos intermedios MECEGA	EIXES FEDER							EIXES FSE					
		1	2	3	4	5	6	7	1	2	3	4	5	
OF 1	1. Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade e a interoperabilidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade viaria.				X									
OF 4	2. Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno.		X	X		X								
OF 4	3. Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible.				X									
OF 4	4. Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables).				X									
OF 2	5. Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT).	X												
OF 2	6. Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial orientadas cara á produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.	X	X											
OF 1	7. Estender e difundir as tecnoloxías da información e as comunicacións de xeito que se garanta a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas	X												
OF 1	8. Apoiar o investimento empresarial cara a unha mellora da proxección internacional e no acceso ao financiamento.		X											
OF 3	9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.									X				
OF 3	10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.									X				
OF 3	11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación segundo as necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.						X			X	X			
OF 1	12. Reforzar a capacidade de xestión da Administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.							X						X
OF 3	13. Reforzar o investimento na promoción do benestar sanitario e da seguridade no traballo.						X			X				
OF 1	14. Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo aos seus problemas socioeconómicos e ambientais.			X		X				X				
OF 4	15. Complementar as políticas sectoriais especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible daquelas zonas de alto potencial de crecemento.					X	X							
OF 1	16. Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios.				X								X	

Conclusións:

- Corrobórase a validez da estratexia elaborada por Galicia, a través da cal se garante que as actuacións que se enmarcarán dentro dos obxectivos intermedios aquí relacionados poderán ser correctamente desenvolvidas mediante las prioridades marcadas polo Goberno español no MENR.
- Queda de manifesto a importancia fundamental dos obxectivos 2 e 14, relacionados co desenvolvemento sostible e equilibrado, o obxectivo intermedio 5 relacionado coa I+D+i e os obxectivos intermedios relacionados directamente co FSE: OI 10 e OI 11, que encontran aplicación en varios dos eixes establecidos no MENR.

4. ANÁLISE DA COHERENCIA EXTERNA

No seguinte apartado analízase a validez dos obxectivos estratéxicos formulados con relación a diferentes aspectos do marco estratéxico institucional (europeo e nacional) co fin de achegar unha primeira aproximación á coherencia de tales obxectivos.

En primeiro lugar analizouse a relación existente entre os obxectivos formulados no marco de Galicia e as Directrices estratéxicas comunitarias para o próximo período 2007-2013 da Política de cohesión en apoio ao crecemento e o emprego. En segundo lugar, analizarase a coherencia entre os obxectivos do MECEGA e os eixes do Plan Nacional de Reformas de España sobre converxencia e emprego, que constitúe o instrumento de planificación do Goberno de España para darlle cumprimento á Estratexia de Lisboa.

4.1. A COHERENCIA EXTERNA NA NOVA POLÍTICA DE COHESIÓN

a) Análise da pertinencia entre os obxectivos intermedios do MECEGA e as Directrices estratéxicas comunitarias 2007 – 2013.

A análise de pertinencia serve para analizar o equilibrio entre os obxectivos intermedios do MECEGA e as prioridades estratéxicas en materia de cohesión en apoio ao crecemento e o emprego.

Polo tanto, para asegurarmos a coherencia entre os obxectivos intermedios de Galicia para 2007-2013 e os europeos propúxose unha relación entre estes e as Directrices estratéxicas comunitarias para o crecemento e o emprego que se detalla a continuación (táboa 16)

Táboa 16: Relación entre DEC, obxectivos do MECEGA e Eixes do FEDER e FSE.

Directrices estratéxicas comunitarias 2007-2013		Obxectivos intermedios do MECEGA	Eixes FEDER	Eixes FSE
Obxectivos prioritarios	Medidas			
D 1. Converter Europa nun lugar máis atractivo para investir e traballar	D 1.1 Ampliar e mellorar as infraestruturas e o sistema de transporte	1. Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte; impulsar a intermodalidade e a interoperabilidade dos diferentes transportes; mellorar a accesibilidade interior do seu territorio e fomentar a seguridade viaria.	Eixe 4	
	D 1.2. Reforzar as sinerxías entre protección do medio ambiente e crecemento	2. Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno.	Eixes 2, 3 e 5	
		3. Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible.	Eixe 4	
	D 1.3. Tratar o uso intensivo das fontes de enerxías tradicionais en Europa	4. Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes.	Eixe 4	
D 2. Mellorar os coñecementos e a innovación en favor do crecemento	D 2.1 Aumentar e mellorar o investimento en I+D+i	5. Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT).	Eixe 1	
	D 2.2 Facilitar a innovación e promover a iniciativa empresarial	6. Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial orientadas cara á produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.	Eixes 1 e 2	
	D 2.3. Promover a sociedade da información para todos	7. Estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións e as plataformas loxísticas garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas.	Eixe 1	
	D 2.4. Mellorar o acceso ao financiamento	8. Apoiar o investimento empresarial cara a unha mellora da proxección internacional e no acceso ao financiamento.	Eixe 2	
D 3. Máis e mellores empregos	D 3.1. Atraer máis persoas para que se incorporen ao mercado laboral	9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.		Eixe 2
	D 3.2. Mellorar a adaptabilidade dos traballadores e as empresas e a flexibilidade do mercado laboral	10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.		Eixe 1
	D 3.3. Aumentar o investimento en capital humano mellorando a educación e as cualificacións	11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación segundo as necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.	Eixe 6	Eixes 2 e 3
	D 3.4. Capacidade administrativa	12. Reforzar a capacidade de xestión da Administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación.	Eixe 7	Eixe 5
	D 3.5. Axudar a manter unha poboación activa sa	13. Reforzar o investimento na promoción do benestar sanitario e da seguridade no traballo.	Eixe 6	Eixe 2
Outros obxectivos, que inclúen a dimensión territorial	A contribución das cidades ao crecemento e ao emprego	14. Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo aos seus problemas socioeconómicos e ambientais.	Eixes 3 e 5	Eixe 2
	Apoiar a diversificación económica das zonas rurais	15. Complementar as políticas sectoriais especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible daquelas zonas de alto potencial de crecemento.	Eixes 5 e 6	
	Promover a cooperación europea en favor do desenvolvemento económico	16. Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios.	Eixe 4	Eixe 4

Fonte: Elaboración propia

No que atinxe á **Directriz 1, “Converter Europa nun lugar máis atractivo para investir e traballar”**, Galicia aínda adoece dun importante déficit de infraestruturas que limita as súas oportunidades de crecemento e de competitividade fronte ao exterior. En materia de transporte Galicia daralles prioridade a aqueles proxectos de transporte destinados a completar as conexións coas redes transeuropeas de transporte e a mellorar a intermodalidade e interoperabilidade dos seus diferentes sistemas de transporte. Con respecto ás políticas de medio ambiente, Galicia reforzará o seu potencial rexional como vehículo de desenvolvemento económico, sen esquecer a protección e mellora do seu contorno. Polo seu elevado potencial en materia de enerxías renovables, Galicia traballará na redución da súa dependencia enerxética e no fomento da investigación e a utilización de novas fontes de enerxías renovables.

Con respecto á **Directriz 2, “Mellorar os coñecementos e a innovación en favor do crecemento”**, Galicia atópase aínda moi lonxe de conseguir os obxectivos europeos fixados para 2010 en materia de economía do coñecemento. Os seus indicadores de investigación, desenvolvemento tecnolóxico, sociedade da información e innovación amosan importantes déficits con respecto á media das rexións europeas, e a súa dificultade para dotarse de infraestruturas empresariais de vangarda, agravado polo difícil acceso ao financiamento das súas empresas, debilita tanto o desenvolvemento das empresas existentes no territorio como as súas potencialidades de converterse nun foco de atracción de investimento nacional e estranxeiro.

Por estes motivos os esforzos de Galicia para o próximo período de financiamento centraranse no aumento do investimento en I+D, sobre todo por parte das súas empresas, no fomento da innovación empresarial como fonte de competitividade, na extensión da Sociedade da Información en todos os ámbitos da sociedade, e por último na mellora das oportunidades de financiamento por parte das súas empresas.

En relación coa **Directriz 3, “Máis e mellores empregos”**, Galicia deberá optar por un modelo de crecemento baseado nunha maior cualificación laboral, que responda ás características internas do seu tecido empresarial e que saiba facerlle fronte a un contexto internacional cada vez máis competitivo. Os obxectivos de Galicia para 2007-2013 responden así aos obxectivos e prioridades fixados polo Fondo Social Europeo, co obxectivo de crear un mercado de traballo máis dinámico e máis inclusivo, que ofrezca estabilidade e oportunidades de crecemento profesionais.

Cómpre sinalar que os obxectivos **14, 15 e 16** responden ao enfoque territorial intrínseco á política de cohesión, e afectan de forma directa e indirecta ao conxunto das directrices anteriormente mencionadas. Refírense polo tanto ás subdirectrices de contribución das cidades ao crecemento e ao emprego, o apoio á diversificación económica das zonas rurais e a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional como instrumento de mellora da competitividade e o coñecemento.

Este enfoque, que se potenciou para este novo período de financiamento, descansa no feito de que unha das características determinantes da política de cohesión reside na súa capacidade para adaptarse ás necesidades e características particulares derivadas dos problemas e

oportunidades específicos de cada realidade territorial, para impedir un desenvolvemento europeo desequilibrado que obstaculice todo o seu potencial de crecemento.

A dimensión territorial é dunha especial importancia polas zonas rurais e urbanas, e con máis razón nunha realidade xeográfica como a galega, caracterizada polo despoboamento do medio rural e un constante pero pouco cohesionado crecemento das súas cidades.

En canto ao **obxectivo 16**, este adscíbese ao novo pulo que a Unión Europea lle quere dar á cooperación en favor do crecemento e á integración harmónica e equilibrada do conxunto do territorio da Unión.

No marco desta cooperación Galicia promoverá o *networking*¹⁰ e intercambio de experiencias e terá como eixes de acción a I+D e a transmisión de coñecementos, a colaboración na posta en marcha de proxectos de infraestrutura física de envergadura que permitan mellorar a conexión con redes de transporte europeas e, por último, o medio ambiente, especialmente con relación á xestión integrada da auga.

Así, segundo o establecido nos Regulamentos (CE) 1080/2006 e 1081/2006, relativos a FEDER e FSE respectivamente, Galicia promoverá o desenvolvemento urbano sostible con accións de fortalecemento do crecemento económico, a renovación do contorno físico, a preservación e revitalización do patrimonio natural e cultural, o fomento do espírito empresarial e o emprego.

No medio rural as políticas de cohesión postas en marcha tamén apoiarán de xeito decisivo a rexeneración económica das zonas rurais, complementando as accións apoiadas polo novo fondo de desenvolvemento rural (FEADER), en materia de revitalización e modernización de sectores económicos, fomento do emprego e a prestación de servizos de interese económico xeral. Nas zonas costeiras dependentes da pesca, as accións do FEDER deberán complementarse coas do novo Fondo Europeo da Pesca (FEP).

b) Análise da pertinencia entre os obxectivos do MECEGA e o PNR

Co fin de acadar os obxectivos mencionados na Estratexia de Lisboa, o Goberno español decidiu estruturar a súa política económica ao redor de sete eixes fundamentais, que conforman o Programa nacional de reformas, e que responden ás vinte e catro directrices integradas da nova Estratexia de Lisboa.

Táboa 17: Relación de eixes recollidos no PNR de España de converxencia e emprego de outubro 2005.

EIXES DO PROGRAMA NACIONAL DE REFORMAS	
EJE 1.	Reforzo da Estabilidade Macroeconómica e Orzamentaria.
EJE 2.	O Plan Estratéxico de Infraestruturas e Transporte (PEIT) e do Programa de Actuacións para a Xestión e Utilización da Auga (AGUA).
EJE 3.	Aumento e mellora do capital humano.
EJE 4.	A estratexia de I+D+i (INGENIO 2010).
EJE 5.	Máis competencia, mellor regulación, eficiencia das administracións públicas e competitividade.
EJE 6.	Mercado de Traballo e Diálogo Social.
EJE 7.	O Plan de Fomento Empresarial.

Fonte: Programa nacional de reformas, outubro 2005

¹⁰ Redes de cooperación

Este apartado analiza a coherencia da formulación estratéxica coa Estratexia de Lisboa, traducida polo Goberno español no seu Programa nacional de reformas 2005-2008. Esta análise é fundamental para asegurar que a implementación dos obxectivos de Galicia producirá efectos beneficiosos sobre o conxunto do territorio europeo, corroborando aínda máis a súa validez.

Tal como reflicte a táboa 18, os 16 obxectivos intermedios do PO atenden de forma coherente todas as directrices comunitarias. Por outra banda, contribúe á execución dun gran número de eixes do PNR, concretamente os eixes 2 (obxectivos 1 a 4), 3 (obxectivos 7, 10 e 11), 4 (obxectivos 5, 6 e 7), eixe 5 (obxectivo 12), eixe 6 (obxectivos 9,10 e 13) e eixe 7 (obxectivos 6 e 8).

Táboa 18: Relación entre obxectivos intermedios do MECEGA, Directrices estratéxicas comunitarias, PNR e Eixes FEDER e FSE.

OBXECTIVOS INTERMEDIOS DO MECEGA	DEC	Obxectivos prioritarios	P.N.R.	Eixes FEDER	Eixes FSE
1. Completar a conexión coas redes transeuropeas de transporte e mellorar a intermodalidade e interoperabilidade dos diferentes transportes.	DEC 1 "Converter Europa nun lugar máis atractivo para investir e traballar"	Amplicar e mellorar as infraestruturas e o sistema de transporte	EIXE 2 "PEIT e AGUA"	Eixe 4	
2. Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno.		Reforzar as sinerxías entre protección do medio ambiente e crecemento		Eixes 2,3 e 5	
3. Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible		Tratar o uso intensivo das fontes de enerxías tradicionais en Europa		Eixe 4	
4. Reducir a dependencia enerxética e optimizar os recursos enerxéticos existentes (enerxías renovables).				Eixe 4	
5. Fortalecer a competitividade das empresas apoiando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico (I+DT).	DEC 2 "Mellorar os coñecementos e a innovación en favor do crecemento".	Aumentar e mellorar o investimento en I+D+i	EIXE 4 "INGENIO 2010"	Eixe 1	
6. Fomentar a innovación empresarial e impulsar as iniciativas de cooperación empresarial orientadas cara á produción, a difusión e a utilización de novos coñecementos polas empresas.		Facilitar a innovación e promover a iniciativa empresarial	EIXE 4 "INGENIO 2010" e EIXE 7 "Plan de Fomento Empresarial"	Eixes 1 e 2	
7. Estender e difundir as tecnoloxías da información e as comunicacións de xeito que se garanta a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas		Promover a sociedade da información para todos	EIXE 4 "INGENIO 2010" e EIXE 3 "Mellora do capital humano"	Eixe 1	
8. Apoiar o investimento empresarial cara a unha mellor proxección internacional e no acceso ao financiamento.		Mellorar o acceso ao financiamento	EIXE 7 "Plan de Fomento Empresarial"	Eixe 2	
9. Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos.	DEC 3 "Máis e mellores empregos"	Atraer máis persoas para que se incorporen ao mercado laboral	EIXE 6 "Mercado do traballo e diálogo social"		Eixe 2
10. Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral.		Mellorar a adaptabilidade dos traballadores e as empresas e a flexibilidade do mercado laboral	EIXE 3 "Mellora do capital humano" EIXE 6 "Mercado do traballo e diálogo social"		Eixe 1
11. Mellorar e adaptar os sistemas de educación e formación segundo as necesidades reais da sociedade, a economía e as empresas.		Aumentar o investimento en capital humano mellorando a educación e as cualificacións	EIXE 3 "Mellora do capital humano"	Eixe 6	Eixes 2 e 3
12. Reforzar a capacidade de xestión da Administración rexional en apoio á eficacia e transparencia na execución e avaliación de políticas públicas.		Capacidade administrativa	EIXE 5 "Eficiencia das admóns. púb".	Eixe 7	Eixe 5
13. Reforzar o investimento na promoción do benestar sanitario e da seguridade no traballo.		Axudar a manter unha poboación activa sa	EIXE 6 "Mercado do traballo e diálogo social"	Eixe 6	Eixe 2
14. Apoiar un desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas e rurais atendendo aos seus problemas socioeconómicos e ambientais.	Directrices de carácter territorial	A contribución das cidades ao crecemento e ao emprego		Eixes 3 e 5	Eixe 2
15. Complementar as políticas sectoriais especialmente na dotación de servizos de interese económico xeral e no desenvolvemento económico sostible daquelas zonas de alto potencial de crecemento.		Apoiar a diversificación económica das zonas rurais		Eixes 5 e 6	
16. Fomentar a cooperación transfronteiriza, transnacional e interrexional centrando as actuacións en apoio do crecemento e a creación de emprego, e concretamente mellorando a interconexión física e intanxible dos territorios.		Promover a cooperación europea en favor do desenvolvemento económico		Eixe 4	Eixe 4

Fonte: Elaboración propia

Pódese polo tanto apreciar como a formulación estratéxica dos obxectivos de Galicia está en liña coas Directrices estratéxicas da Unión Europea, e cos eixes do Programa nacional de reformas.

Como se pode apreciar, o eixe 1 do PNR, **Reforzo da Estabilidade Macroeconómica e Orzamentaria**, é o único que non se ve afectado por ningún dos obxectivos propostos na

estratexia galega de FEDER. Este eixe responde a unha dimensión macroeconómica que se afasta do ámbito de actuación estricto da política de cohesión. Con todo, todas as actuacións que se levarán a cabo en Galicia no marco do financiamento europeo contribuirán, aínda de xeito indirecto, á consecución dunha maior estabilidade económica para o conxunto da rexión.

Así, a través dos obxectivos intermedios 1, 2, 3 e 4 do Programa operativo responderase ao **eixe 2 do PNR, Plan Estratéxico de Infraestruturas e Transporte (PEIT) e do Programa de Actuacións para a Xestión e Utilización da Auga (AGUA)**, cuxo obxectivo é acometer os investimentos necesarios para mellorar a accesibilidade e a intermodalidade dos sistemas de transporte e velar pola protección do medio ambiente e a xestión dos recursos naturais, en especial da auga.

Os obxectivos 7, 10 e 11 reflíctense no **eixe 3 do PNR, Aumento e Mellora do Capital Humano** orientado cara á mellora do sistema educativo e formativo e a adaptación da educación á Sociedade da Información. Estes obxectivos atoparán a súa materialización e contribución naquelas actuacións cofinanciadas principalmente polo FSE, aínda que nas rexións Converxencia, como Galicia, estas accións veranse reforzadas polo FEDER, mediante as axudas á construción de infraestruturas sociais.

Os obxectivos 5, 6 e 7 veñen darlle resposta ao **eixe 4 do PNR, a estratexia de I+D+i (INGENIO 2010)** destinado ao desenvolvemento da economía do coñecemento. Neste sentido Galicia a través da aplicación do seu Plan Galego de I+D+i e o Plan Galego de Sociedade da Información proporcionará un novo pulo á I+D+i e á adaptación cara ás novas tecnoloxías da información na rexión.

O **eixe 5 do PNR, Máis competencia, mellor regulación, eficiencia das administracións públicas e competitividade**, ao igual ca o eixe 1, pertence a unha dimensión máis macroeconómica ca a desenvolvida pola política de cohesión, aínda que este eixe se pode relacionar cos obxectivos de mellora da capacidade de xestión das administracións públicas, e encontrar a súa aplicación en Galicia grazas a aquelas actuacións relacionadas co obxectivo estratéxico 12 do Programa operativo.

Os obxectivos de mellora da empregabilidade e do mercado do traballo establecidos no eixe 6 do PNR, **Mercado de Traballo e Diálogo Social**, encontran a súa correspondencia cos obxectivos 9, 10 e 13. A través da implantación das actuacións en materia de igualdade de oportunidades, mellora da adaptabilidade e das axudas específicas a aqueles colectivos máis desfavorecidos, Galicia contribuirá á mellora da súa masa laboral e á prolongación da súa vida activa.

Galicia contribuirá ao **eixe 7 do PNR, o Plan de Fomento Empresarial**, a través da consecución dos obxectivos intermedios 6 e 8 do Programa operativo, polos cales se afrontará o déficit de desenvolvemento empresarial da rexión, fomentarse a competitividade das empresas de cara ao exterior e potenciarase a innovación e o espírito empresarial.

Por último cómpre sinalar que os **obxectivos 14, 15 e 16** son os que de modo máis representativo veñen responder á dimensión territorial que caracteriza a política de cohesión europea. A política de cohesión configúrase como o principal instrumento político e económico

para a consecución dun desenvolvemento harmonioso e sostible do conxunto da Unión, prestando unha especial atención a todas aquelas realidades territoriais que un espazo xeográfico tan heteroxéneo e complexo como o europeo presenta. Por este motivo estes obxectivos non contan cunha presenza directa no Programa nacional de reformas, que carece de dimensión territorial, aínda que se configuran como algúns dos principais obxectivos da nova política de cohesión, tal e como se recolle nas Directrices estratéxicas comunitarias.

Conclusiones:

- A formulación estratéxica dos obxectivos de Galicia está en liña coas Directrices estratéxicas da Unión Europea. Para cada unha das DE establecidas pola UE estableceuse un obxectivo xeral que adapta o enfoque estratéxico á realidade de Galicia converténdoo nun punto fundamental do MECEGA.
- Valórase a inclusión do enfoque da dimensión territorial na súa estratexia xa que responde á realidade xeográfica galega, caracterizada polo despoboamento do medio rural e un constante pero pouco cohesionado crecemento das súas cidades.
- Os obxectivos 14, 15 e 16 son os que de maneira máis representativa responden á dimensión territorial que caracteriza a política de cohesión europea. Aínda que non encontren unha correspondencia directa no Programa nacional de reformas, que carece de dimensión territorial, configúranse como algúns dos principais obxectivos da nova política de cohesión.
- A tradución dos obxectivos intermedios en obxectivos específicos e cuantitativos efectúase a nivel operativo, co fin de que respondan de xeito máis concreto ás necesidades da rexión e de poder realizar un seguimento da estratexia de intervención estrutural na rexión a 2010 e 2013.

4.2. GRAO DE COHERENCIA COAS PRIORIDADES TRANSVERSAIS DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

a) A igualdade de oportunidades entre homes e mulleres

A igualdade de oportunidades entre homes e mulleres segue sendo, para o período de financiamento 2007-2013, unha das prioridades horizontais da política de cohesión europea. Tal e como recolle o art. 16 do Regulamento (CE) 1083/2006 os estados membros e a Comisión velarán por promover a igualdade entre homes e mulleres e a integración das cuestións de xénero en todas as diferentes etapas da execución dos Fondos Estruturais.

Neste sentido e en vista das recomendacións efectuadas polo Ministerio de Economía e Facenda, a avaliación previa incorpora entre os seus exercicios de análise unha comprobación da pertinencia e coherencia das actuacións programadas en materia de xénero coas necesidades reais das mulleres galegas.

As recomendacións para o período de programación 2007-2013 céntranse no establecemento dunha serie de mecanismos que faciliten a interiorización do principio de igualdade de xénero nos diferentes ciclos de vida do Programa operativo 2007-2013 (programación, execución, seguimento e avaliación).

Pertinencia do Programa operativo con respecto ao xénero.

O primeiro paso para determinar a integración da perspectiva de xénero na estratexia do MECEGA é o de establecer de que maneira se analizou a situación da muller galega no conxunto da estratexia do MECEGA e en particular no caso de FEDER.

Polo que se refire ao MECEGA cómpre sinalar que a perspectiva de xénero foi integrada dende un principio no proceso de elaboración da estratexia, tal e como plasma o apartado específico relativo a “A igualdade de oportunidades” na análise da situación de partida. Este diagnóstico elaborouse a través de entrevistas persoais, mesas redondas e unha análise detallada das fontes estatísticas relativas á situación da muller galega no conxunto da sociedade.

Neste sentido, a perspectiva de xénero incluíuse nos diferentes apartados do PO con distinto grao de intensidade. Así, dende as fases iniciais desagregouse estatisticamente por sexos e buscáronse explicacións ao comportamento diferenciado dende unha perspectiva de xénero, é dicir, procurouse buscar non só as manifestacións da desigualdade senón tamén as súas causas.

Outras fórmulas empregadas para ter en consideración o principio de igualdade de oportunidades foi o emprego de gráficos lonxitudinais baseados en series históricas que puxeran de manifesto a evolución das problemáticas ao longo do tempo. Ademais da desagregación e o emprego de técnicas de análise sensibles á perspectiva de xénero procedeuse a artellar un apartado específico de igualdade de oportunidades no que se recolleran aqueles indicadores de diagnóstico que non formasen parte da situación de contexto.

No apartado de diagnóstico procedeu a desagregar cantos datos estatísticos estaban dispoñibles. Así tívose en consideración, en primeiro lugar, a desigual situación de partida de mulleres e homes en materia sociodemográfica e procedeu a considerar o peso poboacional diferenciado de mulleres e homes. Engadiuse, posteriormente, unha pirámide de poboación por grupo de idade que serviu para sublimar a prevalencia das mulleres nas tendencias demográficas detectadas en relación co envellecemento.

A perspectiva de xénero introduciuse tamén, de forma moi especial en relación coa análise do mercado de traballo e os niveis educativos. Esta decisión considérase acertada porque o ámbito laboral reflicte con expresividade a persistencia de barreiras para a igualdade baseadas na repartición segregada de roles de xénero. Para amosalo incluíronse gráficos lonxitudinais que completaban as taxas de actividade e emprego desagregadas por sexos orixinais. Deste xeito combináronse descrições máis dinámicas con outras máis conxunturais da relación diferenciada de mulleres e homes ante o emprego.

De xeito adicional, a análise do mercado de traballo por grupos de idade permitiu incluír o compoñente xeracional á análise. Deste modo, constatouse que as manifestacións da desigualdade se acentúan a medida que aumenta a idade ao tempo que son menos prevalentes entre as xeracións máis novas.

No diagnóstico sinalase que Galicia experimentou un avance significativo no que respecta á igualdade de oportunidades nos últimos anos pero, que malia iso, aínda persisten situacións de desigualdade que se deben tratar dende os poderes públicos e dende a sociedade civil.

Neste sentido, o diagnóstico sinala que no ámbito do sistema educativo, a pesar de que se conseguiu paliar en grande medida a histórica subrepresentación das mulleres, aínda se producen preferencias diferenciadas segundo sexo, un feito que leva a desequilibrios na participación de homes e mulleres en determinadas formacións.

No eido do mercado laboral, obsérvase unha evolución positiva en variables como a taxa de actividade feminina, a taxa de emprego e de redución da taxa de desemprego. Cómpre destacar, con todo, que as taxas de actividade e emprego continúan sendo menores que as dos homes e que a taxa de paro aínda presenta uns niveis superiores. Igualmente, prodúcese unha clara diferenciación en canto á distribución por sectores entre homes e mulleres. Neste sentido, destaca a maior concentración de mulleres no sector servizos e a menor presenza na industria e na construción.

No caso da mobilidade de homes e mulleres, destaca o predominio do transporte público na mobilidade feminina, polo que levar a cabo actuacións neste ámbito pode ter un impacto relevante en materia de igualdade.

En canto ao acceso de homes e mulleres ás tecnoloxías da información e comunicación obsérvase así mesmo a existencia dunha brecha de xénero.

Á luz do anterior, a Xunta de Galicia está elaborando o V Plan de Igualdade de Oportunidades das Mulleres Galegas, unha vez avaliado o IV Plan 2000-2005, o cal a priori resulta indicativo dun estadio das políticas públicas de certa tradición na intervención en materia de xénero.

Como conclusión, cómpre destacar que para a realización da análise de situación téñense utilizado numerosos indicadores que presentan valores desagregados por sexo, o que facilitará no seu momento a avaliación e a eventual análise do impacto do Programa operativo sobre o contexto.

Coherencia do Programa operativo con respecto ao xénero.

Da análise das prioridades e obxectivos intermedios previstos no documento de programación despréndense actuacións para a mellora da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Neste sentido, dentro das actuacións dos eixes 1 e 2 relativas a innovación e desenvolvemento empresarial, economía do coñecemento e sociedade da información destacan as actividades de I+DT nos centros de investigación que permiten valorar a porcentaxe de mulleres participantes nos proxectos de I+D ou o número de empregos creados de investigadoras e a porcentaxe de mulleres beneficiadas por proxectos de mobilidade en actividades de desenvolvemento de capital humano no eido da investigación e a innovación.

Dentro das actuacións do eixe 3 relativas a medio ambiente e prevención de riscos cómpre subliñar o deseño e acondicionamento para o desprazamento e acompañamento de menores e persoas dependentes en equipamentos como itinerarios, áreas de recreo, miradoiros, etc.

Dentro das actuacións do eixe 4 relativas a accesibilidade e servizos de transporte cómpre sinalar a porcentaxe de mulleres beneficiadas polas actuacións relativas ao transporte urbano e o transporte público e polas infraestruturas que favorezan a intermodalidade.

Dentro das actuacións do eixe 5 relativas a desenvolvemento local e urbano destacan as actuacións encamiñadas a potenciar o acceso das mulleres ás infraestruturas culturais, así como a aumentar o seu nivel de empregabilidade no sector servizos. Igualmente en proxectos integrados para a rexeneración urbana e rural tense en conta o número de proxectos que fomentan a igualdade de oportunidades.

No ámbito do eixe 6, a través das infraestruturas sociais dos temas prioritarios 77 e 79, aténdese ás mulleres de xeito máis destacado ca aos homes. Neste sentido, cómpre salientar que as actuacións deste eixe contribúen á promoción da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, mentres que a dotación de infraestruturas para a custodia de fillos e outras persoas dependentes permitirá que as mulleres poidan incorporarse con maior facilidade ao mercado laboral e conciliar a súa vida profesional e familiar.

Dentro das actuacións do eixe 7 está prevista a presenza de expertos en igualdade á hora da xestión, seguimento e control das operacións, que contribuirán a reforzar a dimensión de xénero na intervención de FEDER.

Coherencia externa do Programa operativo con respecto ao xénero.

Tras a avaliación realizada, cómpre sinalar que a coherencia do Programa operativo e o principio de igualdade de oportunidades con respecto ás directrices de emprego comunitarias, o MENR e o PNR obsérvase na integración do principio de igualdade de oportunidades de forma transversal.

Por outra banda, as actuacións presentadas no Programa operativo son coherentes coas previstas no mencionado V Plan de Oportunidades das Mulleres Galegas, que promove medidas específicas dirixidas ás mulleres en todas as políticas e actuacións da Xunta de Galicia.

Indicadores estratéxicos e operativos do Programa operativo con respecto ao xénero.

Tal e como se elaboraron os indicadores de avaliación das actuacións do Programa operativo, será posible levar a cabo un seguimento desagregado por sexos de numerosos indicadores.

Así, nos eixes 1 e 2 do Programa operativo, destacan os indicadores que permiten valorar a porcentaxe de mulleres participantes nos proxectos de I+D, o número de empregos creados de investigadoras e a porcentaxe de mulleres beneficiadas por proxectos no ámbito da investigación e a innovación.

Por outra banda, no eixe 3 do Programa operativo, destacan os indicadores relativos ao número de actuacións destinadas ao deseño e acondicionamento para o desprazamento e acompañamento de menores e persoas dependentes en equipamentos como itinerarios, áreas de recreo, miradoiros, etc.

En canto ao eixe 4 do Programa operativo, destacan indicadores como a porcentaxe de mulleres beneficiadas polas actuacións relativas ao transporte urbano e o transporte público.

Por último, no eixe 5 existen indicadores como o número de proxectos que fomentan a igualdade de oportunidades nas actuacións de rexeneración urbana e rural.

A desagregación por sexo levouse a cabo naqueles indicadores nos que se dispoñía dos datos necesarios. Neste sentido, apréciase un déficit dos datos relativos á situación da muller naqueles indicadores relativos ás Directrices 1 e 2, probablemente por mor da dificultade de encontrar datos deste tipo, tanto no INE como no IGE.

No apartado específico de igualdade de oportunidades aproveitouse para completar a situación de contexto con algúns indicadores indirectos da dependencia como elemento da dobre carga soportada polas mulleres. Suxeriuse, ademais, facer referencias a algúns indicadores indirectos da maior vulnerabilidade das mulleres ante situacións de exclusión e pobreza distintos das menores taxas de actividade e emprego.

Aludiuse, finalmente a indicadores de descrición de usos do tempo para reforzar a tese de que as mulleres vexan limitadas as súas oportunidades de lecer por razón de xénero.

Así mesmo, para asegurar a inclusión da prioridade horizontal europea de igualdade de oportunidades, procedeuse a efectuar unha desagregación por sexos dos datos, en todos aqueles casos nos que se considerou necesario e foi posible, tendo en conta a dificultade de obter datos desagregados por sexos.

Cómpre destacar a inclusión a nivel de eixe de indicadores estratéxicos relacionados coa igualdade, así como o establecemento de indicadores operativos desagregados por xénero, referíndose indistintamente a destinatarios homes e mulleres.

A citada análise é coherente coas principais conclusións da DAFO e os obxectivos finais e intermedios, e non destaca ningunha incongruencia no ámbito estratéxico. Finalmente, os indicadores escollidos permitirán, no futuro, realizar un axeitado seguimento e avaliación do PO FEDER de Galicia dende unha perspectiva de xénero.

b) Medio Natural

En canto á integración dos principios horizontais, cómpre sinalar que o **principio de medio natural**, segundo pon de manifesto o informe de actualización da avaliación intermedia, foi interiorizado na planificación, execución, seguimento e avaliación das actuacións desenvolvidas a través do POI, feito que propiciou que a valoración da integración deste principio na programación resultase satisfactoria. Neste sentido, cómpre destacar, por unha banda, a evolución positiva dos indicadores de contexto e de seguimento, dato que constitúe un indicador da sensibilidade da rexión en materia medioambiental, e por outra banda, o importante número de actuacións desenvolvidas nesta materia contribuíu a mellorar a situación do medio natural.

Pertinencia do Programa operativo con respecto ao medio natural.

A Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) é un instrumento relativamente novo na xestión ambiental, cuxo protagonismo se foi incrementando notablemente nos últimos anos coa entrada en vigor da Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de xuño de 2001 relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio natural.

Dentro deste proceso de AAE, o Programa operativo FEDER 2007-2013 incorpora un Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA), no que se detallan os seguintes apartados:

- Diagnóstico ambiental.
- Probables efectos significativos no medio natural do programa e análise de alternativas.
- Medidas propostas para a minimización do impacto ambiental do proxecto.
- Medidas para o seguimento e posterior control do programa.

Con este ISA, asegúrase a coherencia do PO cos principios comunitarios de respecto ao medio ambiente, así como coa normativa vixente, identificando, avaliando e minimizando os posibles impactos medioambientais que poidan xerar as actuacións propostas.

Á luz do exposto anteriormente, a dimensión medio ambiental do PO FEDER analizouse de forma específica no marco da Avaliación Ambiental Estratéxica, dando como resultado o Informe de Sostibilidade Ambiental (ISA).

En primeiro lugar, realizouse unha análise da situación ambiental de Galicia, tendo en conta factores xenéricos tales como a poboación e o territorio ou a actividade industrial, xunto con factores de carácter especificamente ambiental, incluídos os seguintes elementos: usos do solo, recursos hídricos, residuos e emisións contaminantes, espazos protexidos, recursos enerxéticos e riscos ambientais.

Este estudo do perfil ambiental da rexión veu reforzar o diagnóstico xeral incluído no PO de FEDER que, aínda que incluía aspectos medioambientais, con carácter específico na prioridade medioambiental e transversal na de enerxía, desenvolvemento sostible local e urbano, non incidía na caracterización medioambiental nin na identificación dos posibles riscos ambientais que poden producirse en Galicia pola súa situación en aspectos específicos relacionados co contorno.

Este perfil integrouse de forma correcta nunha análise DAFO da situación ambiental da rexión.

Coherencia interna do Programa operativo con respecto ao medio natural.

No que atinxe á estratexia, no actual período de programación prevíuse manter as actuacións tendentes a contrarrestar as debilidades estruturais de Galicia, impulsando os factores de competitividade. Os aspectos medioambientais son fundamentais nesta proposta. Concretamente, a estratexia de intervención estrutural contémploas de forma específica nun dos seus catro obxectivos finais: reforzo da sinerxía entre crecemento e desenvolvemento sostible. Por outra banda, tres dos 16 obxectivos intermedios recollen a perspectiva medioambiental, cuxa aplicación repercute nos eixes 3, 4 e 5.

Táboa 19: Obxectivos intermedios relacionados co medio natural

Obxectivo intermedio 2	Reforzar o potencial medioambiental rexional como vehículo de desenvolvemento económico sostible, protexendo e mellorando o contorno.	Eixes 2,3 e 5
Obxectivo intermedio 3	Favorecer o uso de modos de transporte menos contaminantes que contribúan á mobilidade sostible	Eixe 4
Obxectivo intermedio 14	Apoiar o desenvolvemento equilibrado das zonas urbanas atendendo os seus problemas socioeconómicos e ambientais.	Eixes 3 e 5

Fonte: Elaboración propia

A integración ambiental conséntase así mesmo nunha definición explícita e consistente da estratexia rexional en favor dunha sostibilidade, coa inclusión de tipoloxías de actuacións dirixidas á protección e conservación do medio ambiente, para fomentar a introdución da ecoinnovación nas empresas, para potenciar unha accesibilidade e uso do transporte público ou para aumentar a produción de enerxías renovables e a eficiencia enerxética.

O PO FEDER de Galicia concédelles prioridade aos investimentos directos conforme as orientacións ambientais de investimentos fortes ou outras actuacións do eixe ambiental, especialmente abastecemento de augas, tratamentos de augas residuais urbanas ou xestión da Rede NATURA 2000. Neste sentido, o 74,46% do total da dotación financeira do Programa operativo FEDER diríxese a acadar un desenvolvemento sostible rexional, particularmente, o eixe 3 de medio natural, contorno natural, recursos hídricos e prevención de riscos ten un peso financeiro do 26% do total de recursos do Programa operativo.

Da análise das prioridades e obxectivos intermedios previstos no documento de programación despréndense actuacións para a mellora do medio ambiente.

Neste sentido, dentro das actuacións relativas a innovación e desenvolvemento empresarial, economía do coñecemento e sociedade da información, todas as actuacións previstas teñen efectos medioambientais positivos sobre a poboación (calidade de vida e taxa de emprego) e sobre a estrutura económica (economía do subsistema poboacional e as súas actividades económicas).

No marco das actuacións do eixe 3 relativas a medio natural e prevención de riscos todas as actuacións previstas teñen efectos medioambientais positivos, como por exemplo:

- Mantemento da diversidade biolóxica
- Impulso do uso sostible dos recursos naturais
- Recuperación de zonas contaminadas
- Impulso de fontes de enerxía renovable e desenvolvemento de novas tecnoloxías
- Mellora dos espazos protexidos
- Plans e programas para a xestión do ciclo final da auga e prevención da contaminación

Dentro das actuacións do eixe 4, destaca a diminución da contaminación atmosférica polas actuacións relativas ao transporte urbano e o transporte público e polas infraestruturas que favorezan a intermodalidade, mentres que no ámbito do eixe 5, cómpre sinalar as actuacións encamiñadas a potenciar o desenvolvemento económico a partir da valorización do patrimonio natural e o fomento da protección, rehabilitación e preservación do patrimonio cultural.

En consecuencia, incorporáronse a nivel de eixe actuacións específicas medioambientais, con excepción do eixe de asistencia técnica, de xeito que a dimensión medioambiental está presente a nivel horizontal no PO de FEDER.

Coherencia externa do Programa operativo con respecto ao medio natural.

Tras a avaliación realizada, cómpre subliñar que a coherencia do Programa operativo e o principio de sostibilidade ambiental con respecto ás directrices medioambientais comunitarias, o MENR e o PNR obsérvase na integración do principio de sostibilidade ambiental de forma transversal.

Por outra banda, tamén son coherentes as actuacións formuladas no Programa operativo co Protocolo de Kyoto, respecto á emisión de gases de efecto invernadoiro e coa IPPC, respecto á a Prevención e Control Integrado da Contaminación.

Así mesmo, tamén é preciso salientar a coherencia co Plan de Enerxías Renovables e os plans sectoriais enerxéticos vixentes na actualidade en Galicia.

Indicadores estratéxicos e operativos do Programa operativo con respecto ao medio natural.

Incluíronse indicadores estratéxicos ambientais, en liña cos recomendados no Informe de Sostibilidade Ambiental, en función do grao de impacto das categorías de gasto incluídas en cada un deles sobre os factores ambientais da rexión.

Tal e como se elaboraron os indicadores de avaliación das actuacións do Programa operativo, será posible levar a cabo un seguimento de numerosos indicadores de carácter ambiental.

5. VALORACIÓN DA COHERENCIA FINANCEIRA E OS RISCOS DE EXECUCIÓN

Unha vez analizada a estratexia, procedeuse a analizar a súa tradución en termos financeiros, co fin de determinar a súa coherencia coa clasificación de obxectivos establecida en canto á atención de debilidades e fortalezas.

Tamén se analizou a súa contribución ao cumprimento dos Obxectivos de Lisboa, fixado no 60% do gasto no caso das rexións de Convergencia.

O punto de partida para a análise constitúe a tradución operativa dos obxectivos nos temas prioritarios/categorías de gasto en cada un dos eixes de intervención. No caso do PO FEDER de Galicia, inclúense aqueles que se reflicten na táboa 20.

Táboa 20: Eixes prioritarios e categorías de gasto do Programa operativo do FEDER de Galicia¹¹.

EIXE 1. DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA DO COÑECEMENTO (I+D+i, SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E TIC)

1. Actividades de I+D en centros de Investigación
2. Infraestrutura de I+DT (*instalacións, instrumentos e redes informáticas de alta velocidade para a conexión de centros de investigación*) e centros de cualificación nunha tecnoloxía específica
3. Transferencia de tecnoloxía e mellora das redes de cooperación entre pequenas empresas (PEME), así como entre estas e outras empresas e universidades, centros de ensino postsecundario de todo tipo, autoridades rexionais, centros de investigación e enclaves científicos e tecnolóxicos (*parques científicos, e tecnolóxicos, tecnópole, etc.*)
7. Investimentos nas empresas directamente vinculadas á investigación e á innovación (*tecnoloxías innovadoras, creación de novas empresas por parte das universidades, centros e empresas de I+DT existentes, etc.*)
10. Infraestruturas telefónicas (*incluídas as redes de banda larga*)
11. Tecnoloxías da información e a comunicación (*acceso, seguridade, interoperabilidade, prevención de riscos, investigación, innovación, contidos electrónicos, etc.*)
13. Servizos e aplicacións para os cidadáns (*servizos electrónicos en materia de saúde, Administración pública, formación, inclusión, etc.*)
14. Servizos e aplicacións para as pequenas empresas (*comercio electrónico, educación e formación, establecemento de redes*)

EIXE 2. DESENVOLVEMENTO E INNOVACIÓN EMPRESARIAL

6. Axudas ás pequenas empresas para o fomento da utilización de produtos e procesos de produción que respecten o medio ambiente (*introdución de sistemas eficaces de xestión medioambiental, adopción e utilización de tecnoloxías anticontaminantes e integración de tecnoloxías limpas nos sistemas de produción das empresas*)
8. Outros investimentos en empresas.
9. Outras medidas que se destinan ao fomento da innovación e o espírito de empresa nas PEME

EIXE 3. MEDIO AMBIENTE, CONTORNO NATURAL, RECURSOS HÍDRICOS E PREVENCIÓN DE RISCOS

44. Xestión dos residuos domésticos e industriais
45. Xestión e distribución da auga (*auga potable*)
46. Tratamento da auga (*auga residual*)
47. Calidade do aire
48. Prevención e control integrados da contaminación
50. Rehabilitación das zonas industriais e terreos contaminados
51. Fomento da protección da biodiversidade e a natureza (*incluído o programa Natura 2000*)
53. Prevención de riscos (*incluídas a elaboración e aplicación de plans e medidas para previr e xestionar os riscos naturais e tecnolóxicos*)
55. Fomento da riqueza natural

EIXE 4. TRANSPORTE E ENERXÍA

16. Servizos ferroviarios
20. Autoestradas
21. Autoestradas (RTE)
23. Estradas rexionais/locais
25. Transporte urbano
26. Transporte multimodal
29. Aeroportos
30. Portos
33. Electricidade
35. Gas natural
37. Produtos derivados do petróleo
40. Enerxía renovable: solar
41. Enerxía renovable: biomasa
43. Eficacia enerxética, coxeración e xestión enerxética
52. Transporte urbano limpo

EIXE 5. DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE LOCAL E URBANO

56. Protección e desenvolvemento do patrimonio natural
57. Outras axudas para a mellora dos servizos turísticos
58. Protección e preservación do patrimonio cultural
59. Desenvolvemento de infraestrutura cultural
61. Proxectos integrados para a rexeneración urbana e rural

EIXE 6. INVESTIMENTO EN INFRAESTRUTURAS SOCIAIS

75. Infraestruturas en materia de educación
76. Infraestruturas en materia de saúde
77. Infraestruturas en materia de coidado de fillos
79. Outra infraestrutura social

EIXE 7. ASISTENCIA TÉCNICA E REFORZO DA CAPACIDADE INSTITUCIONAL

85. Preparación, execución, seguimento e inspección
86. Avaliación e estudos; información e comunicación

Fonte: Elaboración propia

¹¹ A codificación e nomenclatura das medidas responde á proposta de tipoloxía de gastos FEDER 2007-2013, elaborada pola Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Economía e Facenda, en calidade de Autoridade de Xestión.

5.1. COHERENCIA FINANCEIRA COS OBXECTIVOS INTERMEDIOS

Analizando a distribución do gasto do novo período de programación respecto aos obxectivos intermedios fixados no Programa operativo obsérvase a concentración do gasto nas principais necesidades detectadas no diagnóstico de situación de partida.

Na táboa 21 pódese apreciar como a orzamentación por obxectivos responde á xerarquización dos obxectivos, sendo o obxectivo 1 aquel que contará con maiores recursos, e os obxectivos 12 e 13 os que, polo seu carácter específico, recibirán menos dotación.

Táboa 21: Coherencia financeira da estratexia Xunta de Galicia-AXE (FEDER)

OBXECTIVO INTERMEDIO	Euros Correntes 2007 Axuda Xunta	Euros Correntes 2007 Axuda AXE	% sobre total
OI 1	227.213.019	196.318.389,00	19,33%
OI 2	206.359.969	207.068.685,00	19,32%
OI 3	22.218.443	3.064.669,00	1,15%
OI 4	51.933.430	17.362.706,00	3,16%
OI 5	39.333.681	0,00	1,79%
OI 6	84.649.082	40.754.333,00	5,72%
OI 7	143.261.887	0,00	6,54%
OI 8	113.336.962	136.453.997,00	11,40%
OI 9	0	0,00	0,00%
OI 10	0	0,00	0,00%
OI 11	18.893.984	0,00	0,86%
OI 12	5.101.030	0,00	0,23%
OI 13	2.649.472	0,00	0,12%
OI 14	42.247.269	219.966.039,00	11,96%
OI 15	53.007.782	11.033.778,00	2,92%
OI 16	0	339.315.735,00	15,48%
TOTAL	1.020.206.010	1.171.338.331,00	100,00%

Fonte: Elaboración propia en base ao PO FEDER de Galicia 2007-2013

Se á intervención da Xunta de Galicia lle engadimos a da AXE, o obxectivo 1 vese superado polo obxectivo 2 en 0,4 puntos porcentuais, aínda que a estratexia no seu conxunto se concentra ademais de nestes dous primeiros obxectivos intermedios, no obxectivo 8 que, como se viu, é moi sensible, no 14, que fai referencia aos desequilibrios territoriais existentes en Galicia, e no 16 que terá actuacións relativas á conexión física dos territorios.

A análise da estratexia conxunta a través de ambos os dous fondos realizouse no Marco Estratéxico de Convergencia Económica de Galicia (MECEGA), a través do que pode comprobarse que todos os obxectivos intermedios están cubertos e dotados de financiamento estrutural. Como se ilustra no seguinte apartado, a complementariedade entre FEDER e FSE é salientable neste aspecto para xustificar unha estratexia rexional conxunta a través da posta en marcha dos Fondos Estruturais.

A intervención do FEDER a través do presente Programa operativo, tanto pola banda da AXE como da Xunta de Galicia, aínda que actúa sobre os catro obxectivos finais nos que se estrutura o MECEGA, cuxa consecución se propuxo a rexión con vistas a 2013, deixa sen cubrir os obxectivos intermedios 9 (Aumentar a participación no mercado laboral e mellorar a calidade e a produtividade do traballo, impulsando a igualdade de oportunidades e a inclusión social dos colectivos máis desfavorecidos) e 10 (Contribuír á adaptabilidade dos traballadores mellorando as cualificacións necesarias para a economía do coñecemento e que permitan prolongar a vida laboral), os cales, como xa se viu ao longo do documento, corresponden a áreas de intervención propias do Fondo Social Europeo, tales como o aumento da participación no mercado laboral ou a adaptabilidade dos traballadores.

A distribución do gasto por eixes e categorías é coherente coa estratexia global do Programa operativo e do MECEGA. Analizando a dispersión do esforzo financeiro entre eixes, obsérvase como os proxectos do eixe 4, Transporte e enerxía, é maior ca os do eixe 3, Medio ambiente, contorno natural, recursos hídricos e prevención de riscos, e maior á súa vez ca o peso dos proxectos do eixe 2, Desenvolvemento e innovación empresarial, e do eixe 1, Desenvolvemento da economía do coñecemento (I+D+i).

5.2. COHERENCIA FINANCEIRA COA AXENDA DE LISBOA

De acordo co artigo 9 do Regulamento 1083/2006, a axuda cofinanciada polos Fondos centrarase nas prioridades da Unión Europea de fomentar a competitividade e crear emprego, que inclúen o cumprimento dos obxectivos das Directrices integradas para o crecemento e o emprego (2005-2008). Para tal efecto, de acordo coas súas competencias respectivas, a Comisión e os estados membros garantirán que se destinen ás mencionadas prioridades o 60 % do gasto correspondente ao obxectivo de «convergencia» de todos os estados membros da Unión tal como estaba constituída antes do 1 de maio de 2004.

Neste apartado levouse a cabo unha avaliación da distribución do gasto por eixes en relación á lista de accións da Axenda de Lisboa fixadas como criterios de converxencia. Como se pode constatar na táboa 22, a intervención estrutural de Galicia a través de FEDER para o próximo

período está aliñada coas disposicións da UE de “Lisbonización” do gasto, acadando na actualidade soamente a través do Programa operativo rexional, con participación da Xunta de Galicia e de Administración xeral do Estado, máis do 73% do gasto FEDER destinado a categorías relacionadas co cumprimento da Estratexia de Lisboa.

Neste sentido, cómpre destacar que a totalidade das actuacións desenvolvidas nos eixes 1 e 2 relativos a I+D+i, innovación, desenvolvemento empresarial, economía do coñecemento e sociedade da información se corresponde con obxectivos marcados pola Axenda de Lisboa. Estas actuacións supoñen preto dun 25% dos gastos FEDER previstos para o próximo período de programación.

Por outra banda, as actuacións que se corresponden coa Estratexia de Lisboa relativas ao eixe 3 de medio ambiente e prevención de riscos supoñen case un 18% dos gastos FEDER previstos para o próximo período de programación.

En canto ao eixe 4, fundamentalmente as actuacións relativas a eficiencia enerxética, enerxías renovables e fomento do transporte urbano limpo correspóndense con obxectivos marcados pola Axenda de Lisboa, e supoñen un 30,69% dos gastos previstos no marco dese eixe do Programa operativo.

Por último, cómpre sinalar que as actuacións relativas aos eixes 5, 6 e 7, de desenvolvemento sostible local e urbano, de infraestruturas sociais e de asistencia técnica, respectivamente, non teñen unha correspondencia directa con obxectivos marcados pola Axenda de Lisboa.

Táboa 22: Contribución do PO FEDER Galicia á Estratexia de Lisboa, por Administración

Eixes	Axuda proposta Xunta Lisboa		Axuda proposta AXE Lisboa		Axuda proposta total Lisboa	
	Importe	% sobre eixe	Importe	% sobre eixe	Importe	% sobre eixe
1	213.839,14	100,00%	0,00	0,00%	213.839,14	100,00%
2	183.637,08	100,00%	177.208,33	100,00%	360.845,41	100,00%
3	107.173,19	56,78%	190.816,08	64,13%	297.989,27	61,28%
4	150.439,96	49,92%	556.061,5	100,00%	706.501,46	82,40%
5	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00	0,00%
6	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00	0,00%
7	0,00	0,00%	0,00	0,00%	0,00	0,00%
Total	655.089,37		924.085,91		1.579.175,29	
% s/ Feder	64,21%		78,89%		72,06%	

5.3. RISCOS DE EXECUCIÓN

Neste apartado realizase unha valoración dos riscos de execución das diferentes actuacións previstas polo Programa operativo a nivel financeiro, administrativo e de xestión.

O punto de partida desta avaliación encóntrase na execución financeira e física do POI de Galicia no período 2000-2006.

En canto á eficacia financeira cómpre sinalar que o PO a 31 de decembro de 2005 presentaba un nivel de execución de máis do 70% sobre o total previsto para o período 2000-2006, o que permite valorar a nivel financeiro o período anterior como satisfactorio, especialmente se se considera o cumprimento da regra n+2.

Por eixes, para o conxunto do período 2000-2006, en xeral os niveis de execución son elevados, correspondendo, como xa se adiantou, o de maior nivel ao eixe 41 cun 87,09% de execución (con intervencións de FEDER e de FSE), seguido do eixe 2 cun 82,55%. O resto dos eixes rexistra unha eficacia financeira de entre o 60 e o 80%, con excepción dos eixes 1, cun 56,55% e a moita distancia o eixe 9, de asistencia técnica, cun 10,29%.

En relación ao próximo período de programación, cómpre destacar a dificultade que, a priori, supón a **avaliación dos riscos financeiros**. Con todo, débense ter en conta dous factores indicativos do alcance moi limitado dos riscos financeiros.

Por unha banda, é importante ter presente que as experiencias derivadas de anteriores períodos de programación no ámbito financeiro foron satisfactorias, tal e como se amosa máis arriba. Neste sentido, a ampla experiencia na execución destes fondos por parte das entidades xestoras da Xunta de Galicia avala a súa capacidade de xestión en vistas do novo período.

Por outra banda, cómpre destacar a diminución do orzamento asignado a Galicia en concepto de FEDER. Este feito xa supón por si mesmo unha diminución dos riscos financeiros, dada a menor contía das cantidades que se vaian absorber por parte da Xunta de Galicia. Neste sentido, é de prever que a Administración autonómica non teña dificultades de absorción financeira.

Como aspecto adicional aos dous anteriores, sinálase a implicación estratéxica do Goberno rexional en favor do desenvolvemento de actuacións aliñadas coas Directrices estratéxicas comunitarias, que se traduce nos plans estratéxicos en vigor na actualidade nas materias relacionadas, especialmente os que se sinalan no apartado de “Complementariedade con plans estatais e autonómicos” do Programa operativo de FEDER.

En canto á avaliación dos riscos de execución **no ámbito administrativo**, pódese comentar que os riscos son valorados como moi limitados. Na avaliación dos riscos no ámbito administrativo tivéronse en conta diferentes factores. Como factor relevante podemos distinguir a coordinación de diferentes axentes á hora de confeccionar e desenvolver o Programa operativo; neste sentido, o partenariado entre o conxunto de administracións públicas que desenvolverán as diferentes actuacións propostas no Programa operativo é sólido, debido principalmente á experiencia acumulada na administración dos Fondos Europeos.

Así, dentro dos principais executores das actuacións previstas para o próximo período de programación atópanse os organismos encargados de executar e administrar as actuacións de ámbitos como o de innovación e universidades, o de política territorial, o de medio ambiente, ou o de desenvolvemento local. Tal e como se sinalou en referencia a anteriores períodos de programación, estes organismos contan cunha longa experiencia na execución e administración dos fondos comunitarios.

Por último, en canto á avaliación dos riscos de execución **no ámbito da xestión**, pódese sinalar que os riscos tamén son valorados como limitados. Neste sentido, cómpre destacar que un gran número de actuacións están destinadas a desenvolver accións con precedentes no Programa operativo integrado 2000-2006. Neste grupo de actuacións atopamos as encamiñadas ao desenvolvemento de infraestruturas de transportes, ao fomento de políticas medioambientais e ao desenvolvemento e rexeneración de zonas urbanas e rurais degradadas. Co despregamento destas actuacións, ao se trataren de accións xa executadas en anteriores períodos de programación, prevense porcentaxes de execución elevadas.

Por outra banda, encontramos actuacións e instrumentos innovadores, os cales poden ter un maior risco en termos de xestión porque implican un maior número de axentes implicados, e un período de maduración máis longo. Non obstante, os axentes implicados nestas actuacións emprendedoras están avalados pola súa experiencia sectorial ou o coñecemento en áreas complementarias ou semellantes ás propostas, polo que é de esperar un bo grao de aceptación polas posibles empresas beneficiarias. Neste grupo de actuacións atópanse as destinadas ao fomento da innovación e a I+D, a facilitar o acceso a financiamento para o desenvolvemento e o fomento empresarial.

Como conclusión, cómpre sinalar que os riscos de execución financeira do Programa operativo están correctamente equilibrados.

6. AVALIACIÓN DO SISTEMA DE SEGUIMENTO E DOS RESULTADOS E IMPACTOS AGARDADOS

En liña co carácter estratéxico e de maior simplicidade operativa que se lle deu ao Programa operativo, ao falar de indicadores é conveniente diferenciar entre:

- **Indicadores estratéxicos:** os vinculados directamente á programación (a nivel de eixe), que permitirán valorar no futuro a evolución xeral do Programa no marco das prioridades nacionais e comunitarias.
- **Indicadores operativos:** os vinculados á xestión e seguimento do programa, condicionados polo contido de cada eixe.

A partir desta distinción, a avaliación centrouse en analizar a dispoñibilidade de indicadores que expresen a situación actual e as metas marcadas polo programa xunto coa valoración do valor engadido comunitario.

6.1. VALORACIÓN DO SISTEMA DE INDICADORES

A avaliación levada a cabo neste apartado dirixiuse á avaliación do sistema de indicadores e o sistema de seguimento incluídos no Programa operativo.

Neste sentido, unha das primeiras conclusións que se axustan ás directrices definidas pola Comisión é que no Programa operativo se definiu un reducido número de indicadores estratéxicos por eixe, destinado a permitir a avaliabilidade do Programa de maneira sinxela durante a súa execución. Do mesmo xeito, conséntase a definición dun conxunto máis amplo de indicadores operativos (realización e resultado), desagregados por sexo, para o seguimento dos programas.

En primeiro lugar, débese salientar que, na avaliación do sistema de indicadores contemplados no Programa operativo, se realizou a comprobación de que todos os eixes contan con polo menos dous indicadores estratéxicos.

Por outra banda, realizouse a comprobación de que os indicadores contan con obxectivos cuantificados e que estes son coherentes e están desagregados por sexo. Igualmente, valorouse se o sistema de seguimento permite a alimentación periódica dos indicadores definidos.

E en terceiro lugar, realizouse unha análise dos indicadores estratéxicos, valorándose se os obxectivos foron cuantificados, se os indicadores presentan valores desagregados por sexo, e se son susceptibles de seren alimentados periodicamente. Preséntase, a continuación, a avaliación dos indicadores estratéxicos utilizados no Programa operativo:

a) Indicadores estratéxicos

Eixe 1 - Desenvolvemento da economía do coñecemento (I+D+i, Sociedade da Información e TIC)

Indicador	Obxectivos cuantificados	Desagregado por sexo	Alimentación periódica
Gasto en I+D sobre PIB	X	N/A	X
Participación do gasto privado en I+D (1)	X	N/A	X
Mulleres dedicadas á I+D (investigadoras + persoal auxiliar)	X	X	X
Persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses	X	N.D.	X
Empresas con conexión a Internet	X	N/A	X

Eixe 2 - Desenvolvemento e innovación empresarial

Indicador	Obxectivos cuantificados	Desagregado por sexo	Alimentación periódica
Empresas con asalariados	X	N/A	X
Densidade empresarial	X	N/A	X
Intensidade da innovación(1)	X	N/A	X
Niveis de exportación	X	N/A	X

Eixe 3 - Medio ambiente, contorno natural, recursos hídricos e prevención de riscos

Indicador	Obxectivos cuantificados	Desagregado por sexo	Alimentación periódica
% Redución de emisións de gases efecto invernadoiro ^{12 (1)}		N/A	
Depuración de augas residuais(3)	X	N/A	Non existe dato alternativo
Recollida selectiva de residuos(2)	X	N/A	X
Espazos protexidos con plans de uso e xestión	X	N/A	X

Eixe 4 - Transporte e enerxía

Indicador	Obxectivos cuantificados	Desagregado por sexo	Alimentación periódica
Rede de estradas en vías de gran capacidade (autoestradas, autovías e estradas de dobre calzada)(1)	X	N/A	X
Rede ferroviaria	X	N/A	X
Viaxeiros de transporte regular urbano (inclúe xeral e escolar e laboral) (2)	X	N.D.	X
Consumo de electricidade procedente de fontes renovables (1)	X	N/A	X
Produción de enerxías renovables (1)	X	N/A	

¹² Dato non dispoñible, desagregado por CC.AA. Solicitouse á DX de Desenvolvemento Sostible, que á súa vez llo solicitou ao Ministerio de Medio Ambiente. Unha vez que teñamos o dato de referencia, poderá procederse á súa cuantificación.

Destaca a multiplicidade de obxectivos cuantificados no caso da rede de alta capacidade. Recoméndase a selección dun único obxectivo.

Eixe 5 - Desenvolvemento sostible local e urbano

Indicador	Obxectivos cuantificados	Desagregado por sexo	Alimentación periódica
Concentración da poboación en núcleos urbanos (máis de 50.000 hab.)	X	N.D.	
Poboación residente en municipios de menos de 5.000 hab.	X	N.D.	
Presión urbana do territorio	X	N.D.	X
Peso do sector turístico	X	N/A	X
Movemento migratorio interno campo-cidade		N.D.	

Os datos relativos a poboación e movementos migratorios elabóranse a partir de datos periódicos, aínda que hai que calculalos en base ás fontes estatísticas correspondentes, xa sexan autonómicas o estatais.

Eixe 6 - Infraestruturas sociais

Indicador	Obxectivos cuantificados	Desagregado por sexo	Alimentación periódica
Prazas escolares	X	N.D.	X
Prazas en escolas infantís de 0 a 3 anos	X	N.D.	X
Densidade en infraestruturas de acollida (1)	X	N.D.	

b) Indicadores operativos

Por outra banda, realizouse unha análise dos indicadores estratéxicos, valorándose se os obxectivos son cuantificables, se os indicadores poden presentar valores desagregados por sexo, e se son susceptibles de seren alimentados periodicamente. Constatase que se cuantificaron para todos os eixes e que teñen en conta a perspectiva de xénero unicamente cando se refiren a persoas.

Comprobouse que se trata de indicadores que se recadan na actualidade. No caso dos que recollen a perspectiva medioambiental, que cobran maior importancia relativa neste período, haberá que facer especial fincapé no seu seguimento.

6.2. VALOR ENGADIDO COMUNITARIO DO PROGRAMA OPERATIVO

Neste apartado levouse a cabo unha avaliación do valor engadido do Programa operativo. Neste sentido, analizouse a contribución do Programa operativo a aspectos como a consecución das prioridades comunitarias, a adicionalidade e o valor engadido en termos financeiros e a aplicación e extensión da metodoloxía de programación dos fondos estruturais en termos de partenariado, planificación plurianual, seguimento, avaliación e xestión financeira.

A modo introdutorio, cómpre sinalar que na avaliación previa do valor engadido comunitario é máis propio referirse ao potencial valor engadido, debido fundamentalmente a que as actuacións propostas para o período de programación non están aínda na súa fase de execución.

En primeiro lugar, cómpre sinalar o **principio de partenariado** como alicerce fundamental sobre o que se baseou o proceso de programación. Neste sentido, é salientable a participación de numerosos organismos e o consenso acadado entre todos eles á hora de realizar o proceso de programación das actuacións que se teñen que desenvolver para o período 2007-2013.

Deste xeito, podemos sinalar que no proceso de elaboración do Programa operativo participaron en coordinación os seguintes organismos e entidades:

- A Dirección Xeral de Fondos Comunitarios do Ministerio de Economía e Facenda.
- A Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios.
- Todas as áreas da Xunta de Galicia responsables da execución das actuacións propostas no Programa operativo (Medio Ambiente, Política Territorial e Obras Públicas, Universidades, Industria, Enerxía, Administración local, etc.).
- A Consellería de Medio Ambiente como entidade de referencia ambiental
- A Secretaría Xeral de Igualdade como entidade de referencia do cumprimento do principio de igualdade de oportunidades no Programa operativo.

En segundo lugar, cómpre destacar a aplicación do **principio de subsidiariedade** á hora de realizar o proceso de programación das actuacións que se vaian desenvolver para o período 2007-2013. Neste sentido, é salientable o método de concertación empregado, sempre partindo dos organismos e entidades máis específicas e próximas ao ámbito de execución destas, ata chegar aos organismos responsables da programación do Programa operativo.

Este principio de subsidiariedade reflíctese por exemplo, no proceso de concertación das actuacións cos diferentes organismos xestores a través da presentación de solicitudes de proxectos, que serviron de base para o deseño das operacións e para o encaixe destas na estratexia definida pola Xunta de Galicia para as intervencións estruturais.

Este proceso desembocou na presentación de proxectos por parte dos organismos xestores por valor de 12.000 millóns de euros, sobre os que se efectuou a selección definitiva en base á elixibilidade das actuacións, a pertinencia de acordo coas necesidades e obxectivos estratéxicos

de Galicia, a complementariedade coas intervencións da AXE, o encaixe coas Directrices estratéxicas comunitarias e cos obxectivos de Lisboa, fundamentalmente.

Esta presentación de solicitudes enmarcouse no proceso de elaboración do xa mencionado MECEGA, que supón unha reorientación da estratexia de crecemento da rexión, renovando as bases da súa capacidade competitiva a través do aumento da produtividade, da valorización do seu capital humano e recursos naturais, da utilización selectiva dos investimentos, do impulso da investigación, da innovación e o coñecemento. Nesta liña, no proceso de elaboración do orzamento 2007 por parte da Comunidade Autónoma incorpóranse importantes elementos que denotan aspectos de valor engadido comunitario á hora de traballar con Fondos Estruturais, como son a elaboración por obxectivos e programas de gasto, impulsando a medición dos resultados obtidos e a transparencia na xestión dos recursos.

Así mesmo, tivéronse en conta os criterios e prioridades estratéxicas inscritas no MECEGA, servindo de apoio ás posibilidades futuras de crecemento e de ampliación das políticas de carácter social, tal como o estableceron na Orde do 26 de xuño de 2006 pola que se dictan instrucións para a elaboración dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007.

Priorizáronse programas de gasto que contribúan a Lisboa e Gotemburgo, tales como os dirixidos ao impulso ao investimento en I+D+i e a sociedade da información, a protección e potenciación do medio ambiente e o desenvolvemento sostible, a educación, o capital humano e a formación continua.

Por outra banda, é importante subliñar a aplicación do **principio de adicionalidade** á hora de realizar o proceso de programación das actuacións, é dicir, se o investimento efectuado a través do FEDER, neste caso, se traduce nun aumento do esforzo nos ámbitos de actuación do devandito fondo por parte de todas as instancias implicadas, fundamentalmente do sector empresarial e que non simplemente substitúe gastos privados que se realizarían en calquera caso.

O principio de adicionalidade débese analizar, preferentemente, a través da análise dos seguintes aspectos:

- A repartición financeira por prioridades da estratexia.
- A distribución por ámbitos de actuación/temas prioritarios das axudas públicas e a comparación entre o esforzo privado e as axudas públicas.

A táboa 23 ilustra a distribución por Tema prioritario e eixe da axuda prevista con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

Táboa 23: Contribución do PO FEDER GA á Estratexia de Lisboa e MECEGA, por admón e t. prioritario

Categorías Intermedias MECEGA	Código	TIPOLOXÍA DO GASTO	CONTRIBÚE A LISBOA	PO REXIONAL		% sobre eixe	% sobre total PO
				FEDER CC.AA	FEDER AXE		
EIXE 1 "DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA DO COÑECEMENTO (I+D+i)							
OI 5	1	Actividades de I+D en centros de Investigación	√	30.572.155,00	-	14,30%	1,40%
OI 7	2	Infraestruturas de I+DT (instalacións, instrumentos e redes informáticas de alta velocidade para a conexión de centros de investigación) e centros de cualificación nunha tecnoloxía específica	√	19.577.754,00	-	9,16%	0,89%
OI 5	3	Transferencia de tecnoloxía e mellora das redes de cooperación entre pequenas empresas (PEME), así como entre estas e outras empresas e universidades, centros de ensino postsecundario de todo tipo, autoridades rexionais, centros de investigación e enclaves científicos e tecnolóxicos (parques científicos e tecnolóxicos, tecnopole, etc.)	√	8.761.529,00	-	4,10%	0,40%
OI 6	7	Investimentos nas empresas directamente vinculadas á investigación e á innovación (tecnoloxías innovadoras, creación de novas empresas por parte das universidades, centros e empresas de I+DT existentes, etc.)...	√	31.243.574,00	-	14,61%	1,43%
OI 7	10	Infraestruturas telefónicas (incluídas as redes de banda larga)	√	32.343.541,00	-	15,13%	1,48%
OI 7	11	Tecnoloxías da información e a comunicación (acceso, seguridade, interoperabilidade, prevención de riscos, investigación, innovación, contidos electrónicos, etc.)	√	22.097.662,00	-	10,33%	1,01%
OI 7	13	Servizos e aplicacións para os cidadáns (servizos electrónicos en materia de saúde, Administración pública, formación, inclusión, etc.)	√	62.441.280,00	-	29,20%	2,85%
OI 7	14	Servizos e aplicacións para as pequenas empresas (comercio electrónico, educación e formación, establecemento de redes)	√	6.801.647,00	-	3,18%	0,31%
TOTAL EIXE 1				213.839.142,00	-	100,00%	9,76%
EIXE2: DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL							
OI 2	6	Axudas as pequenas empresas para o fomento da utilización de produtos e procesos de produción que respecten o medio ambiente (introdución de sistemas eficaces de xestión medioambiental, adopción e utilización de tecnoloxías anticontaminantes e integración de tecnoloxías limpas nos sistemas de produción das empresas)	√	16.894.612,00	-	4,68%	0,77%
OI 8	8	Outros investimentos en empresas.	√	113.336.964,00	167.644.219,00	77,87%	12,82%
OI 6	9	Outras medidas que se destinan ao fomento da innovación e o espírito de empresa nas PEME	√	53.405.506,00	9.564.111,00	17,45%	2,87%
TOTAL EIXE 2				183.637.082,00	177.208.330,00	100,00%	16,47%
EIXE 3: MEDIO AMBIENTE, CONTORNO NATURAL, RECURSOS HÍDRICOS E PREVENCIÓN DE RISCOS							
OI 2	44	Xestión dos residuos domésticos e industriais	√	16.042.740,00	-	3,30%	0,73%
OI 2	45	Xestión e distribución da auga (auga potable)	√	21.138.668,00	17.580.688,00	7,96%	1,77%
OI 2	46	Tratamento da auga (auga residual)	√	86.034.522,00	173.235.395,00	53,32%	11,83%
OI 2	47	Calidade do aire	√	6.228.358,00	-	1,28%	0,28%
OI 2	48	Prevenición e control integrados da contaminación	√	12.456.715,00	-	2,56%	0,57%
OI 14	50	Rehabilitación das zonas industriais e terreos contaminados	√	6.354.812,00	-	1,31%	0,29%
OI 14	51	Fomento da protección da biodiversidade e a natureza (incluído o programa Natura 2000)	√	18.590.703,00	90.463.498,00	22,43%	4,98%
OI 2	53	Prevenición de riscos (incluídas a elaboración e aplicación de plans e medidas para previr e xestionar os riscos naturais e tecnolóxicos)	√	18.116.830,00	16.252.602,00	7,07%	1,57%
OI 2	55	Fomento da riqueza natural	√	3.774.762,00	-	0,78%	0,17%
TOTAL EIXE 3				188.738.110,00	297.532.183,00	100,00%	22,19%
EIXE 4: TRANSPORTE E ENERXIA							
OI 1	16	Servizos ferroviarios	√	-	128.455.242,00	14,98%	5,86%
OI 1	20	Autoestradas	√	61.059.330,00	-	7,12%	2,79%
OI 16	21	Autoestradas (RTE)	√	-	339.315.735,00	39,57%	15,48%
OI 1	23	Estradas rexionais/locais	√	116.518.876,00	-	13,59%	5,32%
OI 1	25	Transporte urbano	√	6.427.298,00	-	0,75%	0,29%
OI 1	26	Transporte multimodal	√	28.103.360,00	-	3,28%	1,28%
OI 1	29	Aeropostos	√	-	67.863.147,00	7,91%	3,10%
OI 1	30	Portos	√	15.104.150,00	-	1,76%	0,69%
OI 4	33	Electricidade	√	17.052.348,00	-	1,99%	0,78%
OI 4	35	Gas natural	√	8.676.852,00	-	1,01%	0,40%
OI 4	37	Produtos derivados do petróleo	√	2.249.554,00	-	0,26%	0,10%
OI 4	40	Enerxía renovable: solar	√	7.710.478,00	7.154.652,00	1,73%	0,68%
OI 4	41	Enerxía renovable: biomasa	√	9.389.610,00	3.064.669,00	1,45%	0,57%
OI 4	43	Eficacia enerxética, coxeración e xestión enerxética	√	6.854.596,00	7.143.385,00	1,63%	0,64%
OI 3	52	Transporte urbano limpo	√	22.218.442,00	3.064.669,00	2,95%	1,15%
OI 3	82	Compensación de calquera custo adicional debido a déficit de accesibilidade e fragmentación territorial (só Canarias)	√	-	-	-	-
TOTAL EIXE 4				301.364.894,00	556.061.499,00	100,00%	39,12%
EIXE 5: DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE LOCAL E URBANO							
OI 2	56	Protección e desenvolvemento do patrimonio natural	√	24.492.954,00	-	10,54%	1,12%
OI 15	57	Outras axudas para a mellora dos servizos turísticos	√	28.188.292,00	11.033.778,00	16,88%	1,79%
OI 2	58	Protección e preservación do patrimonio cultural	√	11.179.809,00	-	4,81%	0,51%
OI 15	59	Desenvolvemento de infraestrutura cultural	√	10.655.735,00	-	4,59%	0,49%
OI 14	61	Proxectos integrados para a rexeneración urbana e rural	√	17.301.752,00	129.502.541,00	63,18%	6,70%
TOTAL EIXE 5				91.818.542,00	140.536.319,00	100,00%	10,60%
EIXE 6: INVESTIMENTO EN INFRAESTRUTURAS SOCIAIS							
OI 11	75	Infraestruturas en materia de educación	√	18.893.982,00	-	52,91%	0,86%
OI 13	76	Infraestruturas en materia de saúde	√	2.649.475,00	-	7,42%	0,12%
OI 15	77	Infraestruturas en materia de coidado de fillos	√	7.081.876,50	-	19,83%	0,32%
OI 15	79	Outra infraestrutura social	√	7.081.876,50	-	19,83%	0,32%
TOTAL EIXE 6				35.707.210,00	-	100,00%	1,63%
EIXE 7: ASISTENCIA TÉCNICA							
OI 12	85	Preparación, execución, seguimento e inspección	√	2.550.515,00	-	50,00%	0,12%
OI 12	86	Avallación e estudos: información e comunicación	√	2.550.515,00	-	50,00%	0,12%
TOTAL EIXE 7				5.101.030,00	-	100,00%	0,23%
TOTAL EIXES PO FEDER				1.020.206.010,00	1.171.338.331,00		
TOTAL PO GA FEDER 2007-2013					2.191.544.341,00		

Fonte: elaboración propia

Como exemplos ilustrativos desta subsidiariedade e adicionalidade, menciónase o feito de que algúns deles non foron seleccionados por estar prevista a súa execución por parte do sector privado en calquera caso, ou a incorporación dalgunha actuación non presentada inicialmente, pero necesaria para o cumprimento de Lisboa e acorde coas necesidades da rexión, tales como o transporte urbano limpo.

Neste sentido, son destacables as actuacións para as que a dispoñibilidade de cofinanciamento do FEDER é clave para a súa viabilidade e posta en marcha:

- Actuacións relativas a innovación e fomento da I+D e a sociedade do coñecemento que permitan fortalecer a capacidade na investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación, fomentar o espírito emprendedor e potenciar a creación e desenvolvemento de proxectos empresariais, e fomentar as novas tecnoloxías da información e as telecomunicacións e o desenvolvemento de políticas de I+D+i.
- Instrumentos financeiros específicos como JEREMIE para facilitar o acceso ao financiamento por parte da iniciativa empresarial, en especial das PEME.
- Actuacións de fomento do uso e investigación no ámbito das enerxías renovables como a hidroeléctrica, xeotérmica e outras, e actuacións relativas á eficiencia enerxética, coxeración e xestión enerxética.
- Actuacións de desenvolvemento sostible no ámbito local, centradas fundamentalmente en proxectos integrados para a rexeneración urbana e rural.

Outro dos aspectos destacables na avaliación do valor engadido comunitario do Programa operativo é a súa contribución en materia de **cohesión económica e social**. Neste sentido, cómpre sinalar que as actuacións que se vaian desenvolver en Galicia durante o período 2007-2013 contribúen, tal e como se expuxo, aos Obxectivos fixados pola Axenda de Lisboa, ás conclusións e orientacións xurdidas do Consello de Gotemburgo e ás diferentes orientacións estratéxicas comunitarias froito do traballo da Comisión.

Por último, cómpre destacar a **complementariedade** de gran parte das actuacións previstas para o período 2007-2013 cos diferentes plans elaborados pola Xunta de Galicia e por organismos estatais. Neste sentido, numerosas actuacións descritas no Programa operativo forman parte do desenvolvemento de plans xa en marcha como son:

- Plan nacional de reformas
- Plan galego de I+D+i 2006-2010
- Plan Estratéxico Galego da Sociedade da Información (PEGSI) 2007-2010
- Plan Ingenio nacional de I+D+i
- Plan de enerxías renovables (PER) 2000-2010
- Plans sectoriais de enerxía solar e biomasa
- Plan de Saneamento de Galicia 2000-2015
- Plan hidrolóxico de Galicia-Costa 2007-2017

- Plan Estratéxico das Infraestruturas do Transporte (PEIT) 2005-2020
- Plan de Reequilibrio Territorial

Precisamente coa posta en marcha deste Plan de reequilibrio refórzase o carácter adicional e de valor engadido dos Fondos Estruturais, xa que pon de manifesto aspectos de cohesión territorial moi ligados aos elementos da política de cohesión da UE, que se ven reforzados e enmarcados con carácter específico a través das intervencións dos Fondos Estruturais como instrumentos financeiros desta política.

En conclusión, o valor engadido comunitario do Programa operativo obsérvase, tal e como establecen as recomendacións realizadas pola Comisión, a través dos principios de partenariado, de subsidiariedade e de adicionalidade. Así mesmo, destaca a súa contribución en materia de cohesión económica e social e a súa complementariedade con plans estatais e autonómicos xa en marcha.

6.3. VALORACIÓN DOS IMPACTOS AGARDADOS

Este traballo presenta os resultados da avaliación *ex ante* dos impactos agardados dos investimentos cofinanciados que Galicia recibirá con cargo aos PO rexionalizados do FEDER e FSE durante o período de programación 2007-2013, que ascenden a 3.996 millóns de euros en 2007. Para iso, a partir fundamentalmente dos investimentos previstos en infraestruturas públicas, axudas a empresas e en recursos humanos, utilízase unha adaptación para a economía galega do modelo HERMIN-España. Os resultados obtidos suxiren que os efectos de demanda dos investimentos cofinanciados polo FEDER e o FSE suporán un estímulo medio do 1,77% para a produción real durante ese período, mentres que os efectos totais (de demanda e de externalidade de oferta) representarán un incremento medio do 2,04%. Este efecto total equivale a un diferencial na taxa de crecemento do PIB real anual de 0,29 puntos porcentuais durante o período 2007-2013, que levará unha renda por habitante (PIB *per capita*) de en termo medio 322 euros do ano 2000 superior á que resultaría en ausencia dos PO FEDER e FSE. Respecto ao mercado de traballo, estímase que os efectos totais dos investimentos cofinanciados polo FEDER e o FSE xerarán, como media durante o período 2007-2013, uns 15 mil empregos máis que os que se crearían no escenario de referencia (sen FEDER nin FSE), o cal se traduce nunha redución media da taxa de paro de 0,62 puntos porcentuais durante o mesmo período. As simulacións indican que este comportamento da produción e do emprego terá como resultado un lixeiro incremento na produtividade aparente do traballo (PIB por ocupado), que rexistrará unha taxa de crecemento anual medio do 0,91% cos investimentos cofinanciados polo FEDER e o FSE durante o período 2007-2013, fronte a unha taxa media do 0,73% en ausencia destes investimentos. Por último, o investimento cofinanciado dos PO examinados farán posible que o stock de capital privado en termos reais medrará a unha taxa media anual do 2,37% durante o período 2007-2013 (fronte a un crecemento do 2,02% en ausencia dos investimentos contemplados no PO FEDER), mentres que o stock de capital público medrará en termos reais a unha taxa media anual do 4,68% durante ese mesmo período (fronte a un crecemento do 3,80% en ausencia do FEDER).

7. CALIDADE DA EXECUCIÓN E MEDIDAS DE SEGUIMENTO

Para o desenvolvemento deste apartado levouse a cabo unha avaliación da calidade dos organismos e procedementos que van permitir a execución do programa, a súa xestión, seguimento e control, a publicidade, a difusión e o sistema de verificación dos sistemas e procedementos de xestión do Programa operativo.

En primeiro lugar, cómpre sinalar a **adecuación das competencias establecidas** en materia de xestión e de execución e dos mecanismos de coordinación e control postos en marcha tanto a nivel vertical como horizontal. Neste sentido, conséntase a coordinación entre os órganos xestores (Dirección Xeral de Planificación Económica e Fondos Comunitarios) e os órganos executores dos Fondos (departamentos e organismos encargados da execución das actuacións) a través da aplicación dos principios de coordinación efectiva, autonomía institucional, corresponsabilidade, transparencia e cooperación. Os mecanismos de coordinación entre órganos xestores e executores lévanse a cabo a través de comités de seguimento, a través da comunicación e intercambio continuo de datos e a través da utilización de ferramentas compartidas.

Por outra banda, levouse a cabo unha avaliación da **adecuación dos sistemas e procedementos** empregados na xestión das operacións cofinanciadas. Neste sentido, o sistema informático de xestión dos Fondos, permite a introdución do detalle das actuacións que se vaian desenvolver, o mantemento dun histórico de toda a información relativa á programación, contratos, control, etc., e a creación e mantemento de arquivos dixitais. En definitiva, o sistema permitirá levar a cabo un control dos procedementos a través da “administración sen papeis”.

Neste ámbito, estase a elaborar un manual xenérico de xestión dos Fondos Estruturais 2007-2013, que marcará as pautas para os organismos xestores da Administración autonómica de forma homoxénea e coordinada.

En canto á **dotación de recursos humanos e materiais** empregados, cómpre sinalar que tal e como se desprende de períodos anteriores, os recursos humanos e materiais asignados para garantir unha correcta xestión e seguimento da execución do PO son os axeitados.

No que respecta á aplicación dos **criterios e procedementos de selección de proxectos**, cómpre sinalar a súa adecuación e pertinencia con respecto aos obxectivos do Programa operativo e ás prioridades horizontais. Así, de acordo co art. 69 do Regulamento (CE) n.º 1083/2006, a autoridade de xestión informará os beneficiarios e a cidadanía en xeral das operacións e programas obxecto de cofinanciamento.

Por último, en canto á avaliación levada a cabo sobre a **adecuación do sistema de información, difusión e publicidade** con relación á intervención dos Fondos, compróbase a súa adecuación e o cumprimento dos principios comunitarios de publicidade e información sinalados no Regulamento (CE) n.º 1083/2006. Así, prevese a información aos beneficiarios e á cidadanía en xeral, e prevense os medios adecuados de difusión da información cara á opinión pública, utilizando en particular as novas tecnoloxías de información e comunicación.

ANEXO I

EFFECTOS DO PROGRAMA OPERATIVO FSE DE GALICIA 2007- 2013: UNHA ANÁLISE BASEADA NO MODELO HERMIN

Marzo de 2007

ÍNDICE

1. Metodoloxía.....	4
2. Os investimentos do FEDER e do FSE durante o período 2007-2013.....	6
3. Resultados das simulacións.....	9
3.1. Efectos sobre a produción e a renda por habitante.....	11
3.2. Efectos sobre o mercado de traballo.....	16
3.3. Efectos sobre a produtividade do traballo.....	21
3.4. Efectos sobre a capitalización da economía.....	23
3.5. Efectos de arrastre ata 2020.....	25
4. Consideracións finais.....	26
5. Cadros finais.....	27

INTRODUCCIÓN

A economía galega espera recibir da Unión Europea, dentro dos programas operativos de Galicia (PO) 2007-2013, axudas do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) e do Fondo Social Europeo (FSE) que, unha vez cofinanciadas polas autoridades estatais ou rexionais, suporán investimentos por un valor de 3.996 millóns de euros. Os mencionados investimentos concéntranse fundamentalmente en tres grandes áreas: investimento público en infraestruturas físicas e tecnolóxicas, axudas ao investimento produtivo privado e investimento en recursos humanos e capital humano.

O propósito deste Anexo é ofrecer unha avaliación, preliminar e ex ante, do impacto que estes investimentos terán sobre as principais variables macroeconómicas relativas á produción e o emprego rexionais. Para iso, a partir dalgúns supostos sobre a súa distribución anual, utilízase unha versión para a economía galega do modelo macroeconómico HERMIN para estimar tanto os efectos de oferta a longo prazo derivados do aumento do capital público, a capacidade produtiva privada e o capital humano que rexistra a rexión como consecuencia destas axudas, como os efectos de demanda rexistrados durante a realización dos investimentos.

No capítulo 1 expónse brevemente a metodoloxía empregada. A continuación ofrécese unha cuantificación a prezos constantes de 2000 dos investimentos FEDER e FSE que se agarda que reciba a economía galega durante o período 2007-2013, mentres que no capítulo 3 se presentan os principais efectos. Por último, no capítulo 4 recóllese unha serie de observacións finais.

1. METODOLOXÍA

Como se sinalou, para avaliar os efectos macroeconómicos utilizouse unha adaptación á economía galega do modelo HERMIN.

O modelo HERMIN tense utilizado en repetidas ocasións tanto para comparar as características estruturais das economías periféricas europeas como para a avaliación dos efectos macroeconómicos dos Marcos de Apoio Comunitario, do Mercado Único Europeo, do envellecemento da poboación, da ampliación da Unión Europea e dos servizos de atención á dependencia.

Trátase dun modelo convencional de estirpe keynesiana no cal os bloques de gasto e distribución da renda xeran os mecanismos gasto-renda estándar. Aínda así, o modelo tamén incorpora varias características neoclásicas, asociadas especialmente ao bloque de oferta. Así, a produción do sector privado non se determina exclusivamente pola demanda, senón que se ve influenciada tamén pola competitividade en custos e prezos, nun contexto de empresas que buscan o mínimo custo produtivo. Así mesmo, utilízase unha función de produción con elasticidade de substitución constante (CES), na que a ratio capital/traballo responde ao prezo relativo de ambos os dous factores. Por último, a inclusión dun mecanismo de curva de Phillips no mecanismo de negociación salarial introduce efectos adicionais de prezos relativos no modelo.

Para a adaptación do modelo HERMIN á economía galega utilizáronse datos da Contabilidade Rexional de España, da BDMORES, da Fundación BBVA-IVIE, da Enquisa de Poboación Activa, do Censo de Poboación, da Intervención Xeral da Administración do Estado, da Axencia Tributaria, do Fondo Monetario Internacional e da Comisión Europea coa finalidade de que o modelo utilizado posúa todas as características do modelo HERMIN, ademais das propias da economía galega que, para todos os efectos, se trata como unha pequena economía agregada.

Xa que o obxectivo último é identificar e modelizar as canles a través das que os investimentos do FEDER e do FSE poden afectar (e eventualmente acelerar) a economía galega, distínguense efectos de demanda e efectos de oferta.

Dende o lado da demanda, a realización dos proxectos supón un estímulo para a economía da man dun maior gasto público, que se transmite directamente na demanda e xa que logo na produción. Prodúcese ademais un impulso no emprego, a renda e os prezos e salarios. Pola súa banda, os efectos de oferta actúan a través dos custos, a produtividade e a competitividade, estimulando a produción, diminuindo as importacións e incrementando as exportacións. Ademais, ao expandir a capacidade produtiva atenúanse as presións inflacionistas orixinadas no lado da demanda.

Agrupáronse estes posibles efectos segundo os programas implicados:

- a) **Investimento público en infraestruturas:** o seu principal efecto é a redución nos custos de transporte e doutros servizos de comunicación, que repercuten nunha redución nos custos

de produción, aumenta a competitividade e estimula incrementos a longo prazo na produción e o emprego.

- b) **Investimento en recursos humanos:** este programa incrementa a eficiencia e produtividade dos traballadores beneficiados por este, reducindo os custos das empresas existentes, aumentando a calidade do produto producido e incentivando a creación de novas empresas que aproveiten o incremento en eficiencia e produtividade.
- c) **Axudas ao investimento produtivo:** este tipo de axudas están destinadas a impulsar actividades que se consideran importantes e desexables, o que dará lugar a un maior nivel de produción, exportacións e emprego.

Suponse que os beneficios económicos derivados de cada un dos programas se manifestan en forma de externalidades, tratando de capturalos modificando as ecuacións claves do modelo (as funcións de produción e de demanda de factores principalmente). En particular, teranse en conta dous tipos de externalidades: a primeira refírese ao incremento na produtividade dos factores privados, mentres que a segunda se relaciona cunha mellor calidade do produto ofrecido polo sector privado.

Respecto á primeira, se se considera a seguinte función de produción CES:

$$O = A \left\{ \delta (\exp(\lambda_L t) L)^{-\rho} + (1 - \delta) (\exp(\lambda_K t) K)^\rho \right\}^{-(1/\rho)}$$

(onde O, L e K representan, respectivamente, valor engadido, emprego e stock de capital, A é un parámetro de escala, $1/(1 + \rho)$ é a elasticidade de substitución, δ é un parámetro de intensidade de factores e λ_L e λ_K son as taxas de progreso técnico incorporado en traballo e capital, respectivamente), esta externalidade pódese incorporar endoxeneizando o parámetro de escala da seguinte forma para o investimento en infraestrutura pública (KGINF), en capital humano (KH) e en sector privado (K), respectivamente:

$$A_t = A_0 (KGINF_t / KGINF_0)^{\eta_1} (KH_t / KH_0)^{\eta_2} (K_t / K_0)^{\eta_3}$$

onde os subíndices t e 0 denotan stock acumulado con e sen investimentos do PO, e η_1 , η_2 e η_3 representan a elasticidade correspondente.

O segundo tipo de externalidade opera tanto directamente a través do efecto de cada un dos programas sobre a mellora na calidade da produción industrial (o que repercute nunha maior demanda exterior destes bens), como indirectamente a través dos maiores fluxos de investimento estranxeiro directo que derivarían da dispoñibilidade de persoal científico e técnico mellor cualificado e dunhas mellores infraestruturas, e a conseguinte modernización do equipo e das técnicas de produción das empresas participadas e a súa maior propensión exportadora. Para capturar este tipo de externalidade, relaciónase o crecemento no stock de infraestrutura, o incremento en capital humano e a maior dotación de capital privado sectorial coa medida da demanda exterior utilizada no modelo HERMIN, OW, (variable clave na determinación do nivel de produción do sector comerciable) da seguinte forma:

$$OWX = OW * (KGINF_t / KGINF_0)^{\eta_1} * (KH_t / KH_0)^{\eta_2} * (K_t / K_0)^{\eta_3}$$

Na avaliación empírica adóptanse os seguintes valores para as distintas elasticidades: $\eta_1=0,16$ (a partir da estimación dunha función de produción ampliada con capital público para Galicia), $\eta_2=0,07$ (a partir das estimacións sobre o rendemento social da educación e a formación profesional) e $\eta_3=0,10$ (a partir de información microeconómica sobre o MAC 1989-93).

Esta forma de introducir os efectos de oferta nun modelo econométrico convencional é, sen dúbida, un primeiro intento ad hoc dentro dun tratamento case sen explorar. Co obxecto de limitar os riscos adoptáronse os valores máis moderados das elasticidades suxeridos pola literatura e, na simulación, fíxose que os seus efectos madurasen progresivamente. É obvio que os resultados sobre os efectos de oferta dos investimentos dependerán do tamaño e velocidade de maduración das externalidades.

2. OS INVESTIMENTOS DO FEDER E DO FSE DURANTE O PERÍODO 2007-2013

Dado que tanto a Contabilidade Rexional de España (CRE) do Instituto Nacional de Estatística (INE) como EUROSTAT toman o ano 2000 como ano base para calcular as magnitudes a prezos constantes, o cadro 1 ofrece as estimacións para o deflactor do produto interior bruto (PIB) que se utilizaron para expresar as magnitudes nominais en reais. Cómpre sinalar que os datos para 2000-2005 son os que derivan directamente da CRE, mentres que os correspondentes aos anos 2006-2013 se basean nas proxeccións do modelo.

A conversión de euros 2007 a euros 2000, efectuouse deflactando polo factor correspondente a cada ano dende o 2007 ao 2000 os importes correspondentes a cada tipo de actuación: infraestruturas, investimento produtivo e recursos humanos, e sumando estes cálculos, tal como se reflicte no cadro 2.

Cómpre sinalar nese sentido que a proxección para 2006 do total do Estado utilizando a mesma metodoloxía replica exactamente o deflactor implícito do PIB español adiantado polo INE na súa Contabilidade Nacional Trimestral de España, o cal outorga certa confianza na proxección do PIB galego ata 2013. Ademais as cifras de inflación calculadas co deflactor do PIB galego ofrecen unha senda razoable do comportamento dos prezos durante a senda 2007-2013.

Cadro 1: Evolución do deflactor do PIB galego

Ano	Deflactor do PIB
2000	100.00
2001	103.93
2002	108.33
2003	112.94
2004	117.30
2005	122.21
2006	126.25
2007	130.19
2008	133.86
2009	137.65
2010	141.53
2011	145.53
2012	149.64
2013	153.87

Cadro 2: Conversión de euros 2007 a euros constantes de 2000

	Infraestruturas	Investimento produtivo	Recursos humanos	TOTAL
2007	383.884.079	90.657.623	60.569.364	535.111.067
2008	391.387.865	95.143.528	62.303.333	548.834.726
2009	399.703.096	96.613.570	63.540.382	559.857.048
2010	408.801.638	97.565.176	64.790.752	571.157.566
2011	418.082.146	98.535.817	66.066.130	582.684.093
2012	427.548.259	99.525.876	67.367.015	594.441.150
2013	412.118.178	122.809.130	69.158.099	604.085.407
2007-2013	2.841.525.262	700.850.720	453.795.076	3.996.171.059
Euros correntes				3.996

	Infraestruturas	Investimento produtivo	Recursos humanos	TOTAL	deflactor
2007	294.873.623	69.637.016	46.525.263	411.035.902	1,30
2008	292.381.517	71.075.809	46.542.943	410.000.269	1,34
2009	290.386.767	70.190.355	46.162.480	406.739.601	1,38
2010	288.835.271	68.933.833	45.777.347	403.546.452	1,42
2011	287.275.777	67.706.678	45.395.861	400.378.316	1,46
2012	285.708.903	66.508.115	45.017.973	397.234.991	1,50
2013	267.832.369	79.812.690	44.945.306	392.590.365	1,54
2007-2013	2.007.294.227	493.864.496	320.367.173	2.821.525.896	
Euros constantes de 2000				2.822	

O cadro 3 recolle as cifras anuais dos investimentos realizados en Galicia durante o período de programación comunitario 2007-2013, expresadas en euros de 2000. Estas cifras contemplan tanto as axudas recibidas da Unión Europea como o correspondente cofinanciamento por parte das autoridades estatais ou rexionais e preséntanse desagregadas nas categorías que se empregan na avaliación e que se mencionaron anteriormente (investimento público en infraestruturas, axudas ao investimento produtivo privado e investimento en recursos humanos). Como se aprecia no mencionado cadro, o total de investimentos elévase a 2.822 millóns de euros de 2000, que corresponden a 3.996 millóns a euros correntes de 2007, utilizando o deflactor do PIB galego.

Cadro 3: Detalle anual dos investimentos programados con axuda cofinanciada con fondos europeos por categorías


	Infraestruturas	Axudas a empresas	Capital humano	Total
2007	294.874	69.637	46.525	411.036
2008	292.382	71.076	46.543	410.000
2009	290.387	70.190	46.162	406.740
2010	288.835	68.934	45.777	403.546
2011	287.276	67.707	45.396	400.378
2012	285.709	66.508	45.018	397.235
2013	267.832	79.813	44.945	392.590
Total 07-13	2.007.294	493.864	320.367	2.821.526

Nota: Custo total en miles de euros de 2000

Fonte: Estimacións propias baseadas na adaptación do modelo Hermin a Galicia

No gráfico 1 amósase a participación dos investimentos recollidos no cadro 2 no PIB galego, ambas as dúas magnitudes expresadas en euros de 2000. Como pode apreciarse nese gráfico, os investimentos que se van avaliar supoñen un impacto inicial sobre a produción real do 1,03 por cento en 2000, diminuíndo logo gradualmente ata situarse nun 0,82 por cento en 2013. Por termo medio, os investimentos examinados representan un 0,93 por cento do PIB real de Galicia durante o período 2007-2013. Como se aprecia claramente no gráfico, os investimentos en infraestruturas supoñen, en media para o período 2007-2013, o 71,18 por cento do impacto total (0,66 por cento do PIB), contribuíndo as destinadas a empresas cun 17,47 por cento do estímulo total (0,16 por cento do PIB) e as dedicadas ao capital humano o 11,35 por cento restante (0,11 por cento do PIB).

Gráfico 1: Montantes dos investimentos programados con cargo a axudas cofinanciadas con fondos europeos como porcentaxe da produción real galega



Fonte: Estimacións propias baseadas na adaptación do modelo Hermin a Galicia

Nota: Porcentaxe do montante do custo total dos investimentos do FEDER e FSE en relación ao PIB, ambas as dúas magnitudes en euros de 2000

3. RESULTADOS DAS SIMULACIÓNS

Neste apartado preséntanse os resultados da avaliación dos efectos dos investimentos contemplados no FEDER e o FSE sobre a economía galega durante o período 2007-2013. Os seus efectos compáranse coa situación que prevalecería no caso da completa ausencia destes investimentos (escenario de referencia ou escenario sen axudas).

A realización deste exercicio de simulación requiriu a estimación e proxección dun gran número de variables económicas, que podemos clasificar en dous grandes grupos: variables macroeconómicas e variables demográficas.


En canto ás variables macroeconómicas (produción, prezos, etc.), estas foron xeradas polo modelo HERMIN-Galicia da seguinte maneira. En primeiro lugar, para o período 1980-2005, impúxose que o modelo dese xerado exactamente os datos históricos dispoñibles, mediante a incorporación de axustes constantes nas ecuacións de comportamento. En segundo lugar, para o período 2007-2013, procedeuse a proxectar as variables esóxenas baixo un escenario de "ausencia de cambio" e de "política económica neutral", un contorno internacional non inflacionario e a evolución das economías española e europea contemplada nos documentos Actualización do Programa de Estabilidade (2004-2008) e European Economy. Economic Forecasts. Autumn 2006 (elaborados, respectivamente, polo Ministerio de Economía e Facenda e a Comisión Europea), completados con escenarios prospectivos máis afastados no tempo elaborados pola Organización para a Cooperación e Desenvolvemento Económico (OCDE) e o Fondo Monetario Internacional (FMI).

Respecto á poboación, para o período 1996-2006, utilízanse as cifras oficiais de poboación que ofrece o INE a través do padrón municipal, mentres que para o período 2007-2013, se aplican ao dato oficial de poboación a xaneiro de 2006 as taxas de crecemento interanuais das proxeccións intercensais a un de xaneiro (escenario 1) para Galicia calculadas polo INE a partir do Censo de 2001.

3.1. EFECTOS SOBRE A PRODUCCIÓN E A RENDA POR HABITANTE

Dado que o interese primordial é o papel desempeñado polos fondos europeos examinados á hora de promover a cohesión económica, centrarémonos nos impactos sobre o PIB a prezos constantes de 2000 (PIB real). No gráfico 2 preséntanse os resultados en termos desta variable para tres simulacións: a primeira amosa unicamente os efectos de demanda; a segunda ten en conta unicamente os efectos de oferta; e a terceira considera os efectos totais (tanto de demanda como de oferta).

Gráfico 2: Efectos das axudas cofinanciadas sobre a produción real galega (detalle por tipos de efecto)



Nota: Desviación porcentual do PIB en euros de 2000 respecto ao escenario de referencia (sen axudas)

Fuente: Estimacións propias baseadas na adaptación do modelo Hermin a Galicia

Como se aprecia no gráfico 2, as simulacións realizadas suxiren que os efectos de demanda ou keynesianos incrementarán inicialmente o PIB real galego para logo reducirse progresivamente o seu efecto, observándose un incremento inicial dun 1,93 por cento sobre o escenario base (sen axudas europeas) en 2007 e, tras aumentar ata un 2,05 por cento en 2008, diminuír paulatinamente dende un 1,92 por cento en 2009 ata un 1,60 por cento en 2013. Pola súa banda, os efectos de oferta maniféstanse progresivamente, dado que se impuxo (como é habitual na literatura) que as externalidades se recollen gradualmente, observándose un aumento en 2007 dun 0,07 por cento sobre o escenario base (sen axudas), incrementándose logo pouco a pouco ata un 0,43 por cento en 2013. Por último, e tal como se aprecia no gráfico 2, estímase que os efectos totais (keynesianos e de externalidades) darán lugar a un PIB real un 2,00 por cento superior ao que se rexistraría no escenario base (sen axudas) en 2007, aumentando en 2008 ata un 2,21 por cento, para diminuír posteriormente pouco a pouco dende un 2,15 por cento en 2009 ata un 2,03 por cento en 2013. **Por termo medio, os resultados indican que os efectos de demanda derivados dos investimentos examinados suporán, no período 2007-2013, un estímulo da produción real do 1,82 por cento, mentres que os efectos de oferta incrementarán o PIB real nun 0,27 por cento, polo que se estima que o efecto medio conxunto ascenda ao 2,09 por cento.**

Cómpre sinalar por último que os efectos das axudas 2007-2013 se acumularían aos rexistrados sobre a produción galega como consecuencia dos anteriores períodos orzamentarios (1989-1993, 1994-1999 e 2000-2006), polo que o impulso total podería ser aínda maior ao engadirse o efecto das externalidades xeradas por este programa aos anteriormente executados.

O cadro 4 ofrece os resultados da simulación en termos do nivel de PIB real. Como se aprecia no cadro, o escenario sen axudas supón que, durante o período 2007-2013, a economía galega rexistrará unha taxa media de crecemento real anual (TCA) do 2,66 por cento (escenario sen efectos totais), fronte a un crecemento do 2,96 por cento que experimentarían de recibir as axudas cofinanciadas (escenario con axudas). **Este diferencial de 0,30 puntos porcentuais sería o plus de crecemento derivado da execución dos investimentos previstos para o período 2007-2013.** Pola súa banda, se só se tivesen en conta os efectos de oferta (excluíndo polo tanto os de demanda), as simulacións realizadas suxiren que a economía galega crecería a unha taxa real acumulativa do 2,72 por cento. Cómpre sinalar por último que, tal e como recollen a última columna do cadro 3 e o gráfico 3, a diferenza no valor da produción real entre os escenarios con axudas e sen efectos totais se sitúa en 800 millóns de euros de 2000 no ano 2007, aumentándose logo paulatinamente dende os 910 millóns de euros de 2000 en 2008 ata os 970 millóns de euros de 2000 no ano 2013, situándose a diferenza no valor medio do PIB real entre ambos os dous escenarios durante o período 2007-2013 en 914 millóns de euros de 2000.


Cadro 4: Efectos das axudas cofinanciadas sobre a produción real galega

	Con axudas (1)	Sen efectos demanda	Sen efectos totais (2)	Diferenza (1)-(2)
2006	38847347	38847347	38847347	0
2007	40010357	39240035	39210779	799578
2008	41216550	40372454	40306774	909776
2009	42423097	41610610	41512714	910384
2010	43668847	42873945	42747137	921709
2011	44954964	44171999	44018795	936170
2012	46282651	45507998	45332864	949787
2013	47653149	46888820	46683480	969669
TCA 06-13	2.96	2.72	2.66	0.30
Media 07-13	43744231	42952266	42830363	913868

Nota: Miles de euros de 2000

Fonte: Estimacións propias baseadas na adaptación do modelo Hermin a Galicia

Gráfico 3: Efectos das axudas cofinanciadas sobre a produción real galega



Nota: Diferenza no PIB real entre os escenarios con e sen FEDER en miles de euros de 2000

Pola súa banda, o cadro 5 presenta os resultados en termos de renda por habitante, aproximada como PIB real per capita. Como pode observarse no cadro, **entre 2007 e 2013, estímase que a renda por habitante será, en media, 331 euros de 2000 maior da que se rexistraría en ausencia dos investimentos cofinanciados con cargo ás axudas europeas.** Así mesmo, a última columna do cadro 4 e o gráfico 4 indican como a diferenza en renda per capita entre os escenarios con e sen axudas pasa de 289 euros de 2000 en 2007 a 352 euros de 2000 en 2013.


Cadro 5: Efectos das axudas cofinanciadas sobre a renda por habitante en Galicia

	Con axudas (1)	Sen efectos demanda	Sen efectos totais (2)	Diferenza (1)-(2)
2006	14037	14037	14037	0
2007	14450	14172	14161	289
2008	14885	14580	14556	329
2009	15326	15033	14997	329
2010	15788	15501	15455	333
2011	16271	15988	15932	339
2012	16772	16491	16428	344
2013	17292	17014	16940	352
TCA 06-13	3.02	2.79	2.72	0.30
Media 07-13	15826	15540	15496	331

Nota: Euros de 2000

Fonte: Proxeccións de poboación sobre a base do censo 2001 e estimacións propias baseadas na adaptación do modelo Hermin a Galicia

Gráfico 4: Efectos das axudas cofinanciadas sobre a renda por habitante en Galicia



Nota: Diferenza no PIB real por habitante entre os escenarios con e sen FEDER en euros de 2000

O cadro 6 amosa a situación relativa da renda real por habitante de Galicia respecto á media dos quince países que formaban a UE antes da ampliación de 2004 (EU-15), expresadas en número índice con valor 100 para a media UE-15 de cada ano e calculada en termos de paridade do poder adquisitivo. Como pode apreciarse, a diferenza neste índice entre os escenarios con e sen axudas cofinanciadas situaríase en dous puntos ao rematar o período orzamentario, **facendo posible unha converxencia real máis rápida, chegando acadar en 2013 o 80 por cento da renda media por habitante da UE-15.**

Cadro 6: Efectos das axudas cofinanciadas sobre a posición relativa da renda por habitante en Galicia respecto á media da Unión Europea dos quince

	Con axudas	Sen efectos totais
2006	73	73
2007	74	73
2008	75	74
2009	77	75
2010	78	76
2011	79	77
2012	80	78
2013	81	79


Nota: Renda por habitante en termos de paridade do poder adquisitivo con e sen axudas europeas, Índice EU15=100

Fonte: Proxeccións de poboación sobre a base do censo 2001 e estimacións propias baseadas na adaptación do modelo Hermin a Galicia

3.2. EFECTOS SOBRE O MERCADO DE TRABALLO

En canto ao emprego, o gráfico 5 ofrece as desviacións porcentuais no número de empregados respecto ao escenario de referencia (sen axudas). Como se aprecia neste gráfico, os resultados das simulacións suxiren que os efectos de demanda ou keynesianos incrementarán o emprego en 2007 nun 1,75 por cento, aumentando ata un 1,85 por cento en 2008, caendo entón de xeito progresivo dende un 1,73 por cento no ano 2009 ata un 1,46 por cento en 2013. Estímase así mesmo que os efectos totais (keynesianos e de externalidades) suporán un estímulo na ocupación do 1,60 por cento en 2007, para logo diminuír paulatinamente ata un 0,77 por cento no 2013. Isto débese a que se agarda que a maior dotación de infraestruturas públicas, de capital privado e de capital humano logrado cos investimentos cofinanciados con axudas europeas faga máis produtivos os factores privados e, entre outros efectos, se requiran menos cantidades de traballo. **Por termo medio, estímase que os efectos de demanda das axudas europeas suporán, no período 2007-2013, un incremento do emprego do 1,65 por cento, mentres que os efectos de oferta o reducirán nun 0,69 por cento, polo que esperamos que o efecto medio conxunto se sitúe nun 1,20 por cento.**

Gráfico 5: Efectos das axudas cofinanciadas sobre o emprego galego (I)



Nota: Desviación porcentual do emprego respecto ao escenario de referencia (sen axudas)

Fonte: Estimacións propias baseadas na adaptación do modelo Hermin a Galicia

No cadro 7 preséntanse os resultados en termos de número de empregos xerados baixo distintos escenarios. Como pode observarse, estímase que as axudas europeas farán posible que o emprego creza a unha taxa acumulativa anual do 2,03 por cento durante o período 2007-2013, fronte a un crecemento do 1,92 por cento que se rexistraría en ausencia dos devanditos investimentos. O gráfico 6 amosa as diferenzas en miles de empregos xerados ou mantidos no caso dos investimentos cofinanciados con axudas europeas (con axudas) fronte ao escenario de

referencia (sen efectos totais). Como se observa neste gráfico (e na última columna do cadro 6), os resultados das simulacións suxiren que os efectos totais das axudas europeas crearán, en 2007, 18.970 empregos máis que os que se rexistrarían no escenario de base (sen axudas), descendendo logo paulatinamente esa diferenza dende 19.170 empregos en 2008 ata os 10.333 empregos en 2013. **En termo medio, durante o período 2007-2013, os efectos totais das axudas europeas manterían ou xerarían 15.070 empregos máis ca os que se observarían no escenario de base (sen axudas).** Por último, cómpre salientar o feito de que durante o período 2007-2013 a suma acumulada de empregos creados polas axudas cofinanciadas ascende a 105.488.


Cadro 7: Efectos das axudas cofinanciadas sobre o emprego galego

	Con axudas (1)	Sen efectos demanda	Sen efectos totais (2)	Diferenza (1)-(2)
2006	1164	1164	1164	0
2007	1188	1167	1169	19
2008	1213	1190	1194	19
2009	1237	1216	1220	17
2010	1262	1241	1247	15
2011	1288	1267	1274	13
2012	1314	1294	1302	12
2013	1340	1321	1330	10
TCA 06-13	2.03	1.82	1.92	0.11
Media 07-13	1263	1242	1248	15

Nota: Miles de empregados

Fonte: EPA e estimacións propias baseadas na adaptación do modelo Hermin a Galicia

Gráfico 6: Efectos das axudas cofinanciadas sobre o emprego galego (II)



Nota: Diferenza en emprego entre os escenarios con e sen axudas, en persoas

O cadro 8 presenta os resultados obtidos nas simulacións en termos da taxa de emprego ou ocupación. Como se aprecia no cadro, no ano 2007 a taxa de emprego resultante do escenario con axudas cofinanciadas é superior á derivada do escenario sen axudas en 0,82 puntos porcentuais, aumentando esa diferenza a 0,86 puntos porcentuais en 2008, para diminuír logo gradualmente ata 0,52 puntos porcentuais en 2013, situándose a diferenza media durante este período de 0,70 puntos porcentuais. **Deste xeito, para o período 2007-2013, a taxa de emprego efectivamente observada rexistraría unha taxa do crecemento medio do 4,71 por cento, mentres que, baixo o escenario base (ausencia de axudas cofinanciadas) se observaría una taxa de crecemento do 4,59 por cento.** Aínda así, en 2010 non se acada o obxectivo establecido na Axenda de Lisboa relativo a obter unha taxa de emprego total do 70 por cento nese ano, malia que si se acada a do 66% presentada no PO para 2013.

Cadro 8: Efectos das axudas cofinanciadas sobre a taxa de emprego galega

	Con axudas (1)	Sen efectos demanda	Sen efectos totais (2)	Diferenza (1)-(2)
2006	49.07	49.07	49.07	0.00
2007	51.58	50.68	50.75	0.82
2008	54.16	53.16	53.31	0.86
2009	56.73	55.75	55.96	0.77
2010	59.37	58.40	58.67	0.70
2011	62.08	61.10	61.44	0.64
2012	64.85	63.87	64.26	0.59


2013	67.70	66.71	67.18	0.52
TCA 06-13	4.71	4.49	4.59	0.12
Media 07-13	59.50	58.52	58.80	0.70

Nota: Empregados como porcentaxe da poboación en idade de traballar

Fonte: EPA, Proxeccións de poboación sobre a base do censo 2001 e estimacións propias baseadas na adaptación do modelo Hermin a Galicia

No gráfico 7 ofrécese a diferenza entre as taxas de paro que se agarda que se obteñan baixo os diferentes efectos das axudas europeas. Como pode apreciarse, estímase que os efectos de demanda ou keynesianos reducirán a taxa de paro en 2007 en 0,93 puntos porcentuais e, tras incrementarse esa caída ata 0,98 puntos porcentuais en 2008, diminuír pouco a pouco posteriormente dende 0,92 puntos porcentuais en 2009 ata situarse en 0,77 puntos porcentuais en 2013. Pola súa banda, as simulacións indican que os efectos de oferta incrementarán progresivamente a taxa de paro a medida que van madurando as externalidades, dende 0,08 puntos porcentuais en 2007 ata a 0,36 puntos porcentuais en 2013. Como consecuencia, a taxa de paro resultante dos efectos totais é relativamente maior ca a obtida cando só operan os efectos de demanda. Por último, o cadro 9 presenta as taxas de paro que se rexistrarían con e sen axudas cofinanciadas. Para o ano 2007, a diferenza entre a taxa de paro resultante do escenario sen axudas resulta ser superior á derivada do escenario con axudas en 0,85 puntos porcentuais, diminuíndo gradualmente ata 0,41 puntos porcentuais en 2013. Así pois, para o período 2007-2013, o termo medio de diferenzas entre a taxa de paro que se agarda que se observe cos efectos totais das axudas europeas e a que se rexistraría baixo o escenario base (ausencia de axudas) sitúase en -0,64 puntos porcentuais. Como resultado deste comportamento, **prevese que a taxa de paro da economía galega experimente unha caída media anual do 1,99 por cento entre 2006 e 2013, fronte a unha redución do 1,23 por cento que rexistraría en ausencia das axudas cofinanciadas** (sen efectos totais).

Gráfico 7: Efectos das axudas cofinanciadas sobre a taxa de paro galega



Nota: Desviación da taxa de paro respecto ao escenario de referencia (sen axudas)

Fonte: Estimacións propias baseadas na adaptación do modelo Hermin a Galicia

Cadro 9: Efectos das axudas cofinanciadas sobre a taxa de paro galega

	Con axudas (1)	Sen efectos demanda	Sen efectos totais (2)	Diferenza (1)-(2)
2006	8.48	8.48	8.48	0.00
2007	8.32	9.25	9.17	-0.85
2008	8.16	9.15	9.00	-0.84
2009	8.00	8.92	8.73	-0.72
2010	7.84	8.72	8.47	-0.63
2011	7.69	8.52	8.23	-0.55
2012	7.53	8.33	8.01	-0.49
2013	7.37	8.14	7.78	-0.41
TCA 06-13	-1.99	-0.59	-1.23	-0.76
Media 07-13	7.84	8.72	8.49	-0.64

Nota: Parados como porcentaxe da poboación activa

Fonte: Estimacións propias baseadas na adaptación do modelo Hermin a Galicia

3.3. EFECTOS SOBRE A PRODUTIVIDADE DO TRABALLO

O cadro 10 presenta os resultados en termos de produtividade aparente do traballo (PIB real por ocupado), expresada en euros de 2000. Como se desprende deste cadro, as simulacións suxiren que, baixo o escenario das axudas cofinanciadas con cargo aos fondos europeos, **a produtividade aparente do traballo rexistrará unha taxa media de crecemento do 0,91 por cento entre 2006 e 2013, fronte a un crecemento do 0,72 por cento en ausencia devanditas axudas, o que representa unha ganancia de 0,18 puntos porcentuais**. Así mesmo, e tal como se aprecia na última columna do cadro 9, espérase que a diferenza en produtividade do traballo entre os escenarios con e sen axudas cofinanciadas aumente pouco a pouco dende 138 euros de 2000 no ano 2007 ata 453 euros de 2000 no ano 2013, sendo 312 euros de 2000 a diferenza media durante o período.


Cadro 10: Efectos das axudas cofinanciadas sobre a produtividade do traballo en Galicia

	Con axudas (1)	Sen efectos demanda	Sen efectos totais (2)	Diferenza (1)-(2)
2006	33.368	33.368	33.368	0
2007	33.674	33.613	33.537	138
2008	33.986	33.917	33.770	216
2009	34.291	34.226	34.018	274
2010	34.601	34.539	34.275	325
2011	34.913	34.854	34.542	371
2012	35.230	35.175	34.826	404
2013	35.550	35.497	35.097	453
TCA 06-13	0.91	0.89	0.72	0.18
Media 07-13	34.607	34.546	34.295	312

Nota: Produtividade aparente do traballo expresada en euros de 2000

Fonte: Estimacións propias baseadas na adaptación do modelo Hermin a Galicia

Gráfico 8: Efectos das axudas cofinanciadas sobre a produtividade do traballo en Galicia



Nota: Diferenza no PIB real por ocupado entre os escenarios con e sen axudas, en euros de 2000

3.4. EFECTOS SOBRE A CAPITALIZACIÓN DA ECONOMÍA

O cadro 11 amosa os resultados obtidos para o stock de capital privado baixo distintos escenarios. Como pode observarse, as simulacións indican que as axudas cofinanciadas con fondos europeos darán lugar a un incremento do stock de capital privado no ano 2007 en 529 mil euros de 2000 (diferenza entre os escenarios con axudas e sen efectos totais das axudas), aumentando esa diferenza paulatinamente ata 2,86 millóns de euros de 2000 en 2013, situándose a diferenza media en 1,80 millóns de euros de 2000 para o período 2007-2013. Como consecuencia, espérase que o stock de capital privado rexistre unha taxa media de crecemento anual do 2,37 por cento durante o período 2006-2013, fronte a un crecemento do 2,01 por cento que se daría en ausencia das axudas cofinanciadas, o que representa unha ganancia de 0,36 puntos porcentuais.

Cadro 11: Efectos das axudas cofinanciadas sobre o capital privado da economía galega

	Con axudas (1)	Sen efectos demanda	Sen efectos totais (2)	Diferenza (1)-(2)
2006	99.076	99.076	99.076	0
2007	101.950	101.419	101.420	529
2008	104.600	103.556	103.551	1.050
2009	107.006	105.520	105.502	1.504
2010	109.360	107.493	107.457	1.903
2011	111.766	109.570	109.514	2.252
2012	114.225	111.805	111.727	2.498
2013	116.738	113.983	113.874	2.864
TCA 06-13	2.37	2.02	2.01	0.36
Media 07-13	109.378	107.621	107.578	1.800

Nota: Stock de capital privado en miles euros de 2000

Fonte: Estimacións propias baseadas na adaptación do modelo Hermin a Galicia

Por último, o cadro 12 ofrece os resultados en termos do stock de capital público xerado baixo distintos escenarios. Como pode observarse, as simulacións suxiren que os investimentos previstos con cargo ás axudas cofinanciadas con fondos europeos incrementarán o stock de capital público no ano 2007 en 403 mil euros de 2000 (diferenza entre os escenarios con e sen axudas), aumentando esa diferenza gradualmente ata situarse en 2,55 millóns de euros de 2000

en 2013, sendo a diferenza media de 1,49 millóns de euros de 2000 para o período 2006-2013. Como resultado, estímase que as axudas cofinanciadas farán posible que o stock de capital público creza en Galicia a unha taxa media anual do 4,68 por cento durante o período 2006-2013, fronte a unha taxa media do 3,78 por cento que se rexistraría en ausencia destes investimentos, o que supón unha ganancia de 0,90 puntos porcentuais.

Cadro 12: Efectos das axudas cofinanciadas sobre o capital público da economía galega

	Con axudas (1)	Sen efectos demanda	Sen efectos totais (2)	Diferenza (1)-(2)
2006	31.514	31.514	31.514	0
2007	32.989	32.587	32.586	403
2008	34.533	33.744	33.742	791
2009	36.149	34.989	34.986	1.163
2010	37.841	36.323	36.317	1.524
2011	39.612	37.747	37.738	1.874
2012	41.466	39.320	39.309	2.158
2013	43.407	40.877	40.862	2.546
TCA 06-13	4.68	3.79	3.78	0.90
Media 07-13	38.000	36.512	36.506	1.494

Nota: Stock de capital público en miles euros de 2000


Fonte: Estimacións propias baseadas na adaptación do modelo Hermin a Galicia

3.5. EFECTOS DE ARRASTRE ATA 2020

Co obxecto de avaliar os efectos de arrastre das axudas cofinanciadas sobre a produción agregada real unha vez rematado o período orzamentario 2007-2013 e supoñendo que nese último ano se executa todo, procedeuse a realizar simulacións ata o ano 2020, cuxos resultados sobre o PIB a prezos constantes de 2000 se presentan no gráfico 9.

Para os efectos comparativos, vólvense presentar os resultados en termos desta variable para tres simulacións: a primeira amosa unicamente os efectos de demanda; a segunda ten en conta unicamente os efectos de oferta; e a terceira considera os efectos totais (tanto de demanda como de oferta). Como pode apreciarse, a partir de 2014 unicamente operan os efectos de oferta dos investimentos realizados, que van descendendo progresivamente dende 0,33 puntos porcentuais en 2014 ata 0,11 puntos en 2020. **Por termo medio, os resultados indican que estes efectos de oferta operativos no período 2014-2020 suporán un estímulo da produción real galega dun 0,20 por cento.**

Gráfico 9: Efectos das axudas cofinanciadas sobre a produción real galega ata o 2020



Nota: Desviación porcentual do PIB en euros de 2000 respecto ao escenario de referencia (sen axudas)

Fonte: Estimacións propias baseadas na adaptación do modelo Hermin a Galicia

4. CONSIDERACIÓNS FINAIS

Neste traballo ofreceuse unha estimación cuantitativa da orde de magnitude verosímil dos efectos que os investimentos, que Galicia espera cofinanciar con cargo ao FEDER e ao FSE durante o período de programación comunitario 2007-2013, poden ter sobre variables macroeconómicas claves como o PIB, a renda por habitante, o emprego, a taxa de paro, a produtividade do traballo e o stock de capital privado e público. Para isto, utilizouse unha adaptación á economía galega do modelo macroeconómico HERMIN-España, o que permite comparar a súa evolución con e sen os devanditos investimentos.

Moi resumidamente, os resultados das simulacións suxiren que a economía galega rexistrará unha taxa media anual de crecemento real durante o período 2006-2013 do 2,96 por cento coas axudas europeas, fronte a un 2,66 por cento que se rexistraría en ausencia desas axudas. Estímase que iso suporá un aumento medio de 331 euros de 2000 na renda real por habitante de Galicia durante o período de vixencia dos investimentos, facendo posible que en 2013 acade o 81 por cento da renda media da UE15. Así mesmo, o efecto agregado das axudas europeas sobre o mercado de traballo cífrase nun incremento acumulado durante o período 2007-2013 de preto de 106 mil postos de traballo, o que á súa vez supón unha redución media na taxa de paro en 0,64 puntos porcentuais nos anos 2007-2013 en comparación da situación que se daría de non se recibiren as axudas europeas. Pola súa banda, estímase que a taxa de emprego se incrementará ata o 67,67 por cento en 2013 con axudas europeas, mentres que, baixo o escenario sen axudas europeas só aumentaría ata o 67,18 por cento. Respecto á produtividade do traballo, agárdase un incremento medio de 312 euros de 2000 respecto á que se rexistraría sen os investimentos previstos con cargo ás axudas europeas. Por último, o efecto medio estimado sobre o stock de capital privado ascende a 1,80 millóns de euros de 2000, mentres que o impacto medio sobre o stock de capital público se sitúa en 1,49 millóns de euros de 2000.

Ao estender a análise ata o ano 2020, permitindo que se manifesten os efectos de oferta dos investimentos realizados máis aló do período orzamentario 2007-2013, obtense un estímulo medio sobre a produción real galega dun 0,20 por cento no período 2014-2020.

Aínda que como en todo traballo empírico, as limitacións derivadas dos distintos supostos que se foron adoptando ao longo do traballo levan que os valores obtidos deben interpretarse con cautela (especialmente cando se expresan como “contrafactuais” de situacións que non ocorreron aínda), dos resultados das simulacións dedúcese que os investimentos en infraestruturas, axudas a empresas e capital humano que se prevé cofinanciar con cargo ao FEDER e o FSE para o período orzamentario 2007-2013 constituirán un elemento dinamizador da economía galega, coadxuvando significativamente á creación de riqueza e emprego na rexión.

5. CADROS FINAIS

Achéganse finalmente os cadros de resumo final coas principais variables e magnitudes máis relevantes.

Cadro 13 Resumo dos efectos das axudas cofinanciadas sobre as taxas de crecemento das principais magnitudes (2007-2013) Variación porcentual

	con axudas	sen axudas
PIB real	2.96	2.66
Emprego	2.03	1.92
Renda por habitante	3.02	2.72
Renda por habitante (converxencia con Europa. Índice EU-15)	1.49	1.20
Stock de capital privado	2.37	2.01
Stock de capital público	4.68	3.78
Produtividade	0.91	0.72
Taxa de paro	-1.99	-1.23
Taxa de emprego	4.71	4.59

Cadro 14. Resumo dos efectos das axudas cofinanciadas sobre os niveis das principais magnitudes (media 2007-2013)

	con axudas	sen axudas
PIB real	43.744.231	42.830.363
Emprego (miles)	1.263	1.248
Renda por habitante (euros correntes)	15.826	15.496
%renda europea EU-15=100.	78	76
Stock de capital privado	109.378	107.578
Stock de capital público	38.000	36.506
Produtividade aparente	34.607	34.295
Taxa de paro	7.84	8.49
Taxa de emprego	59.50	58.80

Nota: PIB real e stocks de capital en miles de euros de 2000, Emprego en miles de persoas, Renda por habitante e produtividade en euros de 2000, Taxa de paro en parados como porcentaxe de poboación activa e Taxa de emprego en ocupados como porcentaxe de poboación en idade de traballar

Resumo dos efectos totais das axudas cofinanciadas sobre o PIB real galego

	2007-2013	2014-2020	2007-2020
PIB real	2.09	0.20	1.14

Nota: Desviación porcentual do PIB en euros de 2000 respecto ao escenario de referencia (sen axudas)